

Contos do día e da noite

Guy de Maupassant

Tradución de Isabel Soto



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Guy de Maupassant

Contos do día e da noite

Versión galega de Isabel Soto

Corrección: Alejandro Tovar

O crime do tío Boniface

Aquel día, o carteiro Boniface, ao saír da estafeta de correos, calculou que a súa rolda había durar ben menos que de costume e sentiu unha grande alegría. Era o encargado das aldeas dos arredores da vila de Vireville, e cando ao rematar a xornada á tardiña tornaba a paso de boi por mor da fatiga, por veces xa levaba máis de corenta quilómetros riba das pernas.

Así pois, aquel día remataría axiña co repartimento; mesmo podería ruar un pouco pola estrada e estar de volta na casa contra as tres. Que sorte!

Saíu da vila polo camiño de Sennemare e comezou a faena. Corría o mes de xuño, verde, florido e vizoso nas chairas.

O home, vestido coa súa blusa azul e cun quepis negro cun galón vermello na cabeza, atravesaba por estreitas vereas as veigas de colza, de avea ou de trigo, afundido até os ombreiros entre as pabeas. A súa cabeza, ao pasar por riba das espigas, parecía aboiar nun mar calmo e verde que unha lixeira brisa abaneaba suavemente.

Entraba nas granxas polo valo de madeira chantado nos ribazos que ensombrecían dúas ringleiras de faias, e saudando polo seu nome o paisano: «Bo día, tío Chicot», entregáballe o seu xornal, *Le Petit Normand*. O labrego limpaba a man na cueira do pantalón, recollía a folla de papel e metíaa no peto para lela con vagar despois do xantar. O can, atado a un barril ao pé dunha

maceira abarculada, ladraba furioso tirando da cadea, e o repartidor, sen virarse, botaba a camiñar de novo coa súa prestancia militar, estirando as súas longas pernas, co brazo esquerdo na carteira e o dereito gobernando no caxato, que andaba en par del cun movemento continuo e apresurado.

Repartiu os diarios e as cartas na aldea de Sennemare, logo púxose en camiño a través dos campos para levarlle o correo ao recadador, que vivía nunha casa illada a un quilómetro da vila.

Tratábase dun novo recadador, o señor Chapatis, chegado había unha semana e casado recentemente. Recibía un xornal de París e, ás veces, o carteiro Boniface, se tiña tempo, botáballe unha ollada ao periódico antes de entregarllo ao seu destinatario.

Xa que logo, abriu a carteira, colleu o xornal, tiroulle a faixa facéndoa esvarar cara a fóra, desencartouno e principiou a lelo mentres seguía andando. A primeira páxina apenas lle interesaba; a política non lle chistaba; saltaba sempre as finanzas, pero os sucesos apaixonábano.

Aquel día viñan ben cumpridos. Mesmo se emocionou vivamente co relato dun crime cometido na vivenda dun gardamontes, así que parou no medio dunha leira de trevo para lelo con acougo. Os detalles eran arrepiantes. Un leñador, ao pasar pola mañá a carón da casa forestal, reparara en que había un pouco sangue na soleira, coma se alguén sangrase polo nariz. «Seguramente o garda mataría algún coello esta noite», pensou, pero ao se achegar, apercibiuse de que a porta estaba entreaberta e de que o peito fora rebentado.

Daquela, tomado polo medo, correu até a aldea para avisar o alcalde. Este colleu como reforzos o garda rural e mais o mestre, e os catro homes tornaron xuntos. Alí atoparon o gardamontes degolado diante da cheminea, a súa muller esganada embaixo da cama e a súa filla pequena de seis anos de idade afogada entre dous colchóns.

O carteiro Boniface quedou tan conmocionado pensando naquel asinato cuxas horribles circunstancias se lle aparecían seguido no maxín, que sentiu un desfalecemento nas pernas e berrou:

—Dodemo se non che hai xentiña ben canalla!

Despois, volveulle colocar o xornal dentro da faixa de papel e retomou a marcha, coa cabeza totalmente ocupada coa visión do crime. Non tardou en chegar á morada do señor Chapatis; abriu a cancela do pequeno xardín e chegouse á casa. Era un predio baixo que non tiña máis que planta baixa e un sobrado con bufarda. Quedaba separada uns cincocentos metros da casa máis próxima.

O carteiro subiu os dous banzos da escaleira de entrada, pousou a man no manubrio, tentou abrir a porta e decatouse de que estaba pechada. Entón caeu na conta de que as contraventás non estaban abertas e ninguén saíra aínda aquel día.

O desacougo invadiuno, pois o señor Chapatis, desde a súa chegada, adoitaba erguerse bastante cedo. Boniface tirou o reloxo. Aínda non eran as sete e dez da mañá, o cal quería dicir que viña con case unha hora de adianto. Tanto tiña, o recadador tería que estar xa a pé.

Daquela volteou toda a casa andando con coidado, coma se correse algún perigo. Non notou nada sospeitoso, como non fosen as pegadas dun home nunha platabanda de amorodos.

Pero de súpeto, ao pasar por diante dunha fiestra, ficou inmóbil, empiucado pola angustia. Alguén xemía na casa.

Achegouse e, chimpando un arró de tomiño, apegou a orella contra o beirado para escoitar mellor; certamente, alguén xemía. Oía con nitidez longos salaios queixosos, unha especie de arquexo, un ruído de loita. Despois, aqueles queixumes tornaron máis intensos, máis repetidos, aínda se acentuaron e mudaron en berros.

Boniface, xa sen dúbida ningunha de que se estaba a cometer un crime naquel mesmo momento na casa do recadador, chamoulles aos pés compañeiros, atravesou o pequeno xardín, lanzouse a través da chaira, tripando as pabaeas, correndo até quedar sen folgos, sacudindo a carteira que lle batía nos riles, e chegou, extenuado, abarquiñado e desaqueloutrado, á porta da xendarmaría.

O cabo Malautour amañaba unha cadeira rota coa axuda dunhas puntas e un martelo. O xendarme Rautier mantiña agarrado entre as súas pernas o moble estragado e termaba dun cravo nos bordos do rachón. O cabo, mordendo o bigote, concentrado e mirando en fite, martelaba a rentes dos dedos do seu subordinado.

O carteiro, ao que os viu, berroulles:

—Veñan axiña, están asasinando o recadador, axiña, axiña!

Os dous homes deixaron o seu traballo e miraron para el co aceno de estrañeza propio de alguén sorprendido e amocado.

Boniface, reparando en que se amosaban máis admirados que apurados, repetiu:

—Axiña! Axiña! Os ladróns están na casa, escoitei os berros, o tempo aperta.

O cabo, pousando o martelo no chan, preguntou:

—E como sabe vostede iso?

O carteiro recomezou:

—Eu íalle levar o xornal e mais dúas cartas cando me decatei de que a porta estaba pechada e de que o recadador aínda non se erguera. Dei unha volta ao redor da casa para me asegurar, e escoitei que alguén xemía coma se o estivesen esganando ou lle estivesen a rebandar a gorxa. Daquela saín a fume de carozo para vir onda vostedes. Temos que acudirilles axiña. Non hai tempo que perder.

O cabo, endereitándose, volveu preguntar:

—E logo como non os socorreu vostede mesmo?

O carteiro respondeu asustado:

—Tiña medo de que non abondase cun só home.

Por fin, o xendarme, xa convencido, anunciou:

—O tempo de vestirme e xa o sigo.

E entrou na xendarmaría canda o soldado, que levaba a cadeira.

Volveron aparecer deseguida e os tres puxéronse en marcha, a paso lixeiro, cara á escena do crime.

Ao que chegaron preto da casa, reduciron a marcha por precaución e o cabo tirou o seu revólver; logo entraron moi amodo no xardín e aconchegáronse á parede. Ningún novo rastro indicaba que os delincuentes marchasen. A porta e as fiestras seguían pechadas.

—Xa os temos —murmurou o cabo.

O tío Boniface, palpitando de emoción, fíxoo pasar do outro lado e amosándolle un beiril, dixo:

—É aí.

E o cabo avanzou el só e apegou a orella contra a madeira. Os outros dous agardaban, dispostos a todo, cos ollos fitos nel.

Permaneceu moito tempo inmóbil, escoitando. Para achegar mellor a cabeza á contra de madeira, quitara o tricorne e agarrábo coa man dereita.

Que estaría a escoitar? O seu rostro impasible non revelaba nada, pero de súpeto o seu mostacho reviritouse, as súas moufas engurráronse coma se estivese a rir a furto, e chimpando outra vez o arró de tomiño, volveu xunta os dous homes que ollaban para el con estupor.

Despois fíxolles sinal de que fosen tras del camiñando nos bicos dos pés; e, volvendo diante da entrada, mandoulle a Boniface que metese por baixo da porta o xornal e mais as cartas.

O carteiro, pampo de todo, deixouse guiar.

—E agora, en marcha —dixo o cabo.

Pero, logo de traspasaren a cancela, virouse cara ao carteiro e, con aire carallán, co beizo malicioso e ollada retranqueira e brillante de ledicia, espetoulle:

—Mira para o galopín!

O vello preguntou:

—E logo? Eu escoiteino, xúrolle que o escoitei.

Pero o xendarme, que xa non aturaba máis, atacou a rir. Ría coma se afogase, coas dúas mans na barriga, coma se rebentase, cos ollos cheos de bágoas, facendo horribles acenos arredor do nariz. E os outros dous, alarmados, miraban para el.

Pero como el non podía nin falar, nin parar de rir, nin facerlles comprender o que lle pasaba, fixo un xesto, un xesto vulgar e licencioso.

Como os outros seguían sen entender, repetiuno varias veces seguidas, acenando coa cabeza cara á casa, que seguía pechada.

E o seu soldado, comprendendo de socate, estoupou cunha alegría formidable.

O vello parecía un estúpido entre aqueles dous homes que se esmendrellaban de risa.

Por fin, o cabo acalmou e, palmeando a barriga do vello como un home que se está a burlar, berroulle:

—Carafio co algareiro! Maldito bromista! Heime lembrar toda a vida do crime do tío Boniface!

O carteiro abriu uns ollos enormes e repetiu:

—Xúrolle que o oín.

O cabo volveu rir. O seu xendarme sentara na herba do foxo para esmendrellarse a gusto.

—Ah! Así que o oíches? Seica é así como asasinas ti a túa muller, eh, vello leriante?

—A miña muller?...

E ensumiuse nas súas cavilacións un bo pedazo até que dixo:

—A miña muller... Si... berra cando lle dou unha palerma... Pero unha cousa é berrar e outra... Daquela iso significa que o señor Chapatis andaba a zoscar na muller?

Daquela o cabo, nun delirio de contentamento, virouno coma unha boneca, polos ombreiros, e soproulle na orella algo que deixou o outro apalermado de todo.

Despois, o vello, pensativo, murmurou:

—Non... así non, ho, de ningunha maneira. A miña... non di nada... Nunca se me ocorrería unha cousa tal... Calquera xuraría que se trataba dun martirio...

E, confuso, desorientado, avergoñado, retomou o seu camiño a través dos campos, mentres que o xendarme e o cabo seguían a rir e a berrarlle desde lonxe groseiras chanzas de cuartel e vían como se afastaba o seu quepis negro, por riba do tranquilo mar das veigas.

Rose

Semella que as dúas mozas están amortalladas nunha cama de flores. Viaxan soas no inmenso landó cargado de ramos, coma se fose un canistrel xigante. Riba do asento de diante van dúas cestas de satén branco cheas de violetas de Niza, e na pel de oso que lles cobre os xeonllos un monte de rosas, de mimosas, de alelís, de margaridas, de nardos e de azar, flores anoadas con fitas de seda que parecen esmagar aqueles dous delicados corpos e non permiten que dese leite brillante e perfumado sobresaian máis que os ombreiros, os brazos e un pouco os corpiños, un dos cales é branco e o outro lila.

A fusta do cocheiro leva unha envoltura de anemones, as bridas dos cabalos están acolchadas con labestros, os raios das rodas revestidos de resedas, e, no lugar dos farois, dous enormes ramalletes redondos simulan os dous ollos estraños da besta carroulana e florida.

O landó percorre ao trote a rúa de Antibes, precedido, seguido, acompañado por multitude doutros coches con grilandas, cheos de mulleres desaparecidas baixo unha enxurrada de violetas. Porque é a festa das flores en Cannes.

Arriban ao bulevar da Foncière, onde ten lugar a batalla. Ao longo da inmensa avenida, unha dobre ringleira de carrozas adornadas con grilandas vai e vén coma unha fita sen fin. Dun lado e do outro mandan flores que cruzan polo aire coma balas e que van bater nos frescos rostros, dan reviravoltas e volven caer no po, onde un exército de cativos as recolle.

Unha caterva compacta, colocada nas beirarrúas e retida por xendarmes a cabalo que pasan brutalmente e empuñan os peóns curiosos como para non permitirilles aos vilegos mesturarse cos ricos, mira, barullenta e tranquila.

Nos coches a xente chámase, recoñécese, metrállese con rosas. Un carro cheo de bonitas mulleres vestidas de vermello coma se fosen demos, chama a atención e fascina. Un señor que se asemella aos retratos de Henrique IV arrebola con relouco un enorme ramo preso cun elástico. Por medo a que as golpee, as mulleres tapan os ollos e os homes abaixan a cabeza, pero o

gracioso proxectil, lixeiro e dócil, describe unha curva e volve onda o seu amo, que axiña llo guinda a un novo rostro.

As dúas mozas novas baleiran a mancheas o seu arsenal e reciben unha choiva de ramos; despois, pasada unha hora da batalla, un pouco cansas por fin, ordénanlle ao cocheiro que colla o camiño do golfo Juan, que discorre pola beiramar.

O sol desaparece detrás do Esterel, debuxando en negro, nun poñente de lume, a silueta arpada da enorme montaña. O mar calmo esténdese azul e claro até o horizonte, onde se mestura co ceo, e a escuadra, ancorada no medio do golfo, arremeda un rabaño de animais monstruosos, inmóbiles na auga, animais apocalípticos, acoirazados e gobeludos, toucados con mastros débiles coma plumas e con ollos que se acenden cando chega a noite.

As mozas, tendidas baixo a pesada pel, miran languidamente. Unha delas di, por fin:

—Cantos seráns deliciosos hai onde todo semella agradable, non si, Margot?

—Si, estase ben. Pero sempre falta algo —responde a outra.

—E que é? Eu síntome completamente feliz. Non preciso nada.

—Si. O que pasa é que non te decatás. Sexa cal for o benestar que adormenta o noso corpo, sempre desexamos algo máis... para o corazón.

—Un pouco amor? —di a outra risona.

—Si.

As dúas calan e miran cara a diante. Logo, a que se chama Marguerite murmura:

—A vida sen amor paréceme insoportable. Necesito ser amada, aínda que sexa por un can. Polo demais, todas somos así, digas o que digas, Simone.

—Non tal, querida. Eu prefiro non ser amada por ninguén a selo por calquera. Ti cres que me resultaría agradable, por exemplo, ser amada por... por...

Percorre coa vista a vasta paisaxe na procura de alguén que poida amala. Despois de dar unha volta por todo horizonte, os seus ollos detéñense nos dous botóns metálicos que locen nas costas do cocheiro e prosegue, rindo:

—... polo meu cocheiro?

Margot esboza un sorriso e cuscubiña:

—Asegúroche que resulta moi divertido ser amada por un criado. A min pasoume dúas ou tres veces. Reviran os ollos dunha maneira tan graciosa que morres coa risa. Naturalmente, cómpre mostrarse máis severa canto máis namorados estean; despois, calquera día, con calquera escusa, non tes máis que poñelos no ollo da rúa, e listo, porque quedaríamos en ridículo se alguén se chegase a decatarse.

Simone escoita, fitando cara a diante. Logo apunta:

—Non, decididamente, o corazón do meu lacaio non me parecería abondo. Cántame, logo, como soubeches que te amaban.

—Sóubeno coma cos demais homes, cando tornou en aparrulado.

—A min os homes non me parecen tan babecos cando me aman.

—Compórtanse coma idiotas, querida, non son quen de falar, de responder, de entender nada.

—Pero, que era o que sentías ao ser amada por un criado? Estabas... emocionada..., afagada...?

—Emocionada? Non. Afagada? Si, un pouco. Unha séntese sempre afagada polo amor dun home, sexa quen sexa.

—Pero que dis, Margot!

—Si, querida. Verás, vouche contar unha singular aventura que me aconteceu. Ti verás que curioso e confuso é o que nos sucede neses casos.

»Haberá catro anos polo outono, atopábame sen doncela. Probara, unha tras outra, cinco ou seis que resultaron ser unhas ineptas, e xa case desistira de atopar ningunha cando lin nos anuncios por palabras dun xornal que unha rapariga que sabía coser, bordar e peitear, buscaba traballo e que proporcionaría inmellorables informes. Para máis, falaba inglés.

»Escribín ao enderezo indicado e, ao día seguinte, presentouse a persoa en cuestión. Era bastante alta, delgada, un pouco pálida e semellaba moi tímida. Tiña uns fermosos ollos negros, unha cute adorable e axiña me agradou. Pedinlle os

informes e entregoume un en inglés, pois, segundo dicía, viña da casa de Lady Rymwell, onde botara dez anos.

»O informe testemuñaba que a moza marchara por propia vontade para volver a Francia e que non había nada que reprocharlle durante o seu longo servizo, de non ser algo de *coquetería francesa*. O pudibundo xiro da frase inglesa fíxome sorrir e contratei de inmediato aquela doncela.

»Ese mesmo día entrou na miña casa; chamábase Rose.

»Ao cabo dun mes adorábaa.

»Era un descubrimento, unha xoia, unha marabilla. Tiña un gusto exquisito para peitear, encartaba os encaixes dos sombreiros mellor que as mellores modistas e mesmo sabía facer vestidos.

»Abraiábanme as súas aptitudes. Ninguén me servira nunca daquela maneira. Vestíame cunha lixeireza de mans asombrosa. Nada me resulta máis desagradable que o contacto coa man dun servente, pero eu non sentía nunca os seus dedos na miña pel. Axiña me avecei a unha excesiva preguiza, tan agradable me resultaba deixarme vestir, dos pés á cabeza e da camisa ás luvas, por aquela alta e tímida moza, que sempre se ruborizaba e non falaba nunca. Cando saía do baño, cofábame e dábame masaxes mentres soneaba un pouco no diván. Eu considerábaa, xaora, como unha amiga, aínda que de condición inferior, antes que como unha simple criada.

»Pois ben, unha mañá, o meu porteiro pediu falar comigo con gran misterio. Sorprendeume e mandeino pasar. Era un home moi seguro, un vello soldado, un antigo ordenanza do meu home. Semellaba enfasiado polo que tiña que dicirme. Por fin, balbuciu:

»—Señora, está abaixo o comisario de policía do barrio.

»—E que é o que quere? —pregunteille bruscamente.

»—Rexistrar a casa.

»Desde logo a policía é útil, pero eu detéstoa. Paréceme que non é un oficio nobre. Así que respondín, irritada e ofendida a un tempo:

»—E a conto de que vén este rexistro? Con que propósito? Non o deixarei entrar.

»O conserxe respondeu:

»—Afirma que temos un malfeitor agachado.

»Ante estas palabras collín medo e ordenei que entrase o comisario de policía onda min para que me dese unha explicación. Era un home bastante ben educado, condecorado coa Lexión de Honor. Escusouse, pediu perdón e logo aseguroume que entre a xente do meu servizo había un presidiario condenado a traballos forzados!

»Rebeleime e contesteille que respondía por todos os serventes da casa e mencioneillos un por un.

»—O conserxe, Pierre Courtin, un antigo soldado.

»—Non é el.

»—O cocheiro, François Pingau, un campesiño de Champagne, fillo dun granxeiro do meu pai.

»—Non é el..

»—Un mozo de corte, contratado igualmente en Champagne, e tamén fillo de campesiños que eu coñezo; finalmente, o lacaiio a quen acaba de ver.

»—Non é el.

»—Daquela, señor, está ben claro que se equivoca.

»—Perdón, señora, estou seguro de que non me equivoco. Como se trata dun criminal temible, tería vostede a xentileza de mandar comparecer aquí a toda a súa xente?

»Ao primeiro resistinme, despois cedín, e mandei subir a toda a miña xente, homes e mulleres.

»O comisario de policía examinounos dunha soa ollada e despois asegurou:

»—Non está todo o mundo.

»—Perdón, señor, xa non queda máis que unha doncela, unha moza que non é posible confundir cun condenado a cadea perpetua.

»—Podo vela tamén? —preguntou.

»—Desde logo.

»Chamei a Rose, que apareceu decontado. Non ben entrou no salón, o comisario fíxolles un aceno a dous homes que eu non vira e que estaban agachados tras da porta; botáronse riba dela, agarráronlle as mans e atáronllas con cordas.

»Eu berrei furiosa e quixen abalanzarme para defendela. O comisario detívome:

»—Esta moza, señora, é un home que se chama Jean-Nicolas Lecapet, condenado a morte en 1879 por asasinato precedido de violación. A súa pena foi conmutada pola de cadea perpetua. Hai catro meses que escapou e buscámolo desde aquela.

»Eu estaba espavorecida, aterrorizada. Non daba creto. O comisario volveu falar rindo:

»—Só podo ofrecerlle unha proba: leva unha tatuaxe no brazo dereito.

»Refucíronlle a manga dereita. Era certo.

»O home da policía engadiu con certo mal gusto:

»—Canto ás outras comprobacións, fíese de nós.

»E levaron a miña doncela!

»Pois ben, non sei se me cres, pero o que predominaba en min non era a cólera por ser burlada, enganada e ridiculizada; non era a vergoña por ser vestida, espida, manipulada e sobada por aquel home..., senón unha... fonda humillación... unha humillación de muller. Entendes?

—Non, non moi ben.

—A ver... Pensa un pouco... Aquel home fora condenado por violación... Pois ben, eu pensaba na muller a quen violara... e iso... iso humillábame. Velaí... Agora entendes?

E Margot non responde. Mira á fronte, coa vista fixa e chea de curiosidade, os dous relucentes botóns da librea, con ese sorriso de esfinxe que amosan por veces as mulleres.

O pai

Como vivía en Batignolles e estaba empregado no Ministerio de Instrución Pública, cada mañá collía o ómnibus para ir á oficina. E cada mañá viaxaba até o centro de París fronte por fronte dunha moza da que se namorou.

Ela acudía ao seu comercio todos os días á mesma hora. Era unha rapaza moreniña, desas morenas de ollos tan negros que parecen manchas e cuxa cute ten reflexos de marfil. Víaa aparecer sempre correndo pola esquina da mesma rúa para coller aquel coche de bote en bote. Corría de maneira apresurada, áxil e graciosa, e saltaba ao estribo antes de que os cabalos estivesen completamente parados. Logo internábase no vehículo alentando un pouco e, unha vez sentada, botaba unha ollada arredor.

A primeira vez que a viu, François Tessier sentiu que aquel rostro lle agradaba infinitamente. Ocorre ás veces que un ve mulleres ás que lle entran ganas de abrazar de inmediato e apaixonadamente mesmo sen as coñecer. Aquela moza respondía aos seus desexos máis íntimos, ás súas expectativas secretas, a esa sorte de ideal de amor que un acocha, sen sabelo, no fondo do corazón.

Alucábaa mesmo sen pretendelo. Molesta por aquela teimuda contemplación, arroibou. El decatouse e quixo afastar a mirada, pero non lle daba quitado os ollos de enriba, por moito que se esforzase en fixalos noutra parte.

Ao cabo duns días coñecéronse sen se falaren. El cedíalle o sitio cando o coche ía cheo e subía na imperial, aínda que iso o contrariaba. Agora ela saudábao cun doce sorriso e, por máis que decote abaixase os ollos ao sentir aquela mirada demasiado intensa, xa non parecía enfadada de que a contemplase daquel xeito.

Acabaron falando. Entre eles naceu unha especie de intimidade rápida, unha intimidade que duraba por volta dunha media hora diaria. Pero esa media hora era a máis marabillosa da súa vida. Cismaba nela o resto do tempo, víaa decontino durante as longas xeiras na oficina, obsesionado, posuído, invadido pola imaxe

flutuante e tenaz que a faciana de muller amada deixa en nós. Parecíalle que se posuise por enteiro aquela muller experimentaría unha tola felicidade, case por riba das realizacións humanas.

Agora cada mañá saudábanse cun apreixo de mans e el gardaba até a noite a sensación daquel contacto, a acordanza na súa carne da feble presión daqueles dedeiros, coma se conservase a súa pegada na pel.

Durante o resto do tempo agardaba ansiosamente aquela breve viaxe en ómnibus. E os domingos producíanlle un tedio desesperante.

Estaba claro que ela tamén o amaba, xa que un sábado de primavera aceptou ir comer con el ao día seguinte a Maisons-Laffitte.

Cando chegou á estación ela xa agardaba por el. Quedou sorprendido, pero ela díxolle:

—Antes de marchar, teño que falarlle. Temos vinte minutos; ben nos chegan.

Collida do seu brazo, cos ollos baixos e moi alba, falou tremelando:

—Non quero que se trabuque comigo. Son unha rapaza honrada e non seguirei adiante con vostede a non ser que me prometa, que me xure non facer... non facer nada... que sexa... que non sexa... decente...

De súpeto virouse máis encarnada que unha papoula. Calou. El non sabía que responder, feliz e decepcionado asemade. No fondo do seu corazón, talvez prefería que fose así; e non obstante..., non obstante aquela noite deixárase abarrelar por soños que lle puxeran lume nas veas. Amaríaa menos se fose de conduta lixeira, aínda que iso sería tan engaiolante e delicioso para el! E todos os cálculos egoístas dos homes en materia de amor atormentaban a súa alma.

Como el non dicía ren, ela deu en falar con voz emocionada, con bágoas asomándolle aos ollos:

—Se non me promete respectarme completamente, marchou para a casa.

—Prométollo. Fará vostede só o que desexe.

Xa máis tranquila, preguntou sorrindo:

—Fala en serio?

El mirouna no fondo dos ollos.

—Xúrollo!

—Collamos os billetes —dixo ela.

Durante o camiño case non puideron falar, pois o vagón ía cheo. Ao chegaren a Maisons-Laffitte, dirixíronse cara ao Sena.

A morna brisa adondaba a carne e a alma. O sol, que caía de cheo sobre o río, sobre as follas e o céspede, emitía mil reflexos de ledicia nos corpos e nos espíritos. Camiñaban collidos da man ao longo da ribeira, contemplando os peixiños que escorregaban en bandadas entre dúas augas. Paseaban embriagados de dita, como levantados da terra por unha felicidade apaixonada.

—Que tola debo parecerlle! —dixo ela por fin.

—Por que o di? —preguntou el.

Ela respondeu:

—Logo non é unha tolemia estar aquí completamente soa con vostede?

—De ningunha maneira! É moi normal.

—Non! Non! Para min non é normal, porque non quero deixarme seducir, e así é como se cae na tentación. Se vostede soubese! É tan triste facer acotío o mesmo, todos os días do mes e todos os meses do ano. Vivo coa miña nai. E como ela pasou moitas penalidades, nunca está contenta. Eu fago o que podó. Intento rir, pero non sempre o consigo. Tanto ten, non está ben que viñese. Polo menos, espero que non mo tome a mal.

Como resposta, bicouna ardentemente na orella. Pero ela afastouse del cun movemento brusco e dixo, incómoda:

—Señor François! Despois do que me xurou!

E colleron cara a Maisons-Laffitte.

Almorzaron no Petit-Havre, unha casa baixa, agochada baixo catro álamos enormes, ao bordo da auga.

O aire libre, a calor, o viño branco e o atordamento de estar un a carón do outro puxéronos encarnados, presos do tormento e do silencio.

Pero despois do café invadiunos unha inesperada ledicia e, logo de atravesaren o Sena, volveron pasear pola beira do río cara á vila de La Frette.

—Como se chama? —preguntou el de súpeto.

—Louise.

—Louise —repetiu el.

E xa non dixo máis nada.

O río, describindo unha longa curva, ía bañar ao lonxe unha ringleira de casas brancas que se espellaban na auga coa cabeza cara a abaixo. A moza collía margaridas e facía un voluminoso ramo campestre; el cantaba a berros, eufórico como un poldro que acaban de poñer a pastar.

Á súa esquerda, unha cuíña plantada de videiras seguía o curso do río. François detívose de súpeto e dixo con grande abraio:

—Mire!

Xa non había videiras e toda a pendente aparecía agora cuberta de lilas en flor. Era un bosque violeta!, unha especie de grande alfombra estendida sobre a terra que chegaba até a vila, máis abaixo, a dous ou tres quilómetros.

Ela ficou marabillada e emocionada.

—Oh! Que fermosura! —murmurou.

Atravesaron un campo e correron cara a aquel estraño outeiro, que fornecía cada ano as lilas que ofrecían por todo París as vendedoras ambulantes nos carriños. Un vieiro perdíase baixo os arbustos. Collérono, atoparon un pequeno clareiro e sentaron.

Lexións de moscas zoaban sobre eles e espallaban no aire un zunzún suave e continuo. E o sol, o sol radiante dun día sen brisa, alumaba a extensa e alegre cuíña e facía agromar daquel bosque de ramalletes un poderoso recendo, unha inmensa bafarada de perfumes, a suor das flores.

A campá dunha igrexa tanguía ao lonxe.

Tombados na herba, bicáronse moi devagariño e logo abrazáronse, sen conciencia de nada que non fose o seu bico. Ela pechara os ollos e cinguíao cos brazos, apreixándoo afervoadada, sen pensar en nada, coa razón perdida, adormentada da cabeza aos pés nunha espera apaixonada. Entregouse completamente sen saber o que facía, sen comprender nin tan sequera que o fixera.

Espertou no medio da loucura das grandes desgrazas e rompeu a chorar, xemendo de dor, co rostro encovado entre as mans.

El tentaba consolala. Pero ela quixo marchar, regresar decontado. E repetía sen cesar andando ás alancadas:

—Meu Deus! Meu Deus!

—Louise! Louise! Quedemos, por favor —dicía el.

Tiña as meixelas vermellas e os ollos afundidos. Cando chegaron á estación de París, marchou sen se despedir sequera.

Ao día seguinte, cando volveu atopala no ómnibus pareceulle cambiada, enfracuecida.

—Teño que falarlle. Baixemos no bulevar —díxolle.

Cando quedaron sós na beirarrúa, soltoulle:

—Temos que dicirnos adeus. Despois do que pasou non podo volver velo.

—Pero, por que? —farfallou el.

—Porque non podo. Fun culpable, pero xa non volverei selo.

Daquela el implorou, suplicou, torturado polo desexo, eslumecendo por tela para si no abandono absoluto das noites de amor.

Ela porfiaba:

—Non, non podo. Non, non podo.

Pero el animábase, excitábase máis. Prometeu casar con ela, pero ela insistiu:

—Non.

E marchou.

Durante oito días non a viu. Non puido atopala e como non tiña nin idea de onde vivía, creu que a perdera para sempre. Ao noveno día, á noite, petaron na súa porta. Foi abrir. Era ela. Botouse nos seus brazos e xa non se resistiu.

Foi a súa amante tres meses. Xa comezaba a estar canso dela cando lle comunicou que estaba encinta. Daquela non tivo máis que unha idea na cabeza: romper, fose como for.

Como non o conseguía, sen saber como actuar, sen saber que dicir, fondamente desacougado, medorento daquel neno que medraba, tomou unha decisión radical: unha noite mudou de casa e desapareceu.

Foi un golpe tan duro que non se decidiu a buscar a quen a abandonara daquel xeito. E botouse aos pés da súa nai confesándolle a súa desgraza. Meses máis tarde deu a luz un neno.

Decorreron os anos. François Tessier avellaba sen que ningún cambio se producise na súa vida. Levaba a existencia monótona e sombriza dos burócratas, sen esperanzas e sen expectativas. Erguíase decotío á mesma hora, camiñaba polas mesmas rúas, pasaba pola mesma porta perante o mesmo conserxe, entraba na mesma oficina, sentaba no mesmo asento e realizaba a mesma tarefa. Estaba completamente só no mundo; polo día, no medio dos seus indiferentes colegas; pola noite, no seu aloxamento de solteiro. Aforraba cen francos ao mes para a velleira.

Todos os domingos daba unha volta polos Champs-Élysées, coa intención de ver pasar xente elegante, carruaxes e mulleres bonitas. Ao día seguinte contáballe ao seu compañeiro de traballo:

—Onte o paseo do Bois estaba magnífico.

Ora ben, un domingo, por casualidade, paseando por rúas novas, entrou no parque Monceau. Era unha clara mañá de verán. As criadas e as mamás, sentadas ao longo das alamedas, miraban xogar os nenos diante delas.

De socato, François Tessier arreguizouse. Unha muller levaba da man dous rapaces: un neno pequeno de dez anos pouco máis ou menos e unha meniña duns catro anos. Era ela.

Deu aínda un cento de pasos e despois deixouse caer nun banco, acorado pola emoción. Non o recoñecera. Daquela volveu atrás para poder vela de novo. Sentara. O rapaz permanecía moi formal ao seu lado, en tanto que a cativa xogaba coa terra. Era ela, si, era ela. Tiña aspecto de dama seria, un porte resolto e digno e ía vestida con sinxeleza.

Ollouna desde a distancia, mais non se atreveu a achegarse. O rapaciño ergueu a cabeza. François Tessier púxose a tremer. Era o seu fillo, sen dúbida. Esculcouno e creu recoñecerse a si mesmo tal como era nunha foto feita anos atrás. E permaneceu agachado detrás dunha árbore, agardando a que ela marchase para seguila.

Á noite seguinte non durmiu. Aseteábao sobre todo a idea do neno. O seu fillo! Oh! Se puidese estar seguro? Pero que faría?

Vira a súa casa; informouse. Soubo que casara cun veciño, un home honrado de conduta irreprochable, conmovido polo seu desamparo. Aquel home, coñecedor da súa falta, perdooulla e mesmo recoñeceu o neno, o neno de François Tessier.

Volveu ao parque Monceau cada domingo. E cada domingo víaa e sentíase invadido por unhas ganas tolas, irresistibles, de coller o seu fillo no colo, de cubri-lo de bicos, de levalo, de roubalo. Sufría horriblemente no seu miserable illamento de vello solteirón sen afectos; sufría unha tortura atroz, esgazado por unha tenrura paternal cimentada nos remorsos, nas ganas, nos celos e na necesidade de amar os fillos que a natureza puxo nas entrañas dos seres.

Por fin, decidiuse a facer unha tentativa desesperada, e un día, achegándose a ela cando entraba no parque, díxolle, fincado no medio do camiño, lívido, cos beizos trementes:

—Non me recoñece?

Ela levantou a vista, mirouno, ceibou un berro de espanto, un berro de horror e, agarrando as mans dos fillos, fuxiu con eles a rastro.

El volveu á casa para chorar.

Pasaron uns meses máis. Xa non a volveu ver, pero sufría noite e día, roído, comesto pola súa tenrura de pai. Morría por bicar o seu fillo, sería quen de matar, de realizar calquera loucura, de desafiar todos os perigos, de tentar todos os ardimentos.

Escribiulle. Non lle respondeu. Despois de vinte cartas comprendeu que non había esperanzas de que cedese. Daquela tomou unha decisión desesperada e preparouse para recibir no corazón unha bala de revólver se fixer falla. Dirixiulle ao marido unha nota cunhas poucas frases:

Señor:

O meu nome debe ser horrible para vostede. Son tan desgraciado, estou tan torturado pola pena, que a miña única esperanza é vostede. Quero pedirlle unha entrevista de dez minutos.

Despídese atentamente etc.

Ao día seguinte recibiu a resposta:

Señor:

Quedamos o martes ás cinco.

Ao subir a escaleira, François Tessier paraba en cada banzo, de tanto como latexaba o seu corazón. No seu peito notaba un ruído apresurado como o galope dun animal, un ruído xordo e violento. Azazaba e tiña que agarrarse ao pasamáns para non caer.

Chamou no terceiro andar. Unha criada veulle abrir.

—O señor Flamel? —preguntou.

—Aquí é, señor. Entre.

E penetrou nun salón burgués. Estaba só; agardou, perdido, coma no medio dunha catástrofe.

Abriuse unha porta. Apareceu un home. Era alto, serio, tirando a gordo, cunha levita negra. Coa man sinaloulle un asento.

François Tessier sentou. Despois, con voz arquexante, dixo:

—Señor... señor... non sei se sabe quen son... se sabe...

O señor Flamel interrompeuno:

—É inútil, señor, seino todo. A miña muller faloume de vostede.

Tiña o ton digno dun home bo que quere ser severo, e a maxestade burguesa do home honrado. François Tessier proseguíu:

—Pois ben, señor, velaí. Morro de pena, de remorsos, de vergoña. Gustaríame, aínda que só fose unha vez, nada máis que unha vez, bicar... o neno...

M. Flamel ergueuse, abeirouse á cheminea e chamou. Apareceu a criada, a quen lle dixo:

—Vaia buscar a Louis.

A criada saíu e os dous quedaron fronte a fronte, mudos, sen nada que dicirse, agardando.

E, de súpeto, un rapaciño de dez anos precipitouse no salón e correu cara a quen cría que era o seu pai. Pero parou, confuso, ao se decatar da presenza dun estraño.

M. Flamel bicouno na fronte e díxolle:

—Agora dálle un bico ao señor, fillo.

E o rapaz achegouse amablemente mirando aquel descoñecido.

François Tessier erguérase. Deixou caer o sombreiro e a piques estivo de caer tamén el. Contemplaba o seu fillo.

M. Flamel, por delicadeza, virárase e miraba pola ventá.

O rapaz agardaba, moi sorprendido. Recolleu o sombreiro e entregoullo ao estraño. Entón François, collendo o pequeno nos brazos, púxose a bicalo coma un tolo por toda a cara, nos ollos, nas meixelas, na boca, nos cabelos.

O cativo, asustado por aquela enxurrada de bicos, procuraba evitalos, volvía a cabeza, afastaba coas súas pequenas mans os labios comellóns daquel home.

François Tessier deixouno no chan bruscamente e berrou:

—Adeus! Adeus!

E fuxiu coma un ladrón.

O segredo de Céleste

O sol do mediodía cae coma un balón sobre os campos que se estenden, ondulados, entre a foresta das granxas e as diversas colleitas; os centeos chegados e os trigos amarelentos, as aveas verdegaias, os trevos de intenso verdor despregan un gran manto raiado, bulideiro e suave sobre o ventre nu da terra.

Aló, no picouto dun cotarelo, en ringleira, coma se fosen soldados, unha interminable riola de vacas, unhas deitadas, outras de pé, remoen e pacen nun prado de trevo tan vasto coma un lago, chuscando os seus grandes ollos baixo a ardente luz.

E dúas mulleres, nai e filla, camiñan arrandeándose cara a aquel armentío, unha diante da outra, por un vieiro aberto entre as colleitas. Levan cadanseu balde de zinc, manténdoo afastado do corpo coa axuda dun arco de barrica; e o metal, a cada paso que dan, ceiba unha chama cegadora e branca baixo o sol que peta nel.

Non falan nada. Van munguir as vacas. Chegan, pousan o balde no chan e achéganse ás dúas primeiras, obrigándoas a se ergueren cunha zocada no lombo. O animal álzase engorde, ao primeiro riba das patas de diante, logo levanta con máis esforzo as súas amplas ancas, que semellan pesadas polos enormes ubres de carne loura e colgante.

E as dúas Malivoire, nai e filla, de xeonllos debaixo do ventre da vaca, tiran dos tetos inchados cun vivo movemento das mans, até que quitan con cada presión un delgado fío de leite no balde. A espuma un pouco amarelada ascende até os bordos e as mulleres van de animal en animal até a fin da longa ringleira. Ao que rematan de munguir unha, desprázana, dándolle a pastar un trisco de herba intacto.

E logo marchan, cargadas co peso do leite, a nai diante, a filla detrás. Acontece que esta para de socato, pousa a súa carga, senta e rompe a chorar.

A nai Malivoire non a sente camiñar, así que se vira e fica pampa.

—Que tes? —dille.

E a filla, Céleste, unha graúda rubia de cabelos acendidos, coas fazulas encarnadas e luxadas de pencas, coma se lle caesen

na face pingas de lume un día que traballaba á raxeira, musita entre doces xemidos, como fan os rapaces tras levaren unhas azoutas:

—Non podo co leite!

A nai mira para ela maliciándose e repite:

—Que tes?

Céleste replica, esbarrigada no chan entre os seus dous baldes e agochando os ollos co mantelo:

—Pesan moito. Non dou.

A nai, por terceira vez pregunta:

—Que tes?

E a moza laia:

—Coido que estou preñe.

E salouca.

Entón, a vella tamén pousa a carga, tan pampa que non se lle ocorre dicir nada. Por fin farfalla:

—Pe... pe... pero como vas estar preñe, desgraciada, como é posible?

Os Malivoire eran uns ricos granxeiros, xente con posibles, ponderados, respectados, cucos e podentes.

—Pois case estou certa —tatabexa Céleste.

A nai, asustada, fita a súa filla, que se amosa abatida e esbagoa. Ao cabo duns segundos bérralle:

—Preñe! Estás preñe! E con quen andaches fochicando, zolada?

E Céleste, totalmente copada pola emoción, musita:

—Coido que foi no coche do Polyte.

A vella tentaba entender, buscaba adiviñar, buscaba saber quen puidera desgraciarlle a filla. Se aínda fose un mozo ben rico e ben visto, xa se vería de amañar a cousa. Sería un mal menor. Non era a primeira a quen lle sucedía cousa tal, aínda que, fose como for, supoñía unha gran contrariedade en vista dos comentarios e da súa posición. Vólvelle preguntar:

—E quen foi o que che fixo iso, coiruda?

E Céleste, disposta a confesalo todo, zazamelea:

—Coido que foi o Polyte.

Daquela a señora Malivoire, levada pola cólera, abalánzase sobre a filla e comeza a bater nela con tal frenesí que perde a cofia. Malla nela canto quere arreándolle moquetes na cabeza, no lombo,

en todas partes, e Céleste, deitada entre os dous baldes que a protexen un pouco, só agacha o rostro entre as mans.

As vacas, apampadas, deixan de pacer, e, volteadas, miran cos seus grandes ollos. A última múa, co fociño estirado cara ás mulleres.

Logo de zoscarlle até perder os folgos, a señora Malivoire, sufocada, para; mais ao que se recupera un algo, quere informarse polo miúdo da situación:

—O Polyte! Malia! Como é posible? Como puideches trebellar co cocheiro da dilixencia? Seica perdiches o sentido? Ese baldrogas debeu de che botar un feitizo!

E Céleste, que segue deitada, murmura dende a poeira:

—Eu non pagaba un peso no coche!

E a vella normanda comprende.

Mércores e sábados de cada semana, Céleste ía levar á vila os produtos da granxa, as galiñas, a manteiga e os ovos. Saía ás sete con dous grandes muñicos nos brazos: os produtos lácteos nun, os pitos no outro. Camiñaba até a estrada principal e alí agardaba polo coche de posta de Yvetot.

Pousaba as mercadorías no chan e sentaba no foio, mentres os pitos de aguzado e curto peteiro e os parrulos de ancho e plano bico, pasando a cabeza a través das varas de vimieiro, asomaban os seus ollos redondos, estúpidos e sorprendidos.

Axiña chegaba a tartana, unha especie de tulla amarela cuberta cunha capota de coiro negro, movendo o cu co brusco trote dun faco branco. E o Polyte, o cocheiro, un mozo parrelo e alegre, barrigán aínda que novo, e tan queimado polo sol e curtido polo vento, tan mollado polas bategadas e colorado pola augardente que tiña o rostro e o pescozo da cor dun ladrillo, berraba ao lonxe facendo estalar o seu látego:

—Bos días, señorita Céleste. Que tal está?

Ela entregáballe os muñicos, un despois do outro, e el colocábaos na imperial; logo subía levantando ben a perna para dar chegado ao estribo, amosando o carnoso papo da perna vestido

cunha media azul. E de cada vez o Polyte repetía a mesma brincadeira:

—Vaia, non enmagreceu nada.

E ela botábase a rir, pois parecíalle ben gracioso.

Despois lanzaba un «Arre, Cocotte» para axotar o seu ruín cabalo. Daquela Céleste, rebuscando o moedeiro no fondo do peto, tiraba amodo dez céntimos, seis por ela e catro polos muñicos, e entregáballos ao Polyte por riba do ombro. El apañábaos dicindo:

—Non ha ser hoxe a troula? —e esmendrellábase coa risa, virándose cara a ela para mirala a pracer.

A ela custáballe moito darlle ese medio franco de cada vez por tres quilómetros de camiño. E cando non tiña cartos aínda sufría máis, pois non se daba decidido a pagarlle cunha moeda de prata. E un día, no momento de pagar, preguntoulle:

—A unha boa clienta coma min, non debería cobrarlle máis que seis céntimos.

El botouse a rir:

—Seis céntimos, miña rula, vostede vale máis ca iso, xaora.

Ela porfiaba:

—Iso vén sendo non menos de dous francos ao mes.

—Vaites, eu teño a manga ancha e ben cambiaría os cartos por unha algeirada —berrou el xostregando no faco.

—Que di? —preguntou ela con cara de miñaxoia.

El divertíase tanto que afogaba por mor da risa.

—Unha algeirada é gardar o paxaro, home claro!, mozo e moza xogando ao tropicalllo.

Daquela ela entendeu, arrubiou e apuntou:

—Eu non lle son moito dese xogo, señor Polyte.

Pero el non se acovardou e repetiu, divertíndose cada vez máis:

—Vostede caerá, miña santa, unha esmorga entre moza e mozo!

E desde entón, cada vez que ela lle pagaba colleu o costume de preguntarlle:

—Non ha ser hoxe a troula?

Ela rebeiraba tamén e respondía:

—Hoxe non, señor Polyte, pero este sábado seguro!

E el escachaba a rir coma sempre:

—De acordo, para este sábado, lindaíña.

Ela calculaba para os seus adentros que nos dous meses que duraba o conto xa lle pagara ao Polyte cando menos corenta e oito francos, e corenta e oito francos no campo non se atopan no camiño. Tamén calculaba que en dous anos máis levaría pagados preto de cen francos.

De maneira que un día, un día de primavera que estaban sós, cando el lle preguntou segundo adoitaba facer: «Non ha ser hoxe a troula?», ela respondeu:

—Como vostede queira, señor Polyte.

El non se estrañou en absoluto e pinchou por riba do banco de atrás murmurando moi contento:

—Pois imos logo. Eu ben sabía que acabaría por chegar.

E o vello cabalo branco deu en trotar a pasos curtos cunha marcha tan tranquila que parecía bailar no sitio, xordo á voz que berraba ás veces desde o fondo do coche: «Arre logo, Cocotte. Arre logo, Cocotte».

Tres meses máis tarde Céleste decatouse de que estaba preñe.

Cóntalle todo isto á nai cunha voz chorosa. E a vella, pálida de carraxe, pregunta:

—E logo canto lle sacaches?

—Catro meses son oito francos polo menos —responde Céleste.

Daquela a rabia da aldeá desencadéase violentamente e caendo sobre a súa filla volve mallar nela até perder os folgos. Despois érguese e di:

—Dixécheslle a alguén que estabas preñada?

—Non, a ninguén, seguro.

—E por que non o dixeches?

—Porque daquela seguramente me faría pagar!

E a vella barrena; logo, volvendo coller os baldes, di:

—Veña, érguete e tenta moverte.

A seguir, despois dun silencio, engade:

—E non se che ocorra contarllo a ninguén, que aínda gañamos polo menos seis ou oito meses!

E Céleste érguese, chorando aínda, despeiteada e inchada, e bota a andar a paso de boi, murmurando:

—Abofé que non direi nada de nada.

O colar

Era unha desas fermosas e encantadoras mozas, nadas, como por unha reviravolta do destino, nunha familia de clase obreira. Non tiña dote, nin esperanzas nin tampouco maneira de ser coñecida, comprendida, amada, esposada por un home rico e distinguido, así que permitiu que a casasen cun humilde auxiliar do Ministerio de Instrución Pública.

Ao non ter posibles para se enfeitar, contentouse con ir como unha muller sinxela e astrosa, sen clase social, pois é sabido que as mulleres en absoluto posúen liñaxe nin estirpe de seu; a fermosura, a graza e o engado válenlles de caste e de avoengo. A finura innata, a elegancia instintiva e a aguda intelixencia das que dispoñen son a súa única xerarquía e o que iguala as fillas da plebe coas máis grandes damas.

A malpocada sufría sen tregua, ao se sentir nacida para todos os requintes e todos os luxos. Sufría pola pobreza da súa vivenda, pola miseria das paredes, polo desgaste das cadeiras, pola fealdade dos panos. Todas esas cousas, das que outra muller da súa condición nin sequera se apercibiría, atormentábana e indignábana.

Contemplar a moza bretoa que facía a limpeza da súa modesta casa espertaba nela fondas coitas e apaixonadas ilusións. Soñaba con antecámaras de caza acolchadas con tapices orientais, iluminadas por altos candeeiros de bronce, e mesmo con dous altos lacaios en calzón curto durmindo en anchas poltronas, amodorrados coa quentura do calorífero. Soñaba con grandes salóns gornecidos de sedas antigas, con mobles finos que exhibían prezadas figuriñas e con salas xeitosas e recendentes, dispostas para o parrafeo das cinco cos amigos máis íntimos, os homes máis coñecidos e procurados, cuxa atención todas as mulleres envexan e cobizan.

Cando sentaba a cear diante da mesa redonda cuberta cun mantel de tres días en fronte do home, que destapaba a sopeira declarando encantado: «Ah! Que bo cocido! Non hai nada mellor ca isto!», ela fantasiaba con ceas finas, con servizos de prata relucentes, con tapices poboando as paredes de personaxes antigos e de paxaros estraños no medio dun bosque máxico;

cismaba en pratos exquisitos servidos nunha vaixela marabillosa, coas galanterías moumeadas e escoitadas con sorriso de esfinxe mentres se degusta a rosada carne dunha troita ou as coxas dunha galiñola.

Non posuía traxes, nin xoias, ren, malia ser o único polo que adoecía; sentíase nada para aquel mundo. Eslumecía por agradar, por ser envexada, sedutora e refinada.

Tiña unha amiga rica, unha compañeira do internado a quen xa non acostumaba visitar, de tanto como sufría cando volvía de cas dela. E choraba durante días enteiros, de mágoa, de tristura, de desespero e de aflición.

Unha noitiña o seu home entrou na casa con expresión satisfeita e axitando na man un sobre ancho.

—Toma —dixo—, teño algo para ti.

A muller rachou o papel con celeridade e tirou unha carta que dicía:

«O ministro de Instrución Pública e a señora Georges Ramponneau róganlles ao señor e señora Loisel que lles fagan a honra de vir pasar o serán do luns 18 de xaneiro no palacete do Ministerio».

No canto de reloucar, tal como esperaba o seu home, guindou coa invitación na mesa, murmurando con desprezo:

—E que queres que faga con isto?

—Pero, querida, eu pensei que te alegrarías. Non saes nunca e esta é unha magnífica ocasión! Custoume un mundo conseguir esta invitación. Todo o mundo desexa asistir a este acto e as invitacións están moi solicitadas e repártense poucas entre os empregados. Terás oportunidade de ver a toda a alta sociedade.

Ela fitouno con carraxe e espetoulle impaciente:

—E que é o que pretendes que poña?

El non pensara niso, así que farfallou:

—E logo o vestido que levas ao teatro? A min paréceme que está moi ben...

Mais axiña calou, estupefacto, copado de todo ao ver que a súa muller daba en chorar. Dúas grosas bágoas esvarábanlle paseniño cara ás comisuras da boca.

—Pero, que é o que tes? —rosmou.

Facendo un violento esforzo, ela coutou a súa pena e respondeulle con voz calma, en tanto enxugaba as súas meixelas molladas:

—Nada. O que pasa é que non teño vestido, así que non poderei asistir a esa festa. Dálle a túa invitación a algún compañeiro que teña unha muller mellor vestida ca min.

El, desaquelado, contestou:

—A ver, Mathilde. Canto custaría unha roupa aceptable que che puidese servir para outras ocasións, algo sinxelo?

A muller cavilou uns segundos, botando contas e asemade calculando a suma que podía pedir sen provocar o rexeitamento inmediato e a exclamación espantada do aforrador empregado.

Por fin, respondeu titubeando:

—Non cho sei con certeza, pero paréceme que con catrocentos francos amañaría.

El palideceu un pouco, pois esa era precisamente a cantidade que reservara para mercar unha escopeta e deleitarse con excursións de caza o próximo verán na chaira de Nanterre, onde acudían algúns amigos a tirarlles ás lavecas os domingos. Con todo, dixo:

—De acordo. Douche catrocentos francos. Tenta mercar un vestido bonito.

O día da festa achegábase e a señora Loisel seguía a amosarse tristeira, inquieta, ansiosa. Porén, o seu vestido estaba listo. Un día o home faloulle:

—E agora que ocorre? Levas tres días moi rara.

—Preocúpame non ter unha alfaia, nin unha mísera pedra, nada que lucir enriba. Hei parecer unha esmoleira. Preferiría non asistir a ese serán —respondeu ela.

—Pois pon unhas flores naturais. É moi elegante esta tempada. Por dez francos podes mercar dúas ou tres rosas magníficas —propuxo el.

Mais ela non estaba nada convencida.

—Non... non hai nada máis humillante que ter pinta de pobre no medio de mulleres ricas.

Pero o marido berrou:

—Ben parva es! Vai onda a túa amiga, a señora Forestier, e pídlle que che empreste unhas xoias. Tes confianza con ela como para facelo.

Ela botou un berro de ledicia.

—É certo! Non se me ocorrera.

Ao día seguinte correu á casa da amiga e contoulle a súa desgraza. A señora Forestier foi ao seu armario con espello, colleu un cofre grande, levoullo, abriuno diante dela e díxolle:

—Escolle, querida.

Primeiro admirou uns brazaletes, logo un colar de perlas, despois unha cruz veneciana finamente traballada en ouro e pedras. A muller probaba as xoias diante do espello, dubidaba e non se daba decidido a quitelas e devolvelas. E seguía preguntando:

—Non tes nada máis?

—Si, busca. Non sei o que che pode gustar.

De súpeto, nunha caixa de satén negro, descubriu un soberbio colar de diamantes e o seu corazón deu en bater cun desexo imoderado. As súas mans tremían ao collelo. Abrochouno arredor da gorxa, riba do seu vestido cerrado, e quedou arroubada ante a súa imaxe.

—Poderías emprestarme isto, nada máis ca isto? —preguntou dubidosa e moi agoniada.

—Por suposto!

E axiña saltou ao pescozo da súa amiga, bicouna con arrebatado e marchou con aquel tesouro.

Chegou o día da festa. A señora Loisel acadou un grande éxito. Estaba máis fermosa que ningunha outra muller, máis elegante,

atractiva, riseira e toliña de ledicia. Todos os homes a miraban, preguntaban o seu nome, buscaban ser presentados. Todos os agregados do gabinete lle pedían valsear e o propio ministro tamén reparou nela.

Bailaba eufórica, en éxtase, ebria de pracer, e non pensaba noutra cousa que non fose no triunfo da súa fermosura, na gloria do seu éxito, como envolvida nunha sorte de nube de felicidade feita con todos aqueles cumprimentos, con todas aquelas admiracións, con todos aqueles desexos espertados, con esa vitoria que tan completa e doce resulta para o corazón das mulleres.

Marchou de alí contra as catro da mañá. O seu home durmía desde a medianoite nun pequeno salón deserto canda outros tres señores cuxas donas se divertían moito.

El botoulle polos ombros o abrigo que trouxera para a saída, a súa modesta roupa da vida cotiá, cuxa pobreza non casaba coa elegancia do vestido de baile. Ela notouno e quixo fuxir para que o resto das mulleres, adobiadas con suntuosos abrigos de peles, non o advertisen.

Loisel retíña:

—Agarda. Vas coller frío fóra. Vou chamar un coche de punto.

Pero ela non lle fixo caso ningún e comezou a baixar a escaleira ás alancadas. Xa no medio da rúa, non daban atopado coche e puxéronse a buscar berrándolles aos cocheiros que vían pasar ao lonxe.

Colleron cara ao Sena, desesperados, tremelicando. Por fin, nun peirao atoparon unha desas vellas carruaxes nocturnas que non aparecen polas rúas de París até o empardecer, coma se se avergoñasen da súa miseria durante o día.

O cupé deixounos na porta da casa, na rúa dos Martyrs, e subiron á casa a repelo. Para ela todo acabara. E a el o único que lle andaba pola cabeza era que ás dez da mañá tiña que estar no Ministerio.

A muller quitou a roupa coa que cubrira os ombreiros diante do espello, coa intención de gozar por última vez da súa gloria. Mais, de súpeto, soltou un berro. Xa non levaba o colar no pescozo!

O seu home, a medio espir, preguntoulle:

—Que é o que che pasa?

Ela volveuse cara a el, apesurada:

—Eu... eu... non teño o colar da señora Forestier.

El ergueuse, estarecido:

—Que...? Como...? Non é posible!

Lanzáronse axiña a buscar entre as pregas do vestido, entre as pregas do abrigo, nos petos, por todas partes. Pero non o atoparon.

—Estás segura de que aínda o tiñas ao saírmos do baile?

—Si, toqueino no vestíbulo do Ministerio.

—Pero se o perdeses na rúa decatariámonos cando caese. Debeu quedar na carruaxe.

—Se cadra si. Colliches o número?

—Eu non. E ti?

—Tampouco.

Fitáronse aterrados. Por fin, Loisel volveuse vestir.

—Vou percorrer a pé todo o traxecto que fixemos para ver se o atopo —díxolle.

E saíu. Ela quedou en camisón, sen folgos para deitarse, derrubada nunha cadeira, sen azos, coa mente en branco.

O seu home tornou por volta das sete. Non atopara nada.

Dirixiuse á comisaría de policía e logo aos xornais para ofrecer unha recompensa polo achado do colar, ás compañías de vehículos pequenos e a todos os sitios onde o empurraba a máis mínima esperanza.

Ela agardou o día enteiro, no mesmo estado de espanto diante daquel horrible desastre.

Loisel regresou pola tarde, coa face chuchada e albela; non descubrira nada.

—Hai que escribirlle á túa amiga para lle comunicar que che rompeu o pecho do colar e que o vas levar arranxar. Iso daranos tempo para buscar algunha solución —díxolle.

E ela escribiu ao seu ditado.

Ao cabo dunha semana perderan calquera esperanza. E Loisel, que revira cinco anos, manifestou:

—Temos que pensar en substituír a xoia.

Ao día seguinte colleron a caixa na que viña gardada e foron onda o xoieiro, cuxo nome estaba escrito no interior. O home consultou os seus libros e díxolles:

—Eu non vendín ese colar, señora; seguramente o que fixen foi proporcionar o estoxo.

Daquela peregrinaron de xoieiro en xoieiro, na procura dun colar semellante ao perdido, describíndoo de cor, os dous doentes de pesadume e de congoxa.

Ao cabo, nun comercio do Palais Royal atoparon un colar de diamantes que lles pareceu idéntico ao que buscaban. Valía corenta mil francos. Deixaríanllelo en trinta e seis mil.

Pregáronlle ao xoieiro que non o vendese antes de tres días e chegaron ao acordo de que el llelo volvería mercar por trinta e catro mil francos no caso de atoparen o orixinal antes de finais de febreiro.

Loisel posuía dezaoto mil francos que lle deixara o seu pai en herdanza. Pediría o resto de emprestado.

E tal fixo. PEDIULLE prestados mil francos a un, cincocentos a outro, cinco luíses por aquí, tres luíses por acolá. Asinou obrigas de pagamento, asumiu compromisos ruinosos, tivo tratos con logreiros e con todo tipo de prestamistas. Comprometeuno todo até a fin da súa existencia, arriscou a súa sinatura sen saber mesmo se podería chegar a devolver os cartos e, aterrorizado polas agonías que deparaba o futuro, pola negra miseria que se ía abater sobre el, pola perspectiva de todas as privacións físicas e de todas as torturas morais, foi buscar o colar novo, depositando riba do mostrador do tendeiro trinta e seis mil francos.

Cando a señora Loisel lle levou o colar á señora Forestier, esta díxolle, con aire ofendido.

—Si que tardaches en devolvermo. Seica non pensaches en que o podía precisar?

A súa amiga temía que abrise o estoxo, pero non o fixo. Se chegase a decatarse da substitución, que ía pensar? Que lle diría daquela? Non a tomaría por unha ladroa?

A señora Loisel coñeceu a vida horrible dos necesitados. De golpe tomou unha heroica determinación. Cumpría pagar aquela espantosa débeda. Ela pagaría. Botaron a criada, cambiaron de casa e alugaron unha mansarda.

De alí en diante coñeceu os vulgares traballos da limpeza e as odiosas angueiras da cociña. Lavou a vaixela, desgastando as súas rosadas unllas nas potas enfarrañadas e no fondo das cazolas; enxaboou a roupa branca, as camisas e mais os mulidos, que logo puña a secar nunha corda; baixou decotío á rúa as varreduras e subiu a auga, parando en cada piso para alentar. E, vestida como unha muller do pobo, foi á froitaría, ao ultramarinos, ao carnicero, sempre co cesto no brazo, releando, inxuriada, defendendo céntimo a céntimo o seu miserable diñeiro.

Cada mes tiñan que facer fronte ás obrigas de pagamento, renovar outras, gañar tempo.

O home traballaba pola tarde levando as contas dun comerciante e pola noite facía copias a cinco céntimos a páxina.

Aquela vida durou dez anos.

Ao cabo deles, liquidaran a débeda, pagárano todo, incluídas as taxas de usura e a acumulación dos xuros superpostos.

A señora Loisel agora semellaba unha vella. Convertérase na típica muller forte, dura e agreste dos matrimonios pobres. Mal peiteada, coa saia de través e as mans coloradas, falaba a berros e baldeaba o sollado. Pero ás veces, mentres o home estaba na oficina, sentaba ao pé da fiestra e daba en fantasiar con aquela tarde de outrora, con aquel baile ao que acudira tan elegante e no que fora tan encomiada.

Que sucedería se non chegase a perder aquel colar? Calquera sabe! Calquera sabe! Que singular e cambiante é a vida! Que pouco fai falla para perderte ou para salvarte!

Un domingo foi dar unha volta polos Champs-Élysées para se relaxar dos quefaceres rutineiros da semana. De súpeto reparou nunha muller que paseaba un neno. Tratábase da señora Forestier, sempre nova, fermosa e sedutora.

A señora Loisel sentiu unha grande emoción. Atreveríase a falarlle? Por que non? E agora que xa pagara, contaríallo todo. E logo non?

Achegóuselle.

—Bo día, Jeanne.

A outra non a recoñeceu e estrañouse de que aquela plebea lle falase con tanta familiaridade.

—Pero... señora!... Non sei... Creo que se engana —farfallou.

—Non tal. Son Mathilde Loisel.

A súa amiga soltou un berro.

—Oh!... Miña pobre Mathilde, moito cambiaches...!

—Si, des que non nos vemos, pasei tempos moi duros. E moitas das miñas miserias... foron por causa túa!

—Miña...? Por que?

—Lembras aquel colar de diamantes que me emprestaches para ir á festa do Ministerio?

—Lembro, si, e que?

—Pois ben, perdino.

—Como? Pero se mo devolviches.

—Devolvinche outro semellante. Tardamos dez anos en pagalo. Comprenderás que non resultou nada doado para nós, pois non tiñamos nada... En fin, agora xa acabou e síntome moi contenta.

A señora Forestier detivérase.

—Dime que mercaches un colar de diamantes para substituír o meu?

—Si. Ti nunca chegaches a decatarte, non si? Eran moi parecidos —revelou, sorrindo cunha ledicia orgullosa e inxenua.

A señora Forestier, extremadamente emocionada, colleuna das mans.

—Oh! Miña pobre Mathilde! Pero se o meu colar era falso. Valería como moito uns cincocentos francos!...

A felicidade

Era a hora do té, antes de que se precisase acender os quinqués. A quinta dominaba o mar, o solpor tinguíra o ceo de rosa, coma se o cofasen con po de ouro, e o Mediterráneo, sen unha onda, manso coma un sebo e aínda brillante baixo o esmorecente día, semellaba unha enorme chapa de metal puído.

Ao lonxe, contra o lado dereito, albiscábanse as montañas arpadas, que debuxaban o seu perfil negro no pálido púrpura do poñente.

Parrafeábase de amor, discutíase sobre ese vello tema, repetíanse cousas que xa se teñen dito ben de veces. A doce melancolía do crepúsculo delongaba as palabras, facía aboiar naquelas almas o entenrecemento, e a palabra «amor», que saía decontino quer por unha forte voz de home, quer por unha voz de muller de timbre lene, semellaba encher a sala, esvoazar coma un paxaro e pairar coma un espírito.

—É posible amar varios anos seguidos?

—Si —coidaban uns.

—Non —afirmaban outros.

Distinguíanse os casos, establecíanse límites, aludíase a exemplos, e todos, homes e mulleres, ensumidos nas perturbadoras acordanzas que espontaban, que non podían amentar e que lles coutaban a fala, se amosaban copados, latricaban dese feito banal e soberano, a avinza tenra e misteriosa de dous seres, cunha fonda emoción e un ardente interese. Até que de socato, alguén que tiña o ollar fito na distancia, berrou:

—Oh, mirade aló. Que é?

No mar, na liña horizonte, xurdía unha masa agrisada, enorme e nebulosa.

As mulleres erguéranse e enxergaban sen comprender aquela cousa sorprendente que endexamais viran.

—É Córsega! Avístase así dúas ou tres veces ao ano de se daren certos condicionamentos atmosféricos excepcionais, cando o ar, dunha perfecta limpidez, xa non a oculta con esa borraqueira de vapor de auga que vela sempre os lugares afastados —aclarou alguén.

Distinguíanse vagamente as cristas e mesmo pareceulles recoñecer a neve nos picotos. E todo o mundo quedaba abraiado, desacougado, case agoniado pola repentina aparición dun mundo, por aquela pantasma que nacía do mar. Se callar experimentaron miraxes, as mesmas dos que marcharon, como Colón, a sucар océanos inexplorados.

Daquela, un señor maior, que aínda non falara, interveu:

—Verán, coma se a propia illa desexase participar na nosa conversa e me lembrase un senlleiro sucedido, acordoume un exemplo admirable dun amor constante, dun amor extraordinariamente feliz. Aconteceu o seguinte.

»Hai cinco anos fixen unha viaxe a Córsega. Esa bravía illa é máis descoñecida e está máis lonxe de nós que América, aínda que se dexergue por veces desde as costas de Francia, coma hoxe.

»Imaxinen un mundo aínda caótico, un cordal de montañas que separan engrobas polas que descendem seimeiras. Nin unha chaila, só vagallóns de granito e xigantescas ondulacións de terra cubertas de bouza ou extensos soutos e piñeirais. É unha terra virxe, erma, deserta, aínda que por veces se perciba unha aldea semellante a unha morea de rochedos no cumio dun monte. Ningún cultivo, ningunha industria, ningunha arte. Imposible atopar un cavaco traballado, unha pedra esculpida; nin pegada do gusto infantil ou requintado dos devanceiros polos obxectos atractivos e fermosos. Iso é o que máis chama a atención nese soberbio e duro país: a indiferenza hereditaria pola procura das formas atractivas que chamamos arte.

»Italia, onde cada palacio, cheo de obras de arte, é unha obra mestra en si mesma, onde o mármore, a madeira, o bronce, o ferro, os metais e as pedras testemuñan o xenio do home, onde calquera pequeno e vedraño obxecto que anda polas vellas casas revela unha sublime preocupación polo engado, é para todos nós a patria sagrada que un ama, pois mostra e proba o esforzo, a grandeza, o poderío e o triunfo da intelixencia creadora.

»En fronte dela, a Córsega salvaxe ficou coma nos seus primeiros días. A xente vive nas súas casas rústicas, indiferente a

todo o que non atangue á súa propia existencia ou ás súas porfías familiares. E quedou con todos os defectos e as calidades das razas incultas: violenta, rancorosa, instintivamente sanguinaria, mais tamén hospitalaria, xenerosa, fiucega, inxenua, abrindo as portas aos viaxeiros en troco do mínimo aceno de simpatía.

»Desde había un mes, vadiaba eu por aquela magnífica illa, coa sensación de estar no cabo do mundo. Nin rastro de albergues, nin de tabernas, nin de estradas. Por carrouchos chégase a esas aldeas penduradas nas abas das montañas que dominan simas tortuosas desde as cales se escoita no serán o rumor continuo, a voz xorda e fonda das seimeiras. Peto nas portas das casas. Pido abeiro para pasar a noite e con quen vivir até o día seguinte. Sento á humilde mesa e durmimos baixo o pobre teito; pola mañá apertamos a man tendida polo noso anfitrión, que nos guía até a estrema da aldea.

»Deste xeito, un serán, despois de dez horas de camiño, cheguei a unha pequena morada illada no fondo dunha valiña que ía dar ao mar unha legua máis lonxe. As dúas inclinadas faldras da montaña, inzadas de poula, rochas esborralladas e grandes árbores, encerraban como dúas sombrizas murallas ese carriozo avesedo.

»Arredor do caseto, algunhas videiras, un pequeno xardín, e máis lonxe uns altos castiñeiros, por fin algo co que vivir, unha fortuna para aquel pobre país.

»A muller que me recibiu era vella, ríspeta pero limpa, o cal resultaba estraño. O home, sentado nunha cadeira de palla, ergueuse para saudarme; logo volveu sentar sen dicir palabra. A súa compañeira díxome:

»—Disimule; esta xordo. Ten oitenta e dous anos.

»Sorprendeume que falase o francés de Francia e pregunteille:

»—Non é vostede corsa?

»—Non, sómoslle do continente, pero vivimos aquí desde hai cincuenta anos —contestou.

»Aseñorouse de min unha sensación de congoxa e de medo só de pensar naqueles cincuenta anos pasados naquel cavorco sombrizo, tan lonxe das vilas onde vive a xente. Entrou un vello

pegureiro e puxémonos a cear unha sopa espesa na que coceran unhas poucas patacas, lardo e coia.

»Logo de rematar a parca comida, fun sentar na soleira, co corazón empiucado perante a morriña da amortuxada paisaxe, coutado por ese desamparo que ás veces se apodera dos viaxeiros nalgúns seráns tristesiros en lugares desolados. Semella que todo está a piques de acabar, a existencia e mais o universo, coma se se percibise decontado a espantosa miseria da vida, o illamento de todos, o nada de todo, e a negra soidade do corazón que se abarrela e se engana a si mesmo soñando deica a morte.

»A vella veu para onda min e, comesta por esa curiosidade que habita sempre no fondo das almas máis resignadas, preguntou:

»—Daquela vostede vén de Francia?

»—Si, viaxo por pracer.

»—Se cadra é vostede de París?

»—Non, son de Nancy.

»Notei coma se a axitase unha extraordinaria emoción. Como puiden adiviñalo ou, mellor dito, sentilo, iso non llo sei.

»—Vostede é de Nancy? —repetiu cunha voz calma.

»O home apareceu na porta, impasible coma todos os xordos.

»—Tanto ten, non oe nada —seguiu a muller.

»Despois, ao cabo dalgúns segundos:

»—Daquela coñecerá xente en Nancy.

»—Pois si, a case todo o mundo.

»—E a familia Sainte-Allaize?

»—Desde logo, e moi ben; eran amigos do meu pai.

»—Como se chama vostede?

»Díxenlle o meu nome. Fitoume e a seguir dixo, con esa voz baixa que espertan as lembranzas:

»—Si, si, ben me lembro. E que foi dos Brisemare?

»—Morreron todos.

»—Ah! E os Sirmont, coñéceos?

»—Si, o último é xeneral.

»Daquela, tremendo de emoción, de angustia, de non sei que sentimento confuso, poderoso e sagrado, de non sei que necesidade de confesar, de dicilo todo, de falar daquelas cousas

que até daquela mantivera encerradas no fondo do corazón e da xente cuxo nome conturbaba a súa alma, dixo:

»—Si, Henri de Sirmont. Ben o sei. É o meu irmán.

»E eu levantei a vista cara a ela, estupefacto. E de súpeto veume o acordo.

»Antano fora un grande escándalo na nobre Lorraine. Suzanne de Sirmont, unha rapaza nova, fermosa e rica fora raptada por un suboficial de húsares do rexemento que mandaba o seu pai. Aquel soldado que engarguelara a filla do seu coronel era un mozo guapo, fillo de campesiños, pero que lucía con elegancia a zamarra azul. Ela descubrírao, reparara nel, enchéralle o ollo ao velo desfilar nos escuadróns, sen dúbida. Pero, como conseguira falarlle, como puideran verse, entenderse? Como se atrevera ela a dicirlle que o amaba? Iso ninguén o soubo nunca.

»Ninguén adiviñara nin presentira ren. Un serán, cando o soldado acababa o seu servizo, desapareceu con ela. Buscáronos, pero non os atoparon. Endexamais se volveron ter novas deles e dérona por morta.

»E eu atopeina naquela sinistra vaganta.

»Daquela, intervín eu:

»—Si, ben me lembro. Vostede é a señorita Suzanne.

»Asentiu coa cabeza. Dos seus ollos escorregaban unhas bágoas, Daquela, acenando cara ao vello, inmóbil no limiar da casoupa, díxome:

»—É el.

»E comprendín que aínda o amaba, que devecía por el.

»—Polo menos, foi vostede feliz? —preguntei.

»E ela respondeume cunha voz que lle saía do corazón:

»—Oh, si, moi feliz! Fíxome moi feliz. Nunca lamentei nada.

»Eu ollaba para ela apesarado, sorprendido, marabillado polo poder do amor! Aquela moza rica seguira aquel home, aquel aldeán. Convertérase nunha labrega. Afixérase á vida sen encantos, sen luxos, sen delicadezas de ningunha clase. Pregárase aos seus sinxelos costumes. E aínda o amaba. Convertérase na muller dun paiolo, con gorro e saia de pano. Comía nun prato de barro riba dunha mesa de madeira, sentada nunha cadeira de palla, un fervido de coias e patacas con lardo. Durmía nun xergón a carón seu.

»Nunca pensara en nada máis ca nel! Non botara de menos nin os adornos, nin os enfeites, nin a elegancia, nin a moleza dos asentos, nin o recendente amornar dos apousentos arrodeados de tapizarías, nin a suavidade dos cobertores onde se mergullan os corpos para o repouso. Nunca tivera necesidade máis que del; con tal de que el estivese con ela, non desexaba outra cousa.

»Abandonara a vida moi nova, o mundo e aqueles que a educaran, que a amaran. Viñera soa canda el até esta salvaxe cárcava. E el fora todo para ela, todo o que podía desexar, todo o que soñaba, todo o que agardaba sen cesar, todo o que esperaba. El enchera de felicidade a súa existencia, de principio a fin.

»Non puido ser máis feliz.

»E durante toda a noite, escoitando a respiración rouca do vello soldado deitado no seu catre, a carón da que o seguira até tan lonxe, eu pensaba naquela estraña e simple aventura, naquela felicidade tan completa, alicerzada en tan pouco.

»E marchei coa luzada do día, despois de estreitar a man dos vellos esposos.

O contista calou e unha muller dixo:

—Tanto ten, ela tiña uns ideais demasiado sinxelos, necesidades demasiado primitivas e esixencias demasiado doadas. Foi ben parva.

—E que máis ten se foi feliz! —asegurou outra con voz calma.

»E aló, na liña do horizonte, Córsega afundíanse nas sombras, volvía paseniño ao mar, borraba a súa gran sombra, aparecida como para contar coa súa propia voz a historia dos dous humildes amantes que acubillaban as súas costas.

O vello

Un temperado sol de outono caía no curral da granxa sobre as altas faias dos foxos. Baixo a herba amosegada polas vacas, a húmida terra, enchoupada pola recente choiva, afundíase ao tripar cos pés cun chapinar de auga; e as maceiras, ateigadas de mazás, ciscaban os seus froitos dun verde pálido polo verde escuro da camposa.

Catro xovencas pastaban atadas en fileira, muando por momentos en dirección á casa. As galiñas garulaban na esterqueira, diante da corte, aparruñaban, buligaban, cacarexaban, mentres os dous galos cantaban sen paraxe e fochicaban na procura de vermes para as pitas, polas que chamaban con impaciencia.

Abriuse a cancela de madeira e entrou un home que andaría polos corenta anos, malia parecer un vello de sesenta polo seu rostro engurrado e esbrancuxado e porque ranqueaba ao camiñar por mor das pesadas galochas cheas de palla que arrastraba. Os seus longos brazos penduraban de ambos os lados daquel corpo. Cando se achegou á granxa, un cuzo apalluzado, atado ao pé dunha enorme pereira a carón dun barril que lle servía de caseto, abaneou o rabo e deu en atouzar en sinal de alegría. O home berrou:

—Abonda, Finot!

E o can calou.

Unha labrega saía da casa. O seu corpo osudo e bazuncho debuxábase baixo unha chombra de la que lle cinguía o talle. Unha saia gris, curta de máis, deixaba case ao descuberto as pernas, ocultas por unhas medias azuis, e tamén calzaba galochas cheas de palla. Unha touca que noutrora fora branca cubría algúns cabelos apelicados ao cranio, e o seu rostro curtido, descarnado, feo, sen dentes, amosaba esa fisionomía salvaxe e bruta que adoitan ter as faces dos aldeáns.

—Como está? —preguntou o home.

—O señor cura di que é o final, que non ha pasar desta noite —respondeu a muller.

Ambos os dous entraron na casa.

Cruzaron a cociña e entraron nun cuarto baixo, escuro, apenas alumado por un vidro diante do cal caía un zarapallo de cánabo normando. As rexas trabes do teito, amouradas polo tempo, negras e enfeluxadas, atravesaban a peza de lado a lado, formando do fino sobrado do faiado, por onde corrícabas día e noite o ratume.

O piso terreño, alombado e húmido, semellaba barnado, e no fondo da vivenda, o leito formaba un vulto vagamente branco. Un bufido regular, roufeño, unha respiración forte, arquexante, sibilante, un gorgolexo de auga como o que fai unha bomba estragada, saía daquela cama en tebras onde agonizaba un vello, o pai da aldeá.

O home e a muller achegáronse e fitaron o moribundo, con ollar apracible e resignado.

—Desta vez acabouse; non chegará tan sequera á noite — dixo o xenro.

—Gorgolexa así desde este mediodía —respondeu a aldeá.

Ficaron calados. O pai tiña os ollos pechos, o rostro da cor da terra, tan enxoito que semellaba de madeira. A boca entreaberta deixaba pasar o estertor do seu alento ampeante e forte; e a saba levantábase sobre o seu peito a cada aspiración.

O xenro, despois dun longo silencio, sinalou:

—Non nos queda outra que deixalo finar. Non podemos facer máis. Botaranse a perder as ervellas e como vai bo tempo teremos que transplantalas mañá.

A muller pareceu axitarse con aquela idea. Reflexionou un pedazo e dixo:

—Vai morrer e non o soterraremos antes do sábado, así que tes todo o día para as ervellas.

O paisano cavilou e dixo:

—Si, pero mañá haberá que invitar ao enterro e boa falta me fan cinco ou seis horas para ir de Tourville a Manetot cas de todo o mundo.

A muller, logo de roelo dous ou tres minutos, apuntou:

—Aínda non son as tres, así que poderías saír de viaxe esta mesma noite e facer toda a parte de Tourville. Podes dicirlle á xente que xa morreu, porque é case imposible que se recupere.

O home quedou estantío un tempo, sopesando as consecuencias e as vantaxes da idea. Por fin anunciou:

—De acordo, marchó.

Ía saír, pero recuou e, tras vacilar, dixo:

—Como non tes traballo, recolle unhas mazás para cocelas e fai catro ducias de follados para os que veñan ao velorio, que ben nos fará falla o reconforto. Acende o forno cos pitelos que están debaixo do pendello do lagar. Están secos.

Saíu do cuarto, volveu entrar na cociña e abriu a lacena, sacou un molete de seis libras, cortou devagar unha rebanda, recolleu no oco da man as faragullas que caeran no mesado e meteunas na boca para que non se perdese nada. Despois, colleu coa punta da navalla unha pouca manteiga salgada do fondo dunha ola negra de barro, estendeuna riba do pan e púxose a comer amodo, como facía todo.

Ao que rematou, cruzou o patio, apazugou o can, que volvía ladrar outra vez, saíu ao camiño que pasaba a carón do seu foxo e colleu en dirección a Tourville.

Cando quedou soa, a muller púxose ao choio. Ergueu a tapa da hucha da fariña e preparou a masa para os follados. Apaxou nela moito tempo, retorcéndoa e destorcéndoa, poupándoa, esmagándoa, trinzándoa. Despois fixo unha enorme bóla dun branco amarelado e deixouna repousar nun recanto da mesa.

Daquela foi buscar as mazás e para non baloír a árbore encarriscou por ela coa axuda dun tallo. Elixía a froita con tino, para coller unicamente a madura, que colocaba no mantelo.

Unha voz chamouna desde o camiño:

—Ei, señora Chicot!

Deu a volta. Era un veciño, Osime Favet, o alcalde, que ía estercar as leiras no carro, sentado coas pernas penduradas.

—Que se lle ofrece, señor Osime? —respondeu.

—E o pai, como anda?

—Está para morrer. O sábado é o enterro, ás sete, e as ervellas non poden esperar —berrou.

—De acordo. Boa sorte! Que lles vaia ben —replicou o veciño.

Ela respondeu á súa cortesía:

—Grazas e a vostede tamén.

E seguiu a recoller mazás.

Tan axiña como entrou, foi onda o pai, a quen esperaba atopar finado. Pero desde a porta xa percibiu o seu estertor ruidoso e monótono, e, como consideraba inútil achegarse ao leito e para non perder tempo, comezou a preparar os follados.

Envolveu as froitas unha por unha nunha delgada folla de masa que despois colocaba en ringleira no mesado. Cando levaba feitas corenta e oito bólas, colocadas por ducias unha diante da outra, pensou en preparar a cea e pendurou a pota na lareira para cocer as mazás. Coidou que era inútil acender o forno aquel mesmo día, xa que aínda lle quedaba todo o seguinte para rematar os preparativos.

O seu home volveu contra as cinco e, nada máis atravesar o limiar, preguntou:

—Espichou?

—Aínda non: segue gorgolexando.

Foron onda el. O vello estaba exactamente igual. O seu alento roufeño, regular coma o movemento dun reloxo, non se acelerara nin retardara. Volvía de segundo en segundo, variando un pouco de son, consonte o aire entraba ou saía do peito.

O xenro mirouno e dixo:

—Acabarase en calquera momento, coma unha candeia.

Tornaron á cociña e cearon en silencio. Logo de laparen a sopa, aínda comeron unha rebanda de pan con manteiga e marmelada, e despois, axiña que os pratos estiveron lavados, volveron ao cuarto do agonizante.

A muller, que levaba unha candeia de torcida fumegante, pasouna por diante do rostro do pai. Con certeza, se non chega a respirar, pensarían que estaba morto.

A cama dos dous campesiños estaba agochado no outro cabo do aposento, nunha especie de cavidade. Deitáronse sen diciren palabra, apagaron a luz e pecharon os ollos. Deseguida, dous ronquidos desiguais, un máis fondo, o outro máis agudo, acompañaron o estertor ininterrompido do moribundo.

O ratume corricaba polo faio.

O marido espertou coa primeira luzada do día. O sogro aínda vivía. Abalou a muller, inquedo pola resistencia do vello.

—Atende, Phémie, non morre nin que baixen os anxos. Que imos facer?

El sabía que tiña moito sentido.

—Non pasará de hoxe, seguro. Non hai nada que temer. Polo de agora o alcalde non se opoñerá a enterralo mañá sexa como for, tendo en conta que fixo o mesmo cando foi do señor Renard, o pai, que faleceu xusto no tempo da sementeira —respondeu ela.

Deixouse convencer polo atinado razoamento e marchou aos eidos.

A muller enforrou os follados e fixo todas as angueiras da granxa.

Ao mediodía o vello aínda non morrera. Os braceiros contratados para o transplante das ervellas acudiron en grupo visitar o ancián que tardaba en ir para a cova. Cadaquén deu a súa opinión e despois marcharon para as veigas.

Ás seis, cando volveron, o pai seguía a folguexar. O xenro andaba algo asustado:

—Que imos facer, Phémie?

Ela tampouco non sabía que decidir. Foron ver o alcalde, que prometeu que faría coma quen non ve e autorizaría o enterramento ao día seguinte. Tamén foron onda o oficial de sanidade, que se comprometeu, para facerlle un favor ao señor Chicot, a antedatar o certificado de defunción. O home e mais a muller volveron tranquilos.

Deitáronse e durmiron coma a véspera, mesturando os seus alentos sonoros co alento máis feble do vello.

Cando espertaron non estaba morto, nin moito menos.

Daquela xa tiñan o medo no corpo. Quedaron de pé, na cabeceira do pai, a esculcalo con receo, coma se el quixese facerlles unha mala faena, enganalos, contrarialos por gusto. Anoxábaos sobre todo o tempo que lles facía perder.

—E que imos facer agora? —preguntou o xenro.

Ela non tiña nin idea e respondeu:

—Éche unha situación ben desagradable!

Xa non daba tempo a avisar os invitados, que chegarían dunha hora para outra, así que decidiron agardar por eles para explicarlles o asunto.

Contra as sete menos dez, apareceron os primeiros. As mulleres de loito, coa cabeza cuberta cun gran veo aparentaban tristura. Os homes, incómodos coas súas chaquetas de pano, avanzaban de dous en dous máis afoutos, parolando de negocios.

O señor Chicot e a súa muller, asustados, recibíronos aflixidos, e os dous, de súpeto, no mesmo instante, abordando o primeiro grupo, romperon a chorar. Explicaban a aventura, contaban os seus apuros, ofrecían cadeiras, movíanse, escusábanse, querían demostrar que todo o mundo faría coma eles, falaban arreo, convertidos de repente nuns baralocas que non deixaban a ninguén sen resposta. Ían dun lado a outro, explicando:

—É increíble! Ninguén imaxinaría que durase tanto!

Os invitados, desconcertados, e algo decepcionados, como a xente que perde unha cerimonia que agardaba, non sabían que facer e permanecían sentados ou de pé. Algúns quixeron marchar, pero o señor Chicot retívoos.

—Sexa como for, imos picar algo. Fixemos uns follados e temos que aproveitálos.

Os rostros ilumináronse coa idea. Borboriñaban. O patio enchíase pouco e pouco; os que chegaran de primeiros contábanlles a noticia aos que acababan de aparecer. A xente murmuraba e a idea dos follados aledaba a todo o mundo.

As mulleres entraban mirar o moribundo. Facían o sinal da cruz ao pé do leito, farfallaban unha pregaría e volvían saír. Os homes, menos ávidos daquel espectáculo, botaban unha ollada pola ventá que alguén abrira.

A señora Chicot explicaba a agonía:

—Leva dous días así, nin máis nin menos, nin máis alto nin máis baixo. Semella unha bomba á que non lle queda auga.

Cando xa todos pasaran por diante do moribundo, pensouse na comida, pero como era moita xente para estar na cociña, sacaron a mesa para fóra. As catro ducias de follados, dourados, sabedeiros,

dispostos en dúas grandes pratas, comíanse cos ollos. Cadaquén avanzaba o brazo para coller o seu, con medo de que non houbera abondo. Pero sobraron catro.

O señor Chicot, coa boca chea, asegurou:

—Se nos vise o vello, levaría un bo desgusto. Encantábanlle cando vivo.

—Agora xa non comerá. Cadaquén a súa quenda —afirmou un gordo e xovial paisano.

Esta reflexión, lonxe de contristar os convidados, pareceu alegralos. Agora tocáballes a eles comer os pasteis.

A señora Chicot, preocupada por tanto gasto, ía seguido á adega buscar sidra. As xerras baleirábanse unha tras outra así como viñan. Agora a xente ría, baduaba, comezaba a berrar coma se berra nas comidas.

De súpeto, unha vella que quedara ao pé do moribundo, atraída pola curiosidade do que lle sucedería a ela mesma a non tardar, apareceu pola ventá e berrou cunha voz aguda:

—Xa finou! Xa finou!

Todo o mundo calou e as mulleres erguéronse lixeiras para iren ver.

Estaba morto, xaora. Deixara de boquear. Os homes mirábanse, abaixaban os ollos, molestos. Non remataran de mastigar os pasteis. Aquel pillabán escollera mal o momento.

Os Chicot xa non choraban. Rematara todo, ficaban tranquilos e repetían:

—Nós xa sabíamos que a cousa non podía durar moito. Se polo menos se decidise a noite pasada, non causaría todos estes trastornos.

Tanto tiña, acabárase. Enterraríano o luns e listo, e volverían comer máis follados con tal motivo. Os convidados marcharon falando contentos do asunto, satisfeitos de asistiren a aquilo e de tomaren algo.

Cando o home e a muller quedaron sós, fronte a fronte, ela dixo co rostro contraído pola angustia:

—Teremos que volver cocer catro ducias de follados! Xa puido morrer onte á noite!

E o marido, máis resignado, respondeu:

—Pois aínda bo é que non teremos que facelo todos os días.

Un covarde

Era coñecido como «o belido Signoles», aínda que o seu nome verdadeiro era vizconde Gontran-Joseph de Signoles.

Orfo e dono dunha fortuna cumprida, cuspía alto, como adoita dicirse. Era elegante e tiña prestancia, bastante verba para aparentar enxeñoso, certa graza natural, un aire de nobreza e de orgullo, bo mostacho e ollar tenro, cousa que lles agradaba ás mulleres.

Era solicitado nos salóns, buscado polas afeccionadas a valsear, e inspiraba nos homes esa cortés inimizade que esperta a xente de carácter enérxico. Apuxéranlle algúns amoríos capaces de reforzar a boa sona dun mozo. Vivía feliz, tranquilo, no benestar moral máis perfecto. Sabíase que manexaba ben a espada e aínda mellor a pistola.

—Cando me bata —dicía—, escollerei a pistola. Con esa arma estou seguro de matar o inimigo.

E así, unha tarde, cando acompañaba ao teatro dúas mulleres novas amigas súas, escoltadas ademais polos maridos, invitounas a tomar un xeadado en Tortoni despois do espectáculo. Levaban uns minutos no local cando se decatou de que un señor sentado nunha mesa próxima guichaba con insistencia para unha das súas veciñas que, inqueda e molesta, abaixaba a cabeza. Por fin, ela díxolle ao marido:

—Hai un home que me fita e non o coñezo. Coñécelo ti?

O marido, que non se apercibira de nada, levantou os ollos e respondeu:

—Non, de nada.

A muller, entre risoña e enfadada, engadiu:

—Resulta embarazoso. Ese individuo estame a estragar o xeadado.

O marido engruñou os ombreiros:

—Bah! Non fagas caso. Se tivésemos que ocuparnos de todos os insolentes que un atopa, sería conto de nunca acabar.

Pero o vizconde erguérase ríspeto. Non podía aturar que aquel descoñecido estragase o seu convite. Era a el a quen se

inxuriaba, posto que as súas amigas entraran naquel café por e para el. O asunto atanguíalle. Avanzou cara ao home e díxolle:

—Señor, ten vostede unha maneira de mirar esas damas que non lle podo tolerar. Rógolle que teña a ben deixar de mirar con tanta insistencia.

—Faga o favor de deixarme en paz —retrucou o outro.

—Ande con tino, señor, ou vereime obrigado a tomar medidas —dixo o vizconde, apertando os dentes:

O home só falou unha palabra, unha bocalada que se escoitou dun extremo ao outro do café e que provocou, como por efecto dun resorte, que cada seareiro realizase un movemento brusco. Os que xiraron as costas, volvéronse de todo; os demais ergueron a cabeza; tres camareiros viraron sobre os seus talóns coma buxainas; as dúas damas do mostrador sobresaltáronse logo dunha retorsión do busto, coma se fosen autómatas que obedecen a mesma manivela.

Fixérase un gran silencio. Despois, de golpe, un ruído seco estalou no ambiente. O vizconde losqueara o seu adversario. Todo o mundo se ergueu para interpoñerse. Intercambiaron tarxetas.

Cando o vizconde chegou á súa casa, andou durante algúns minutos polo cuarto a paso lixeiro. Estaba demasiado alterado para pensar en nada. Unha soa idea roldaba na súa mente: «un duelo», sen que esta idea espertase aínda nel emoción ningunha. Fixera o que tiña que facer; conducírase como era debido. Falaríase daquilo, todo o mundo o aprobaría, felicitaríano. Como adoita suceder cando un está azorado, repetía en voz alta: «Que buzaco de home!».

Despois sentou e matinou. Á mañá seguinte cumpríalle atopar testemuñas. A quen escollería? Buscaba a xente máis ponderada e célebre que coñecía. Por fin escolleu o marqués de la Tour-Noire e o coronel Bourdin, un gran señor e un soldado, era perfecto! Os seus nomes aparecerían nos xornais. Caeu na conta de que tiña sede e bebeu tres vasos de auga, un tras outro; despois deu en camiñar outra vez. Sentíase cheo de enerxía. Se se mostraba fanfurriñeiro e resolto, se esixía condicións rigorosas, perigosas,

reclamando un duelo formal, moi formal, terrible, o seu adversario, se callar, recuaría e presentaría escusas.

Volveu coller a tarxeta que metera no peto e logo tirara na mesa e leuna outra vez. Xa lle botara unha ollada no café e, de volta no landó, á luz de cada farol de gas. «Georges Lamil, 51, rúa Moncey». Máis nada.

Examinaba aquelas letras xuntas que lle parecían misteriosas, cheas de sentidos confusos: Georges Lamil! Quen era aquel home? Que facía? Por que mirara para a muller daquela maneira? Non era indignante que un estranxeiro, un descoñecido viñese turbar así a súa vida, de socato, porque lle agradara fitar insolentemente unha muller? E o vizconde repetiu unha vez máis en voz alta: «Que buzaco de home!».

Despois ficou inmóbil, de pé, fantasiando, coa mirada cravada na tarxeta. Espertaba nel unha cólera contra aquel anaco de papel, unha carraxe rancorosa na que se mesturaba un estraño sentimento de malestar. Aquela historia era estúpida! Abriu un canivete na man e espetouno no medio daquel nome impreso, coma se anavallase a alguén.

Así que había que baterse! Escollería a espada ou a pistola, pois el considerábase o aldraxado. Coa espada arriscaba menos, pero coa pistola tiña a posibilidade de facer que o seu adversario recuase. É moi raro que un duelo con espada sexa mortal, xa que a prudencia recíproca impide que os combatentes se manteñan en garda demasiado preto un do outro como para que a punta penetre profundamente. Coa pistola arriscaba seriamente a vida; emporiso tamén podía saír do apuro con todas as honras da situación e sen chegar a un encontrón. Logo animouse: «Hai que manterse firme. Collerá medo».

O son da súa voz arrepuñouno e ollou en volta. Sentíase moi nervioso. Bebeu un vaso máis de auga e comezou a espirse para deitarse.

Cando xa estaba deitado, apagou a luz e pechou os ollos. Pensaba: «Teño todo o día de mañá para ocuparme dos meus asuntos. Antes será ben durmir para estar tranquilo».

Aquelas sabas dábanlle moita calor, pero non era quen de prender no sono. Mexíase e remexíase, botaba cinco minutos barriga arriba, despois colocábase sobre o lado esquerdo, logo

acarroulaba cara ao lado dereito. Tiña máis sede. Volveuse erguer para beber. Despois, unha inquedaanza apoderouse del:

«E terei medo?».

Por que o seu corazón daba en bater coma un tolo con cada ruído coñecido do cuarto? Cando o reloxo de parede ía dar a hora, o pequeno renxido do resorte ao se erguer alarmábao, e tiña que abrir a boca para respirar durante algúns segundos, tan desaquelado se sentía. Comezou a razoar consigo mesmo sobre aquela teima:

«Será medo?».

Non, xaora, non era medo, posto que estaba resolto a chegar até o final, posto que tiña esa vontade irrevogable de baterse, de non tremer. Mais, sentíase tan fondamente conturbado que se preguntou:

«Poderase ter medo sen querer?».

E invadiuno esta dúbida, esta inquietude, este pavor. E se unha forza dominadora, irresistible, máis poderosa que a súa vontade o sometese, que sucedería? Si, que podía suceder? Desde logo, el presentaríase no lugar, estaba decidido. Pero, e se tremía? E se lle daba unha volta? E soñou coa súa situación, coa súa reputación, co seu nome.

E de súpeto apoderouse del a estraña necesidade de mirarse no espello. Volveu prender a lámpada. Cando contemplou o seu rostro reflectido no cristal, apenas se recoñeceu, e pareceulle que era a primeira vez que se vía. Os ollos figuráronselle enormes e estaba pálido, abofé, moi pálido.

Quedou de pé diante do espello. Sacou a lingua como para constatar o seu estado de saúde e, de golpe, entroulle este pensamento, coma se fose unha bala:

«Pasadomañá, destas horas, se cadra estarei morto».

E o seu corazón volveu bater furiosamente.

«Pasadomañá, destas horas, se cadra estarei morto. Esa persoa que está aí en fronte, ese eu que vexo no espello, xa non estará. Como! Aquí estou, mírome, síntome vivo e dentro de vinte e catro horas estarei deitado nese leito, morto, cos ollos pechos, frío, inanimado, defunto».

Virou en dirección á cama e viuse claramente deitado sobre as costas nas mesmas sabas que acababa de deixar. Tiña ese rostro afundido que locen os mortos e esa moleza nas mans que xa non se volverán mover.

Entón, sentiu medo do leito e, para non seguir a miralo, pasou ao cuarto de fumar. Colleu inconscientemente un cigarro, acendeuno e botou a andar de novo. Tiña frío; achegouse á campaiña para chamar polo servente, pero detívose coa man erguida cara ao cordón:

«Ese home vaise decatar de que teño medo».

Non chamou e prendeu o lume. As mans tremíanlle unha miga, cun tremor nervioso, cando tocaban os obxectos. A súa cabeza desnortábase; os seus trastornados pensamentos convertíanse en fuxidíos, bruscos, dolorosos; a embriaguez invadía a súa mente coma se estivese bébedo. E preguntábase seguido:

«Que vou facer? Que vai ser de min?».

Todo o seu corpo vibraba, percorrido por bruscos estremecementos. Volveuse erguer e, achegándose á fiestra, abriu as cortinas.

Alborexaba un día de verán. O ceo rosa coloraba a vila, os tellados e os muros co seu ton. Unha cachoeira de luz, semellante a un aloumiño do sol, envolvía o mundo que espertaba; e, con aquel resplandor, unha leda esperanza, veloz, brutal, espallouse polo corazón do vizconde! Estaba tolo por deixarse aterrorizar daquela maneira antes mesmo de que nada estivese decidido, antes de que as súas testemuñas se encontrasen coas de Georges Lamil, antes aínda de que soubese se ía baterse!

Lavouse, vestiuse e saíu con paso decidido.

Mentres andaba, repetía:

«Cómpre que sexa enérxico, moi enérxico. Cómpre demostrar que non teño medo».

As súas testemuñas, o marqués e o coronel, puxéronse ao seu dispor e, logo de estreitarlle enerxicamente as mans, discutiron as condicións:

—Desexa un duelo formal? —preguntou o coronel.

—Moi formal —respondeu o vizconde.

—Prefire a pistola? —quixo saber o marqués.

—Prefiro, si.

—Deixa da nosa man o resto?

O vizconde articulou cunha voz seca e entrecortada:

—Vinte pasos, á orde de preparados, levantando a arma en lugar de baixala. Intercambio de balas até ferida grave.

—Excelentes condicións. Vostede tira ben; ten todas as posibilidades —declarou o coronel cun ton satisfeito.

Marcharon. O vizconde volveu á casa para agardar por eles. A axitación, amansada había un momento, aumentaba agora minuto a minuto. Sentía ao longo dos brazos, ao longo das pernas, no peito unha especie de tremor, de vibración continua. Non era quen de parar quieto, nin sentado, nin de pé. Xa non tiña na boca nin restos de cuspe e facía decote un movemento ruidoso coa lingua, como para desapegala do padal.

Apeteceulle comer, pero non deu tragado. Daquela veulle a idea de beber para afoutarse e mandou que lle trouxesen unha garrafa de ron da que tomou seis copas, unha tras doutra. Acometeuno unha calor semellante a unha queimadura, seguida axiña dun atordamento da alma. Pensou:

«Xa teño o remedio. Agora todo irá ben».

Pero ao cabo dunha hora baleirara a botella e o seu estado de axitación convertérase en intolerable. Sentía unha necesidade tola de tirarse no chan, de berrar, de morder. Morría o día.

Soou o timbre e produciulle tal sufoco que non tivo azos para erguerse e recibir as testemuñas.

Nin sequera se atrevía a falarlles, a saudalos, a pronunciar unha soa palabra, por medo a que o adiviñasen todo na alteración da súa voz.

—Todo quedou amañado segundo as condicións que vostede fixou. Ao primeiro, o seu adversario reclamou os privilexios do aldraxado, pero cedeu case decontado e aceptou as regras. As súas testemuñas son dous militares —anunciou o coronel.

—Grazas —contestou o vizconde.

—Desculpe se non facemos máis que entrar e saír, pero témonos que ocupar aínda de mil cousas. Cómpre un bo médico, pois o combate non rematará a non ser que se produza unha ferida

grave, e vostede sabe que as balas non andan con lérias. Hai que designar o lugar, preto dunha casa para levar alí o ferido se for preciso etc.; en fin, aínda temos para dúas ou tres horas —dixo o marqués.

O vizconde articulou unha segunda vez:

—Grazas.

—Está vostede ben? Está tranquilo? —preguntou o coronel.

—Si, moi tranquilo, grazas.

Os dous homes retiráronse.

Cando quedou só outra vez, pareceulle que toleaba. O seu criado acendeu as lámpadas e el sentou diante da mesa para escribir unhas cartas. Despois de riscar na parte superior dunha folla «Este é o meu testamento...», ergueuse dunha sacudida e afastouse, sentíndose incapaz de unir dúas ideas, de tomar unha resolución, de decidir nada.

Así que ía baterse! Xa non se podía evitar. Que lle acontecía, logo? Quería baterse, esa era a súa intención e estaba firmemente resolto. Malia todo o esforzo da súa mente e toda a tensión da súa vontade sentía que nin sequera daría xuntado a forza necesaria para chegar até o lugar do encontro. Tentaba imaxinar o combate, a súa actitude e o comportamento do seu adversario.

Cadora, os seus dentes golpeaban cun ruidiño seco. Apeteceulle ler e colleu o código do duelo de Châteauvillard. Despois preguntouse:

«Será adoito no tiro o meu adversario? Será coñecido? Como sabelo?».

Lembrou o libro do barón de Vaux sobre os tiradores de pistola e percorreuno de corde a corde. Georges Lamil non aparecía nomeado. E non obstante, se ese home non fose un tirador, aceptaría inmediatamente esa arma perigosa e esas condicións mortais?

Ao pasar, abriu unha caixa de Gastinne Renette pousada nun velador e colleu unha das pistolas. A seguir, colocouse como para disparar e ergueu o brazo. Pero tremía dos pés á cabeza e o canón movíase en todas as direccións. Daquela pensou:

«É imposible. Así non podo baterme».

Ollaba no extremo do canón aquel pequeno buraco negro e fondo que cuspe a morte, imaxinaba a deshonra, os dixomedíxomes nos círculos, as risas nos salóns, o desprezo das mulleres, as alusións nos xornais, os insultos que lle dedicarían os covardes.

Seguía a esculcar a arma e, levantando o percusor, viu de súpeto un pistón brillar dentro coma unha pequena chama encarnada. A pistola permanecera cargada, por casualidade, esquecida. E por ese feito experimentou unha alegría confusa e inexplicable.

Se non mantiña perante o outro a compostura nobre e calma que cumpría, estaría perdido para sempre. Sería borrado, marcado cun sinal de infamia, expulsado do mundo! E esa compostura calma e arrogante non a tería, sabíao, sentíao. Non obstante, era valente, xa que quería baterse...! Era valente, xa que... O pensamento que o rozou nin sequera rematou no seu maxín, pero, abrindo a boca de par en par, meteu bruscamente até o fondo da gorxa o canón da pistola e apertou o gatillo...

Cando o servente lle acudiu, atraído pola detonación, atopouno morto barriga arriba. Un golfarón de sangue lixara o papel branco encol da mesa e formaba unha gran mancha vermella por debaixo destas cinco palabras:

«Este é o meu testamento».

O borrachón

I

O vento do norte zoaba tempestuoso, arrastrando polo ceo enormes nubeiros de inverno, fuscos e compactos, que deitaban ao seu paso sobre a terra intensas torboadas.

O mar rixo bruaba e rebentaba na costa, escachando na mariña enormes ondas, vagarosas e babuxentas, que se escagallaban como detonacións de artillaría. Sucedíanse engorde, unha tras outra, altas coma montañas, espaxando no ar, coa forza das axadas, a espuma branca das súas cabezas, así como unha suor de monstros.

O furacán precipitábase sobre o valigato de Yport, rebilbaba e xemía, arrincando as lousas dos tellados, crebando os beirados, abatendo as chemineas, lanzando polas rúas tales ventadas que non se podía camiñar se non era agarrándose ás paredes; os cativos serían levantados coma follas e lanzados aos campos por riba das casas.

Abordeláranse as gamelas a terra firme, por medo daquel mar que ía varrer a praia coa marea chea, e algúns mariñeiros, acazapados detrás do ventre redondo das embarcacións deitadas de costado, contemplaban aquela cólera do ceo e da auga. Logo ían marchando aos poucos, pois a noite caía sobre a tempestade envolvendo en sombras o océano entolecido e todo o estrondo da furia dos elementos.

Aínda quedaban alí dous homes, dous graúdos pescadores normandos coas mans nos petos, capeando a borrasca, o pucho de la encasquetado até os ollos, a froia curtida, a pel azourida polos refachos salgados do mar enorme, os ollos azuis e as meniñas cunha penca negra no medio, eses ollos penetrantes dos mariñeiros que enxergan o horizonte coma aves de rapina. Un deles dicía:

—Anda, Jérémie. Imos matar o tempo xogando ao dominó. Pago eu.

O outro vacilou, tentado polo xogo e mais pola augardente, temendo embebedarse se entraba na baiuca de Paumelle e

embridado asemade polo feito de que a muller quedara soa no cacharufo.

—Calquera diría que fixeches unha aposta para embebedarme cada noite. Non sei o que saes gañando, se sempre pagas ti! —estrañouse.

Así e todo, ría ao pensar en toda a augardente que bebía á conta do outro; ría cunha risa alegre de normando que se aproveita.

Mathurin, o compañeiro, seguía a turrarlle do brazo.

—Veña, Jérémie. Non está a noite para tornar á casa sen nada quente no bandullo. Seica tes medo? A túa muller quéntache a cama!

—A noite pasada non daba atopado a porta... Case me teñen que pescar no regacho diante da casa! —respondeu Jérémie.

E volveu rir ao se lembrar da bebedela namentres camiñaba paseniño cara á baiuca de Paumelle, cuxa fiestra iluminada brillaba. Avantaba arrastrado por Mathurin e empurrado polo vento, incapaz de resistirse a aquelas dúas forzas.

A sala baixa estaba ateigada de mariñeiros, de fume e de berros. Todos aqueles homes, vestidos de la, cos cóbados nas mesas, barballaban para se faceren oír. Cantos máis bebedores entraban, máis cumpría berregar no boureo das voces e das fichas de dominó que petaban nas mesas de mármore, o cal armaba unha boa algueirada.

Jérémie e Mathurin sentaron nun recullo e comezaron unha partida. As copas desaparecían, unha tras outra, na profundidade das súas gorxas.

Xogaron aínda máis partidas e beberon unha chea de copas. Mathurin baleiraba a botella, chiscándolle un ollo ao dono, un home cotrolo tan vermello coma o lume que facía bromas seguido, coma se coñecese algunha brincadeira graciosa, e Jérémie trasfegaba o alcohol, coteleaba e botaba risadas coma urros, en tanto ollaba o compadre con aspecto abestado e ledó.

Os clientes ían marchando. E de cada vez que un deles abría a porta para saír, unha aireada entraba no café, mexía coma unha tempestade a mesta fumareda das cachimbas, arrandeaba as lámpadas no extremo das cadeas e facía oscilar as chamas. Cadora escoitábase o violento choque dunha onda ao escachar e o bruazo da borrasca.

Jérémie, co colo desabotoado, adoptaba posturas de borrachón: unha perna estricada, un brazo caído..., e coa outra man termaba das fichas de dominó. Quedaran sós co dono, que se achegara curioso para preguntarlles:

—E que, Jérémie, anda todo ben por aí dentro? Refrescácheste a forza de regarte?

—Canto máis envío, máis segura noto alá dentro —farfallou Jérémie.

O taberneiro fitou a Mathurin con aire loubán e dixo:

—E o teu irmán, Mathurin, onde é que anda destas horas?

O mariño sorriu:

—Está ao quente, non hai madía.

E ambos os dous miraron a Jérémie, que colocaba triunfalmente o seis dobre ao tempo que anunciaba:

—Velaí vai a dobre.

Ao que remataron a partida, o dono dirixiuse a eles:

—Ben, meus, eu vou para o cubil. Déixovos unha lámpada e unha botella de litro con vinte céntimos polo menos. Mathurin, ao saíres, pecha a porta por fóra e mete a chave debaixo do beiril como fixeches onte á noite.

—Entendido, perde coidado —replicou Mathurin.

Paumelle chocou a man daqueles dous seareiros trasnoitadores e subiu cachazudo a escaleira de madeira. Durante algúns minutos, os seus pesados pasos resoaron na casoupa; despois, un forte estalido revelou que acababa de meterse na cama.

Os dous homes seguiron xogando. De cando en vez, un refacho máis intenso do furacán sansanicaba a porta e facía tremer as paredes, e os bebedores erguían a cabeza coma se fose entrar alguén. Mathurin collía a botella e enchía o vaso de Jérémie. De súpeto, o reloxo pendurado riba do mostrador deu as doce. O seu timbre roufeño semellaba un choque de cazarolas e os golpes vibraban durante moito tempo coa sonoridade da ferralla. Mathurin ergueuse decontado, como un mariñeiro cuxa quenda de garda rematase:

—Veña, Jérémie, temos que liscar.

O outro arrincou con grande esforzo, endereitouse apoiándose na mesa, chegou até a porta e abriuna, mentres o compañeiro apagaba a lámpada.

Non ben estiveron na rúa, Mathurin pechou a taberna e dixo:

—Ale, boa noite e deica mañá.

E desapareceu no medio das tebras.

II

Jérémie deu tres pasos, despois cambaleou, estendeu as mans, atopou unha parede para se soste de pé e retomou a marcha bambeando. Por momentos, a tempestade, embocando pola rúa aberta, lanzábao cara a adiante e facía que avantase uns pasos; mais, cando cesaba o pulo do torbón, freaba en seco, ao perder a forza que o empurraba, e daba de novo en acanear riba das súas caprichosas pernas de caneco.

Camiñaba por instinto cara á súa morada, como os paxaros van ao niño. Por fin recoñeceu a súa porta e púxose a tenteala para descubrir a pechadura e meterlle a chave. Non atopaba o buraco e xuraba a media voz. Daquela comezou a petar nela a puñazos, chamando pola muller para que acudise no seu acorro:

—Mélina! Ei, Mélina!

Cando se apoiaba contra o batente para non caer, este cedeu, a porta espalancou, e Jérémie, perdido o apoio, entrou na casa aos tomballóns, esfociñou no medio da vivenda e notou que algo pesado lle pasaba por riba do corpo e despois escapaba na escuridade.

Tremía co medo e non era quen de se mover, alocado, espavorecido polo demo, polas estadeas, por todas as cousas misteriosas que poboan as tebras, así que agardou durante moito tempo sen se atrever nin a facer un aceno. Pero, ao que viu que xa nada buligaba, veulle un pouco o sentido, o confuso sentido dun borrachón. E sentou, moi amodo. Agardou aínda ben de tempo e, afoutándose por fin, pronunciou:

—Mélina!

A súa muller non contestou.

Daquela, de socato, unha dúbida cruzou polo seu nubrado maxín, unha dúbida indecisa, un vago receo. Ficou inmóbil, sentado no chan, na escuridade, na procura dunha idea, apegado a cismas difusas e tan vacilantes coma os seus pés.

—Dime quen era, Mélina! Dime quen era! Non che farei nada —volveu falar.

Agardou. Ningunha voz xurdiu nas sombras. Agora razoaba en voz alta:

—Ben sei que bebín, xaora! Ben sei que bebín. Foi el quen me embebedou, ese desgraciado. Pola súa culpa non volvo para a casa. Xa sei que bebín! —e volvía outra vez—: Dime quen era, Mélina, que aínda vou cometer un desatino.

Logo de agardar de novo, continuou cunha lóxica pachorrenta e cabezana de home bébedo:

—Foi el o que me retivo na dese mamalón do Paumelle, e os outros seráns tamén, para non tornar á casa. É o seu cómplice. Ah, vaia prea!

Ergueuse lentamente sobre os xeonllos. Unha xorda carraxe aseñorábase del, mesturándose coa fermentación das bebidas.

—Dime quen era, Mélina, ou has levar unha malleira. Estás avisada! —repetiu.

Agora xa estaba de pé, tremendo cunha cólera fulminante, coma se o alcohol que levaba no corpo se lle inflamase nas veas. Deu un paso, tropezou cunha cadeira, colleuna, seguiu andando, atopou o leito, apalpouno e sentiu dentro o corpo quente da súa muller.

Daquela, doente, griñiu:

—Ah, estabas aquí, merdeira, e non dabas chío!

E, erguendo a cadeira que agarraba co seu robusto puño de mariñeiro, arrebolouna diante súa cunha furia exasperada. Un berro xurdiu do leito, un berro violento, arrepiante. Daquela, atacou a apadumar coma unha malladoira. Porén, nada se moveu. A cadeira quedara feita cinascos, pero conservaba unha pata na man e con ela seguía a zorregar, alasando. De súpeto, parou para preguntar:

—E agora vasme dicir quen foi ou non?

Mélina non respondía.

Xa derreado, embrutecido por mor da violencia, sentou no chan, deitouse e adormeceu.

Á rompenste do día, un veciño, ao ver a porta aberta, entrou. Alí descubriu a Jérémie roncxando no sollado, onde xacían os restos dunha cadeira e, na cama, unhas papas de carne e de sangue.

Unha vendeta

A viúva de Paolo Saverini vivía soa co seu fillo nun casoupo preto das murallas de Bonifacio. A vila, construída nun saínte da montaña, suspendida incluso nalgúns lugares sobre o mar, domina, por riba do estreito encrespado de farallóns, a costa máis baixa de Sardeña. Aos seus pés, do outro lado, case rodeándoo por completo, un corte do cantil, que semella un xigantesco corredor, sérvelle de porto e leva até as primeiras casas, logo dun longo circuío entre dúas murallas esgrevias, as chalanas pesqueiras italianas ou sardas, e, cada quincena, o vello vapor escanastrado que fai o servizo de Ajaccio.

Na branca montaña, o amoreamento das casas pon unha mancha máis branca aínda. Simulan niños de paxaros salvaxes, agarradas ás rochas, dominando aquela paisaxe terrible onde case nin se aventuran os navíos. O vento, sen repouso, zafrea o mar, zafrea a costa núa, roída por el e apenas vestida de herba; precipítase no estreito, cuxas dúas beiras asola. Os ronseis de espuma pálida, pendurados das puntas negras dos innumerables cons que furan as ondas en todas as direccións, semellan béldragos de teas aboiando e palpitando na tona da auga.

A casa da viúva Saverini, soldada mesmo ao bordo do acantilado, abría as súas tres fiestras sobre este horizonte salvaxe e desolado.

Vivía alí soa, co seu fillo Antoine e a súa cadela Albela, un animal grande, descarnado, de pelame longo e áspero, da raza dos gardadores de rabaños. O mozo utilizábaa para cazar.

Un serán, logo dunha retesía, Antoine Saverini foi asasinado a traizón dunha navallada pola man de Nicola Ravolati, quen, esa mesma noite, escapou para Sardeña.

Cando a vella muller recibiu o corpo do fillo, que lle trouxeron uns camiñantes, non deitou nin unha bágoa, pero quedou inmóbil moito tempo, mirándoo en fite. Despois, estendendo a man chea de engurras sobre o cadáver, prometeulle vendeta. Refugou que ninguén quedase con ela e pechouse a son do corpo coa cadela, que ouveaba. Aquel animal ouveaba seguido, de pé, a carón do

leito, coa cabeza estricada cara ao seu amo e o rabo apertado entre as patas. Non se movía máis que a nai, que, inclinada agora sobre o corpo, cos ollos fitos, choraba grosas bágoas mudas ao contemplalo.

O mozo, deitado de costas, vestido coa súa chaqueta de pano grosso, furada e esgazada á altura do peito, aparentaba durmido, pero estaba emboutado de sangue: na camisa arrincada para os primeiros coidados, no colete, no pantalón, na cara, nas mans. Quedáranlle cadullos de sangue na barba e nos cabelos.

A vella nai deu en falarlle. Co son daquela voz, a cadela calou.

—Dodemo que serás vingado, meu pequeno, meu cativo, meu pobre filliño. Durme, durme, serás vingado, escoitas? É a túa nai quen cho promete! E mamá cumpre sempre a súa palabra, ben o sabes.

E moi amodo inclinouse cara a el, apegando os seus beizos fríos sobre aqueles beizos mortos.

Daquela, Albela arrincou de novo a lanxir. Ceibaba unha longa queixa monótona, arrepiante, horrible.

Alí quedaron as dúas, a muller e mais o animal, até a mañá.

Antoine Saverini foi soterrado ao día seguinte e ao pouco tempo xa ninguén volveu falar del en Bonifacio.

Non deixara irmán nin curmáns próximos. Ningún home estaba alí para acometer a vendeta. Soa, a vella nai matinaba nela.

Do outro lado do estreito, albiscaba da mañá á noite un punto branco na costa. Era unha pequena aldea sarda, Longosardo, onde se refuxiaban os bandidos corsos aos que lles pisaban os calcaños. Eles son case os únicos poboadores desa aldea, fronte ás costas da súa patria, e agardan alí o momento de volver, de retornar ao monte. Nesa aldea, sabíao de certo, refuxiárase Nicola Ravolati.

Completamente soa ao longo de todo o día, sentada diante da ventá, miraba cara a alá abaixo fantasiando coa vinganza. Como faría se non podía recorrer a ninguén, enferma, e cun pé na cova? Emporiso, prometérao, xuráao sobre o cadáver. Non podía esquecer, non podía agardar. Que ía facer? Xa non prendía no

sono, non tiña acougo nin repouso, e buscaba, ferreña. A cadela, aos seus pés, soneaba e, por veces, erguendo a cabeza, ouveaba ao lonxe. Des que o seu amo xa non estaba, decontino ouveaba así, coma se chamase por el, coma se a súa alma de animal, inconsolable, gardase así a lembranza que nada borra.

Mais, unha noite, cando Albela comezou a xemer, a nai, de socato, tivo unha idea, unha idea de vinganza salvaxe e sanguinaria. Barrenou nela até a mañá; despois, levantouse coa luzada do día e dirixiuse á igrexa. Alí pregou prostrada sobre o pavimento, abatida perante Deus, suplicándolle que a axudase, que a sostivese, que lle dese ao seu pobre corpo rechumido a forza que lle cumpría para vingar o fillo.

Despois volveu para a casa. Tiña no patio un antigo pipote desfondado para recoller a auga das pingueiras; deulle a volta, baleirouno, suxeitouno no chan cunhas estacas e unhas pedras e logo encadeou a Albela naquel caseto e entrou na casa.

Comezou a percorrer o cuarto sen descanso, cos ollos fixos sempre na costa de Sardeña. Alá estaba o asasino.

A cadela ouveou todo día e toda a noite. Pola mañanciña, a vella levoulle auga nunha cunca, pero nada máis: nada de sopa, nada de pan.

Decorreu aquela xornada. Albela, esgotada, durmía. Ao día seguinte tiña os ollos coruscantes e o pelo encrespado, e tiraba violentamente da cadea.

Aquel día a vella tampouco non lle deu nada de comer. O animal, furioso, ganía con voz rouca. Pasou outra noite máis.

Entón, nada máis abrir o día, a nai Saverini foi cas do veciño pedirlle que lle dese dous mañizos de palla. Colleu uns galdrapos vellos que antano vestira o seu home e encheunos coa palla, co adaxo de simular un corpo humano.

Chantou un pau no chan diante do caseto de Albela e atou nel aquel monifate, que desa maneira parecía manterse de pé. Despois figurou a cabeza coa axuda dun paquete de roupa vella.

A cadela, sorprendida, miraba aquel home de palla e calaba, aínda que estaba esfameada.

A vella foi mercar na carnizaría un anaco longo de morcilla. De volta na casa, prendeu un lume de leña no patio, preto do caseto, e puxo a grellar a morcilla. Albela, enlouquecida, choutaba,

babexaba, coa ollada fita na grella, cuxo recendo lle entraba na barriga.

Despois, con aquela carne fumegante, a vella fíxolle unha gravata ao home de palla. Atoulla durante moito tempo arredor do pescozo, como para meterlla dentro. Cando rematou, ceibou a cadela.

Dun formidable chimpo, o animal alcanzou a gorxa do monifate e, coas patas nos seus ombreiros, comezou a esgazala. Volvía caer cun anaco da súa presa na boca, logo volvíase lanzar, cravaba os cabeiros nas cordas, arrincaba algúns anacos de comida, volvía caer e volvía saltar, asañada. Arrancaba aquel rostro con grandes trabadas e escachizaba aquel pescozo.

A vella, queda e muda, miraba con ollos brillantes. Despois volveu encadear o animal, obrigouno a xaxuar outros dous días e volveu comezar aquel estraño exercicio.

Ao longo de tres meses adestrou a cadela a aquela sorte de loita, a aquela comida conquistada a golpe de dentadas. Agora xa non a encadeaba, senón que a embizcaba cun aceno contra o monifate.

Aprendéralle a esnaquizalo e a devoralo xa sen agochar na gorxa comida ningunha. Despois, como recompensa, dáballe a morcilla grellada para ela.

Des que enxergaba aquel home, Albela arrepiaba e xiraba os ollos cara á súa ama, que lle berraba con voz sibilante, levantando o dedo: «Ataca!».

Ao que xulgou chegado o momento, a vella Saverini foi confesarse e comungar un domingo pola mañá, cun afervoamento extático; a seguir, vestiuse con roupa de home até acadar a aparencia dun pobre vello zalapastrán, e chegou a un acordo cun pescador sardo, que a conduciu, acompañada da súa cadela, ao outro lado do estreito.

Levaba nun saco de tea un anaco grande de morcilla. Albela non enviara bocado en dous días. A vella, para excitala, facía que ventase seguido a comida recendente.

Entraron en Longosardo. A corsa ranqueaba. Presentouse nunha panadaría e preguntou onde vivía Nicola Ravolati. Este

volvera ao seu antigo oficio de carpinteiro e traballaba só, ao fondo do seu obradoiro.

A vella empurrou a porta e chamou:

—Ei, Nicola!

El virouse; daquela, ela ceibou a cadela e berrou:

—Ataca, ataca, devórao, devórao!

O animal, danado, lanzouse e apreixou a gorxa. O home estendeu os brazos, apertouno e rodou polo chan. Durante algúns segundos retorcese, espernexando no chan; logo ficou inmóbil mentres Albela lle escaravellaba no pescozo, que esfrangullaba.

Dous veciños, sentados diante da súa porta, lembraron ver perfectamente un vello mendigo cun can negro esquelético que, namentres andaba, comía algo escuro que lle daba o seu amo.

Ao solpor a vella xa estaba na súa casa. Aquela noite durmiu ben.

Coco

A granxa dos Lucas era coñecida na contorna como «O Casal». Ninguén sabía explicar a razón. Sen dúbida, os paisanos relacionaban a palabra «casal» cunha idea de riqueza e de grandiosidade, pois esta granxa era con certeza a máis vasta, a máis opulenta e a máis ordenada da bisbarra.

A inmensa currada, arrodeada de cinco magníficas fileiras de árbores para gorecer contra as violentas ventadas da chaira as maceiras achaparradas e fráxiles, encerraba grandes construcións telladas para conservar as forraxes e os cereais, fermosas cortes feitas de seixo, loxas para trinta cabalos e mais unha vivenda de adobe encarnado que semellaba un pequeno castelo. As esterqueiras estaban ben atendidas, os cans gardiáns vivían en casetas e unha multitude de aves de curral circulaba entre a alta herba.

Cada mediodía quince persoas, entre patróns, criados e serventes, tomaban asento ao redor da longa mesa da cociña na que fumegaba a sopa nun gran recipiente de louza con flores azuis.

Os animais —cabalos, vacas, marranchos e ovellas—, estaban ben mantidos, coidados e limpos; e o amo Lucas, un mangallón barrigán, facía a rolda tres veces ao día, pensando en todo e tendo conta de todo.

Por caridade, conservaban no fondo da corte un cabalo branco moi vello que a patroa tiña intención de manter até que morrese de morte morrida, xa que ela se encargara de educalo e de coidalo sempre, e traíalle recordos.

Un rillote duns quince anos de nome Isidore Duval, ao que lle chamaban sinxelamente Zidore, ocupábase daquel eivado. No tempo invernizo dáballe a súa ración de avea e a súa forraxa, e no verán debía ir catro veces ao día movelo do sitio no que o ataban para que tivese herba fresca a oito. O animal, case empioucado, erguía con esforzo as súas pesadas patas, cuns gordos e inchados xeonllos por riba dos pezuños. A súa pelaxe, que nunca se acepillaba, encanecera, e as súas longas perfebas outorgábanlles aos seus ollos un aire tristeiro.

Cando Zidore o levaba pastar, tiña que turrar del polo cabestro do amodo que camiñaba, e o mozo, cangado, alasando, renegaba, alporizándose por ter que coidar deste vello faco. A xente da granxa divertíase ao ver a cólera do rillote contra Coco e falábanlle seguido a Zidore do cabalo para contrarialo. Os seus camaradas burlábanse del e na vila chamábanlle Coco-Zidore.

O mozo rabiaba e sentía agromar o desexo de se vingar do cabalo. Era un rapaz alto de longas pernas, moi porcalheiro e que peiteaba unha cabeleira rubia, espesa, dura e arremuiñada. Parecía algo paspán e falaba gagueando con grande esforzo, coma se as ideas non puidesen formarse na súa groseira alma de brután.

Había xa bastante tempo que lle producía abraio que aínda conservasen a Coco e exasperábase ao ver malgastar os cartos con esta besta inútil. Tendo en conta que xa non traballaba, consideraba inxusto alimentalo e coidaba indignante desbaldir a avea, que custaba tan cara, con aquel barrufeiro aleixado. Mesmo decote, malia as ordes do amo Lucas, aforraba na mantenza do cabalo e botáballe só media ración, raspiñando tamén na súa cama de palla e no seu feo. E a súa xenreira medraba no seu confuso maxín de rillote, unha xenreira de aldeán cobizoso, de aldeán hipócrita, feroz, brutal e covarde.

Aquel verán tiña que ir mover a besta do sitio. Estaba lonxe. O rillote, máis furioso cada mañá, camiñaba a paso de boi a través dos trigais. Os homes que traballaban as terras berrábanlle de brincadeira:

—Ei, Zidore, saúda a Coco da miña parte!

El non falaba palabra, pero, ao pasar, rompía unha vara nunha sebe e, tras desprazar a atadura do vello cabalo, deixaba que se puxese a pacer. Despois, achegándose a el traizoeiramente, xostregáballe nos xarretes. O animal tentaba fuxir, coucear, escapar dos golpes, e daba voltas ao redor do cabo da corda coma se estivese encerrado nunha pista. O mozo zorregáballe con rabia, correndo tras el, sañado, apertando os dentes coa ira.

Logo marchaba de alí devagar, sen virarse, en tanto o cabalo miraba como se afastaba co seu ollo vello, coas súas costelas

marcadas, folguexando polo trote. E non abaixaba a súa osuda e branca cabeza cara á herba até que vía desaparecer ao lonxe a blusa azul do campesiño novo.

Como as noites eran cálidas, deixaban que Coco durmisse ao sereno, alá abaixo, ao bordo do barranco, detrás do bosque. Só Zidore ía onda el.

O rapaz divertíase ademais guindándolle pedras. Sentaba a dez pasos del, nunha cemba, e quedaba alí unha media hora, lanzándolle un croio aguzado de tempo en tempo ao faco, que permanecía de pé, atado diante do seu inimigo, mirando para el seguido, sen ousar pacer antes de que marchase.

Decontino, ao rapaz pasáballe este pensamento polo maxín: «Para que alimentar este cabalo que xa non fai nada?». Coidaba que aquel faco ruín roubaba a comida dos demais, roubaba o haber dos homes, os bens do bo Deus, e mesmo lle roubaba a el, Zidore, que si traballaba.

Daquela, pouco e pouco, cada día, o mozo deu en diminuír a franxa de pasteiro que lle daba ao animal, adiantando o esteo de madeira onde estaba fixada a corda. A besta xaxuaba, enfraquecía, esmirraba. Demasiado feble para romper a súa atadura, estricaba a cabeza cara á alta herba verde e brillante, tan próxima, cuxo recendo lle chegaba sen que a puidese catar.

Mais, unha mañá, Zidore tivo unha idea: non volvería mover a Coco. Estaba farto de ter que camiñar até tan lonxe por aquel saco de ósos. Aínda así, foi onda el para saborear a súa vinganza. A besta, inquieta, fitouno. Aquel día non lle zoscou. Camiñou ao seu redor coas mans nos petos. Até fixo coma se o fose cambiar de sitio, mais volveu espetar o esteo xusto no mesmo buraco e marchou, encantado co seu invento.

O cabalo, ao que o viu marchar, rinchou para chamar por el, pero o rillote botou a correr, deixándoo só, completamente só na súa valga, ben atado e sen un rebento de herba que levar á queixada. Esfameado, tentou alcanzar a vizosa vexetación que tocaba co bico das súas ventas. Afincou os xeonllos, estricou o pescozo, alongou os seus grandes beizos babosos. Foi en baluto. A vella besta derreouse todo o día en inútiles e terribles esforzos. Consumíaa a fame, máis espantosa por mor da vista de todo o verde alimento que se estendía polo horizonte.

O rillote non retornou por alí aquel día. Vadiou polos bosques na procura de niños.

Apareceu ao día seguinte. Coco, extenuado, deitárase. Ao que viu chegar o rapaz ergueuse, coa esperanza de que por fin o cambiase de sitio.

Porén, o pequeno campesiño nin sequera lle tocou ao pau cravado na herba. Achegouse, mirou o animal, lanzoulle ao nariz un terrón que se esnafrou no cabalo pedrés e volveu marchar asubiando.

A besta ficou en pé mentres puido dexergalo; logo, sabendo que as súas tentativas para alcanzar a herba próxima serían inútiles, deitouse de novo sobre a illarga e pechou os ollos.

Ao día seguinte, Zidore non foi onda el.

Cando se achegou ao día seguinte a un Coco aínda deitado, decatouse de que estaba morto.

Daquela quedou de pé, fitándoo, satisfeito da súa obra e ao tempo sorprendido de que todo acabase tan axiña. Tocouno co pé, levantoulle un pezuño e deixouno caer, sentou enriba del e ficou alí, cos ollos cravados na herba e sen pensar en nada.

Tornou ao casal, pero nada dixo do acontecido, xa que quería seguir vagabundeando aínda nas horas nas que adoitaba ir cambiar de sitio o cabalo.

Foi velo ao día seguinte. Os corvos voaban xa pola contorna. Innumerables moscas paseaban sobre o cadáver e zoaban ao seu redor.

Cando volveu, anunciou o acontecido. A besta era tan vella que a ninguén lle sorprendeu. O amo díxolles a dous criados:

—Collede as pas para cavar unha foxa onde está.

E os homes soterraron o cabalo xusto no lugar no que morrera de fame.

E a herba medrou frondosa, averdada, vizosa, alimentada por aquel pobre corpo.

A man

Arrodeaban o señor Bermutier, o xuíz de instrución, que daba o seu parecer sobre o misterioso caso acontecido en Saint-Cloud. Aquel inexplicable crime levaba un mes inquietando a todo París. Ninguén entendía nada.

O señor Bermutier, de pé, de costas á cheminea, falaba, xuntaba as probas, discutía as diversas opinións, mais non se pronunciaba.

Varias mulleres levantáranse para achegarse e ficaban de pé, coa ollada fixa na boca barbeada do maxistrado, de onde saían graves palabras. Arrepuiñábanse, vibraban, crispadas polo seu medo curioso, pola ávida e insaciable necesidade de espanto que habitaba na súa alma e que as atormentaba coma a fame negra.

Unha delas, máis alba que as outras, interveu tras un silencio:

—É horrible. Chega ao «sobrenatural». Nunca saberemos nada.

O maxistrado volveuse cara a ela:

—Si, señora, é probable que nunca saibamos nada. En canto ao da palabra sobrenatural que acaba de empregar, non pinta nada aquí. Estamos diante dun crime habilmente concibido, habilmente executado, aínda que tan envurullado no misterio que non podemos clarexar as circunstancias impenetrables que o rodean. Mais, xacando, eu tiven que seguir un caso no que verdadeiramente semellaba mesturarse algo fantástico. Ademais, vinme obrigado a abandonalo pola falta de medios para o esclarecer.

Varias mulleres faloron asemade, tan rápido que as súas voces soaron á xunta:

—Oh, cóntenolo!

O señor Bermutier sorriu circunspecto, como debe sorrir un xuíz de instrución. E volveu falar:

—Non crean que eu supuxen nin por un instante que nesta aventura haxa algo sobrehumano. Eu só creo nas causas normais. Pero se, no canto de nos servir da palabra «sobrenatural» para expresar o que non comprendemos, utilizásemos simplemente a palabra «inexplicable», acaeríalle ben mellor. En calquera caso, no

asunto que lles vou contar, son sobre todo as circunstancias circundantes, as circunstancias preparatorias as que me conmovieron. En fin, velaquí os feitos.

»Daquela eu era xuíz de instrución en Ajaccio, unha pequena vila branca que se espallaba ao bordo dun admirable golfo completamente cercado de altas montañas.

»Naquel lugar, o que máis perseguía eran casos de vendetas. Habíaos soberbios, dramáticos en sumo grao, feroces, heroicos. Atopabamos alí os máis considerables motivos de vinganza que se poidan imaxinar: odios seculares, apazugados durante un tempo, pero que nunca esmorecían, socaliñas abominables, asasinatos que chegaban a ser masacres e case accións gloriosas. Logo de dous anos non oía falar máis que do prezo do sangue, dese terrible prexuízo corso que obriga a vingar toda inxuria na persoa que a fixo, nos seus descendentes e nos seus achegados. Vira degolar anciáns, nenos, curmáns; tiña a cabeza chea destas historias.

»Ora ben, un día souben que un inglés acababa de alugar por varios anos unha pequena vila ao fondo do golfo. Traía canda el un doméstico francés que collera ao pasar por Marsella.

»Axiña todo o mundo se ocupou deste singular personaxe, que vivía só na súa morada e non saía máis que para cazar e pescar. Non falaba con ninguén, nunca ía á vila e adestrábase cada mañá durante unha ou dúas horas no tiro con pistola e con carabina.

»Xurdiron lendas sobre el. Sostíñase que era un persoeiro que fuxira da súa patria por razóns políticas; logo afirmouse que se escondía tras cometer un crime espantoso. Mesmo se aludía a unhas circunstancias particularmente horribles.

»Na miña calidade de xuíz de instrución quixen requirir algunha información sobre este home, mais resultoume imposible saber nada. Facíase chamar Sire John Rowell.

»Así que me contentei con andar á espreita, aínda que en realidade non había nada sospeitoso no seu aspecto.

»Con todo, como as azueiras sobre el continuaban, medraban e se espallaban arreo, acordei ir ver cos meus propios ollos este estranxeiro, e fun cazar decote na contorna da súa propiedade.

»Esperei a ocasión durante bastante tempo. Por fin presentouse baixo a forma dunha perdiz á que tirei e que matei

diante do fociño do inglés. O meu can tróuxoma, pero eu, recollendo deseguida a caza, funme desculpar pola miña inconveniencia e rogarlle a Sire John Rowell que aceptase a ave morta.

»Era un home acorporado, de cabelos e barba rubios, moi alto, moi ancho, unha especie de hércules calmo e cortés. Non posuía ren da coñecida rixidez británica e agradeceu vivamente a miña delicadeza nun francés con acento do outro lado do canal da Mancha. Ao cabo dun mes, paroláramos cinco ou seis veces.

»Por fin, unha tarde, ao pasar por diante da súa porta, vin que fumaba na súa cachimba, escarranchado nunha cadeira no xardín. Saudeino e el invitoume a entrar e a beber un vaso de cervexa. Eu non me fixen de rogar.

»Recíbiume con toda a meticulosa cortesía inglesa, falou con encomio de Francia, de Córsega, declarou que lle encantaba *este* país e *esta* costa.

»Daquela eu, con grandes miramentos e aparentando un vivo interese, formuleille algunhas preguntas sobre a súa vida e sobre os seus proxectos. El respondeu sen empezou ningún; contoume que viaxara moito por África, polas Indias, por América. E engadiu, rindo:

»—Pasei *many* aventuras! Oh, *yes!*

»Logo eu comecei a falar de caza e contoume detalles ben curiosos sobre a caza do hipopótamo, do tigre, do elefante e até do gorila.

»Eu dixen:

»—Todos eses animais son temibles.

»El sorriu:

»—Oh, *no!* O máis temible *ser* o home.

»E atacou a rir, cun riso agradable de gordo inglés alfúfaro:

»—Tamén cacei *a lot of* homes.

»Despois falou de armas e ofreceume entrar na súa casa para me amosar fusís con diversos sistemas.

»O seu salón estaba tapizado de negro, con seda negra bordada en ouro. Grandes flores amarelas ateigaban a sombría tea e brillaban coma o lume.

»El anunciou:

»—*Ser* un pano xaponés.

»Mais, no medio do entrepano máis ancho, un estraño fros atraeu a miña atención. Nun cadrado de veludo vermello salientaba un obxecto negro. Achegueime: era unha man, unha man de home. Non a man dun esqueleto, branca e limpa, senón unha man negra desecada, coas unllas amarelas, os músculos ao descuberto e rastros de sangue vello, de sangue semellante á cotra, sobre os ósos cortados en seco, coma por mor dun machadazo, contra a metade do antebrazo.

»Ao redor do pulso, unha enorme cadea de ferro, remachada, soldada a aquel membro pouco aseado, atábao á parede cun elo o bastante forte como para levar atado un elefante.

»Eu preguntei:

»—Que é isto?

»O inglés respondeu tranquilamente:

»—*Ser* o meu inimigo meirande. *Vir* de América. Foi rachado co sabre, a pel arrincada cunha pedra aguzada e secado ao sol oito *days*. Oh, moi bo para min, por certo.

»Eu toquei aquel resto humano, que debeu pertencer a un coloso. Os dedos, desmesuradamente longos, estaban unidos por enormes tendóns que conservaban estreitas tiras de pel nalgunhas partes. Esta man resultaba tan horrible á vista, así esfolada, que facía pensar naturalmente nalgunha vinganza salvaxe.

»—Este home debía de ser moi forte —dixen eu.

»O inglés falou con dozura:

»—Oh, *yes*, pero eu *ser* máis forte ca el. *Poñer* esta cadea para suxeitalo.

»Crin que estaba de broma e dixen:

»—Esta cadea agora resulta inútil, a man non vai escapar.

»Sire John Rowell replicou moi serio:

»—Sempre *querer* marchar. *Precisar* a cadea.

»Cunha rápida ollada esculquei o seu rostro, mentres me preguntaba: «É un tolo ou un bromista pesado?». Mais a súa faciana seguía a ser impenetrable, tranquila e indulxente. Cambiei de tema e admirei os fusís. Porén, reparei en que había tres revólveres cargados pousados encol dos mobles, coma se aquel home vivise nun constante receo por mor de calquera ataque.

»Volvín varias veces á súa casa. Logo deixei de ir por alí. A xente afixérase á súa presenza e tratábao con indiferenza.

»Decorreu un ano enteiro. Pero unha mañá, contra finais de novembro, o meu criado espertoume para me anunciar que Sire John Rowell fora asasinado durante a noite.

»Media hora máis tarde eu entraba cas do inglés co comisario xefe e mais co capitán da xendarmaría. O lacaios, delirante e desolado, choraba diante da porta. Ao primeiro sospeitei del, pero era inocente.

»Nunca se puido atopar o culpable.

»Ao entrar no salón de Sire John, boteille unha ollada ao cadáver, deitado barriga arriba, no medio da estancia.

»O chaleco estaba resgado, unha manga arrincada penduraba, revelando que tivera lugar unha terrible loita.

»O inglés morrera esganado! A súa face azuída e inchada, pavorosa, parecía expresar un abominable espanto; apertaba algo entre os dentes e o seu pescozo, esfuracado por cinco buracos que semellaban feitos con unhas puntas de ferro, estaba cuberto de sangue.

»Uníusenos un médico. Examinou longo tempo as marcas dos dedos na carne e pronunciou estas estrañas palabras:

»—Diríase que foi estrangulado por un esqueleto.

»Un arreguizo percorreu todo o meu lombo e dirixín a mirada cara á parede, ao lugar onde noutroira vira a horrible man esfolada. Xa non estaba alí. A cadea penduraba, rota.

»Daquela aniqueime a carón do morto e atopei na súa boca crispada un dos dedos daquela man desaparecida, rabenado ou máis ben serrado cos dentes xusto na segunda falanxe.

»A seguir procedemos coas constatacións. Non descubrimos ren. Ningunha porta fora forzada, ningunha fiestra, ningún moble. Os dous cans gardiáns non espertaran.

»Velaquí, en poucas palabras, a declaración do doméstico:

»Desde había un mes, o seu patrón semellaba axitado. Recibira moitas cartas, que sempre queimaba. Cadora, collendo unha xostra, cunha cólera que semellaba demencia, batera con furor naquela man seca, cravada na parede e levada, non se sabe como, á mesma hora do crime. Deitábase moi tarde e pechábase

baixo sete chaves. Tiña sempre armas ao alcance da man. A miúdo, pola noite, falaba a berros, coma se rifase con alguén. Aquela noite, por casualidade, non fixera ruído ningún, e só cando o servente foi abrir as fiestras atopou a Sire John asasinado. Non sospeitaba de ninguén.

»Eu comuniquéilles o que sabía do morto aos maxistrados e aos oficiais da forza pública, e fixemos por toda a illa unha minuciosa pescuda. Non descubrimos ren.

»Porén, unha noite, tres meses despois do crime, tiven un pesadelo arrepiante. Pareceume ver a man, aquela horrible man, correr coma un escorpión ou coma unha araña ao longo das miñas cortinas e das miñas paredes. Tres veces espertei; tres veces adormecín de novo; tres veces volvíñ ver aquel noxento resto galopar ao redor do meu cuarto movendo os dedos coma patas.

»Á mañá seguinte trouxéronma. Atopáрана no cemiterio, sobre a tumba de Sire John Rowell, enterrado alí pois non puideran atopar familiar ningún. Faltáballe o dedo mostreiro.

»Señoras, esta é a miña historia. Non sei máis nada.

As mulleres, enlouquecidas, estaban pálidas, arrepuñadas. Unha delas berrou:

—Pero isto non é un desenlace, nin unha explicación! Non prenderemos no sono se non nos di a súa opinión sobre o que pasou.

O maxistrado sorriu con severidade:

—Oh, señoras! En verdade, vou estragar os seus terribles soños. Sinxelamente penso que o lexítimo propietario da man non estaba morto, e que a veu buscar coa que lle quedaba. Mais non dei sabido como o fixo. Foi unha sorte de vendeta.

Unha das mulleres murmurou:

—Non, non puido ser así.

E o xuíz de instrución, sempre sorrindo, concluíu:

—Xa lles dixen que a miña explicación non lles ía interesar.

O esmoleiro

Malia a miseria e a súa doenza, xa coñecera días mellores.

Aos quince anos atropeláralo unha carruaxe na estrada xeral de Varville e esmagáralle as dúas pernas. E desde aquela pedira esmola arrastrándose polos camiños e polos currais das granxas, arrandeándose nas súas muletas, o cal fixera que os ombreiros se lle levantasen á altura das orellas e que a súa cabeza semellase encovada entre dúas montañas.

Neno atopado nunha gabia polo párroco de Billettes a véspera do día de defuntos, e por mor deste feito bautizado como Nicolao de Todos os Santos, criado pola caridade, alleo a calquera ensino, tolleito tras beber uns vasos de augardente que lle ofrecera o panadeiro da vila, unha historia graciosa, e desde entón vagabundo, non sabía facer máis nada que estricar a man.

Xacando, a baronesa de Avary cedéralle para durmir unha especie de caseto cheo de palla a rentes do galiñeiro, na granxa estremeira ao castelo, onde, nos días de moita fame, estaba seguro de atopar sempre un codelo de pan e mais un vaso de sidra na cociña. Tamén adoitaba recibir alí unhas poucas moedas que lle tiraba a vella dama desde o alto da súa escalinata ou desde as fiestras do seu aposento. Pero agora ela estaba morta.

Nas vilas non lle daban nin un pataco. Coñecíanlo por de máis. Cansaran del logo de ver como paseaba o seu corpo fargallón e aleixado sobre dúas patas de madeira durante corenta anos de cacharufo en cacharufo. E, así a todo, non quería marchar de alí porque non coñecía outra cousa no mundo que aquel recanto da bisbarra, aquelas tres ou catro aldeíñas polas que decorrera a súa miserenta vida. Puxéralle fronteiras á súa mendicidade e endexamais cruzara os límites que estaba avezado a non atravesar nunca.

Ignoraba se o mundo se estendía alén das árbores que sempre acoutaran a súa vista. Nin sequera se lle ocorría pensalo. E cando os campesiños, aborrecidos de atopalo decontino nas extremas das súas leiras ou nas súas gabias, lle berraban: «Por que non marchas a outras vilas no canto de tangoneares sempre

coas túas muletas por aquí?», el non respondía e afastábase, paralizado por un vago temor ao descoñecido, por un medo de pobre que recea confusamente de mil cousas: dos rostros novos, das aldraxes, das olladas suspicaces da xente que non o coñecía e dos xendarmes que percorren os camiños en parella e que o facían chorar, por instinto, nas silveiras ou detrás dos penedos.

Non ben os dexergaba, pimpantes á raxeira, recuperaba de socato unha salientable axilidade, unha axilidade bárbara para chegar a algún agocho. Baixaba precipitadamente das muletas, deixábase caer ao xeito dun pelgato e acuruxábase, e volvíase moi pequeno, invisible, lixeiro coma unha lebre no seu tobo, confundindo os seus farrapos mouros coa terra. Facíao a pesar de que endexamais tivera leas con eles; levábo no sangue, coma se recibise ese medo e esa maña dos seus pais, aos que nunca coñecera.

Non tiña abeiradoiro, nin teito, nin pendello, nin abrigo. No verán durmía en calquera sitio, e no inverno coábase nos celeiros ou nas cortes con habelencia notable. Sempre saía a fume de carozo antes de que se apercibisen da súa presenza. Coñecía os buracos para entrar nas construcións, e como o manexo das muletas dotara os seus brazos dun sorprendente vigor, gabeaba co único impulso dos seus pulsos polos alboios da forraxe, onde quedaba ás veces catro ou cinco días sen moverse tras recoller na súa viaxe provisións abondas.

Vivía coma os animais dos bosques, entre os homes, sen coñecer a ninguén, sen amar a ninguén, sen espertar nos paisanos máis que unha sorte de desprezo indiferente e de resignada hostilidade. Puxéranlle o alcume «Campá», porque se balanceaba entre as súas dúas estacas de madeira como bate o badalo dun sino.

Había dous días que non comía ren. Ninguén lle daba cousa. Xa non querían saber máis del. Os labregos, ao que o vían achegarse, berrábanlle desde as súas portas:

—E non marcharás de aquí, paifoco! Se hai tres días que che dei un codelo de pan!

El viraba sobre as súas madeiras e encamiñábase á casa do lado, onde o recibían do mesmo xeito.

As mulleres falaban, dunha porta á outra:

—Non podemos manter este camanduleiro todo o ano.

Mais o camanduleiro precisaba comer decotío.

Percorrera Saint-Hilaire, Varville e Billettes sen recoller nin un pataco nin unha codia resesa. Só lle quedaba a esperanza de Tournolles, pero aínda lle faltaban dúas leguas pola estrada xeral e sentíase derreado para se arrastrar co bandullo tan baleiro coma o seu peto.

Malia todo, comezou a andar.

Era o mes de decembro e un vento frío corría polas campelas e zoaba nas pólas núas; as nubes galopaban polo ceo baixo e avesedo, bulindo cara a non se sabe onde. O eivado avanzaba devagar, desprazando os seus puntos de apoio un despois do outro cun penoso esforzo, acomodándose sobre a perna torta que lle quedaba, cun pé pateño e calzado cun farrapo.

Cada cando sentaba nunha gabia e descansaba un bocado. A fame facíalle sentir angustia na súa alma confusa e pesada. Non tiña máis que unha idea: «comer», mais descoñecía de que maneira.

Durante tres horas penou polo longo camiño; despois, cando albiscou as árbores da vila, avivou a marcha.

O primeiro paisano co que bateu e ao que lle pediu unha esmola, respondeulle:

—Outra vez por aquí, vello fregués! Seica nunca nos libraremos de ti!

E Campá arredouse. De porta en porta maltratárono e botárono sen darlle nada. Porén, seguiu a súa viaxe, paciente e teimudo. Non recolleu nin unha cadela.

Logo visitou as granxas, deambulando polas leiras enchoupadas pola chuvia, tan derreado que xa non daba levantado os seus bastóns. Botárono de todos os sitios. Ía un deses días fríos e tristes nos que os corazóns se pechan, o carácter se irrita e a alma está sombría, nos que a man non se abre nin para dar nin para socorrer os pobres.

Cando acabou de visitar todas as casas que coñecía, foise estomballar no curruncha dunha gabia, nos lindes do eirado do amo Chiquet. Descolgouse, como dicían para expresar o xeito en que se deixaba caer das súas altas muletas facendo que escorregasen

polos seus brazos, e ficou un bo anaco inmóbil, comesto pola fame, mais demasiado brután para se decatarse da súa insondable miseria.

Agardaba non sabía o que, nesa vaga espera que permanece constantemente en nós. Agardaba nun recuncho daquel eirado, baixo o vento xélido, a misteriosa axuda que se espera sempre do ceo ou dos homes, sen preguntarse como, nin por que, nin de quen podería chegar. Unha bandada de galiñas negras pasou, buscando alimento na terra que alimenta a todos os seres. Petiscaban seguido co bico un gran ou un insecto invisible, e despois continuaban a súa lenta e segura busca.

Campá miraba para elas sen pensar en nada; despois tivo, antes no bandullo que na cabeza, unha sensación máis que unha idea: algún daqueles animais sería bo para comelo asado ao lume.

Nin sequera lle pasou polo maxín a sospeita de que ía cometer un roubo. Colleu unha pedra que tiña ao alcance da man e, como era adoito, ao lanzala deu no albo e afitou a ave que tiña máis preto. O animal caeu sobre o flanco batendo as ás. As outras fuxiron, balanceándose sobre as súas febles patas, e Campá, escalando de novo nas súas muletas, botou a andar para recoller a peza, con movementos parecidos aos das galiñas.

Cando xa chegaba a son daquel pequeno corpo negro coa cabeza manchada de vermello, recibiu un terrible repuxón nas costas que fixo que soltase os seus bastóns e que os enviase arrolando dez pasos por diante. E o amo Chiquet, alporizado, abalanzándose sobre aquel abesullón, catoulle o lombo, bourando nel coma un tolo, como malla un campesiño en quen lle rouba, cos puños e cos xeonllos por todo o corpo do tolleito, que non podía defenderse.

A xente da granxa non tardou en chegar onda eles e deu en zumbar no esmoleiro co seu amo. Despois, cando cansaron de zoscar nel, recollérono, levárono e encerrárono no leñeiro namentres ían buscar os gardas.

Campá, case morto, deitando sangue e esfameado, quedou tendido no chan. Chegou a tarde, despois a noite e logo a alba. Aínda non comera.

Contra o mediodía apareceron os gardas e abriron a porta con precaución, esperando atopar resistencia, pois o amo Chiquet

contáralles que fora atacado polo mendigo e que malamente se defendera.

O cabo berrou:

—Veña, de pé!

Mais Campá non se podía mover; tentou izarse sobre os pés, pero non o conseguiu. Coidaron que finxía, que era unha artimaña, unha malquerenza do malfeitor, e os dous homes armados, tratárono con rudeza, arramplaron con el e chantárono pola forza nas súas muletas.

O medo apoderárase del, ese medo natural aos gardas, ese medo da presa diante do cazador, do rato diante do gato. E cun grande esforzo logrou manterse ergueito.

—Andando! —dixo o cabo.

E camiñou. Toda a xente da granxa viuno partir. As mulleres ameazárono co puño; os homes rían burleiros e aldraxábano: sen tempo non era que o levasen! Por fin!

Arredouse entre os seus dous gardas. Atopou a enerxía desesperada que lle facía falla para arrastrarse até aquela tarde, abestado, sen saber o que lle ía pasar, demasiado asustado para entender.

A xente coa que se cruzaba paraba para velo pasar e os paisanos rexoubaban:

—É un ladrón!

Xa era noite cando chegaron á capital do cantón. Endexamais andara por alí. Certamente non se decatara do que pasaba, nin do que lle ía suceder. Todas aquelas cousas terribles, imprevistas, aquelas figuras e aquelas casas novas o consternaban.

Non dixo nin palabra porque non tiña nada que dicir nin entendía nada. Ademais, logo de tantos anos sen falar con ninguén, case nin sequera sabía usar a lingua, e os seus pensamentos eran confusos dabondo para os expresar con palabras.

Encerrárono na prisión da vila. Aos xendarmes non se lles ocorreu que podía ter gana de comer e deixárono alí até o día seguinte.

Mais, cando foron buscalo para interrogalo, ao amencer, atopárono morto no chan. Que sorpresa!

Un parricida

O avogado argüíra loucura. Como explicar doutro xeito aquel estraño crime? Unha mañá atoparan na xunqueira, preto de Chatou, dous cadáveres abrazados, o dunha muller e mais o dun home, dúas coñecidas persoas da boa sociedade, adiñeiradas e xa non moi novas. Casaran había un ano, logo da dona enviudar tres anos antes.

Non se lles coñecían inimigos, non foran vítimas de roubo ningún. Semellaba que os tiraran desde a ribeira ao río, despois de bater neles, primeiro nun e a seguir no outro, cunha longa punta de ferro.

A pescuda non revelara nada. Os barqueiros interrogados non sabían ren. Xa se ía sobreeser o caso cando un mozo carpinteiro dunha vila veciña, chamado Georges Louis e alcumado «O Burgués», se declarou culpable. A todas as preguntas, unicamente respondeu isto:

—Coñecía o home desde había dous anos, a muller desde hai seis meses. Acostumaban vir onda min para me encargan a reparación de mobles vellos, porque eu son adoito neste oficio.

E cando lle preguntaban:

—Por que os matou?

El respondía teimudo:

—Mateinos porque quixen matalos.

Non houbo modo de sacarlle outra cousa.

Sen dúbida, este home era un fillo natural, que pasara a crianza na contorna e despois fora abandonado. Non tiña máis nome que o de Georges Louis, mais, como ao medrar demostrou que avantaxaba os seus camaradas pola súa intelixencia e por posuír gustos e exquisiteces innatas, recibiu o alcume de «O Burgués», e xa non se lle chamou doutra maneira. Tiña sona de ser notablemente destro no oficio de carpinteiro que desenvolvía. Mesmo facía algo de escultura en madeira. Asegurábase así mesmo que era moi exaltado, adepto ás doutrinas comunistas e até nihilistas, gran lector de novelas de aventuras, de relatos sobre dramas sangrentos, elector influente e habelencioso orador nas xuntanzas públicas de obreiros ou de campesiños.

O avogado argüíra loucura.

Como admitir se non que este obreiro matase os seus mellores clientes, uns clientes ricos e xenerosos (el recoñecía), que lle encargaban desde había dous anos traballos por tres mil francos (do cal daban fe os seus libros)? Só había unha explicación: a loucura, a obsesión dun home arrincado da súa clase que acomete a súa vinganza de todos os burgueses en dous deles; e o avogado fixo unha hábil alusión ao alcume O BURGUEÉS co que era coñecido este abandonado na rexión. Vociferaba:

—Non é unha ironía, e unha ironía capaz de exaltar aínda máis este malpocado rapaz que non ten pai nin nai? É un ardente republicano. Que digo? Se mesmo pertence a ese partido político que a República fusilaba e desterraba non hai tanto e que hoxe acolle cos brazos abertos, a ese partido para o que o incendio é un principio e o homicidio un recurso ben simple.

»Estas tristes doutrinas, agora aclamadas nas reunións públicas, perderon este home. Escolto como os republicanos, incluso as mulleres, si, as mulleres!, reclamaban o sangue do señor Gambetta, o sangue do señor Grévy, e a súa enferma razón naufragou. Quería sangue, sangue de burgués!

»Señores, non é a el a quen cómpre condenar, senón a Comuna!

Propagáronse murmurios de aprobación. Presentíase que a causa estaba gañada para o avogado. O ministerio fiscal non replicou.

Entón o presidente fíxolle ao inculpado a pregunta habitual:

—Acusado, ten algo que engadir na súa defensa?

O home ergueuse:

Era de baixa estatura, louro coma o liño, cos ollos agrisados, firmes e claros. Unha voz forte, franca e sonora saíu daquel feble rapaz e cambiou bruscamente, coas súas primeiras palabras, a opinión que formaran del.

Falou con altiveza e cun ton declamatorio, mais tan claro que até as súas menores palabras se podían oír desde o fondo da gran sala:

—Señor presidente, como non quero ir ao manicomio, pois antes prefiro a guillotina, confesareino todo.

»Matei ese home e esa muller porque eran meus pais.

»Agora, escóiteme e xúlgueme.

»Unha muller, tras parir un fillo, mandouno criar fóra. Só ela soubo a que rexión levou o seu cómplice aquel pequeno ser inocente, pero xa condenado a unha miseria eterna, á vergonza dun nacemento ilexítimo, máis que iso, á morte, pois abandonouno, xa que a ama de cría, ao non volver recibir a súa asignación mensual, ben podía, como fan decote, deixalo esmirrar, pasar fame, morrer de desamparo.

»A muller que me aleitou foi honesta, máis honesta, máis muller, máis grande, máis nai que a miña nai. Ela crioume. Fixo mal cumprindo o seu deber. Se cadra mellor sería deixar morrer estes desgraciados tirados das vilas dos arrabaldes, como se tira un reboutallo nunha mouteira.

»Medrei coa vaga impresión de que arrastraba unha deshonra. Os demais nenos chamáronme un día «bastardo». Non sabían o que significaba esa palabra, que un deles oíra dicir na casa dos pais. Eu tamén o ignoraba, mais sentina.

»Eu era, modestamente, un dos máis intelixentes da escola. Puiden ser un home honesto, señor presidente, talvez un home importante, se meus pais non cometesen o crime de me abandonaren.

»Este crime cometérono contra min. Eu fun a vítima, eles foron os culpables. Eu non podía defenderme e eles non tiveron piedade. Debían amarme, pero rexeitáronme.

»Eu debíalles a vida, mais, é a vida un agasallo? A miña, en todo caso, non foi máis que unha desgraza. Tras o seu vergoñoso abandono, non lles debía outra cousa que a vinganza. Comigo cometeron o acto máis inhumano, o máis infame, o máis monstruoso que se poida cometer contra un ser.

»Un home a quen inxurian, golpea; un home a quen lle rouban, recupera os seus bens pola forza. Un home enganado, burlado e martirizado, mata; un home losqueado, mata; un home deshonrado, mata. Eu fun máis roubado, enganado, martirizado, losqueado moralmente e deshonrado que todos aqueles cuxa cólera vostede absolve.

»Vingueime, matei. Era o meu lexítimo dereito. Arrebateilles a súa feliz vida en troco da vida horrible que eles me impuxeran.

»Falarán vostedes de parricidio! Eran os meus pais esa xente para a que eu fun unha carga abominable, un terror, unha mancha de infamia; para os que o meu nacemento foi unha calamidade e a miña vida a ameaza da vergonza? Buscaban un pracer egoísta e tiveron un neno que non esperaban. E prescindiron do neno. Chegara a miña quenda de facer o mesmo con eles.

»E, con todo, ultimamente, mesmo estaba disposto a amalos.

»Hai dous anos, xa llelo dixen, que o home, o meu pai, apareceu no meu negocio por vez primeira. Eu nada sospeitaba. Encargoume dous mobles. Informárase, sóubeno máis tarde, onda o cura, en segredo, xaora.

»Volveu con frecuencia; dábame traballo e pagaba ben. Ás veces incluso mantiñamos algunha conversa. Sentía afecto por el.

»A primeiros deste ano trouxo a muller, a miña nai. Cando entrou, ela tremía tanto que eu crin que padecía algunha doenza nerviosa. Pidiu axiña un asento e un vaso de auga. Non falou nada; ollou os meus mobles con face de tola e non respondía máis que si e non, sen xeito nin modo, a todas as preguntas que eu lle facía. Cando marchou, coidei que estaba un pouco chalada.

»Tornou ao mes seguinte. Estaba tranquila e dona de si. Aquel día ambos os dous quedaron bastante tempo a botar un parrafeo e fixéronme unha encarga considerable. Volvina ver aínda tres veces máis, sen adiviñar nada. Mais, certo día, velaquí que se me pon a falar da miña vida, da miña infancia, dos meus pais. Eu respondín: «Os meus pais, señora, foron uns miserables que me abandonaron.» Entón ela levou a man ao corazón e sufriu un esvaecemento. Eu pensei decontado: «É a miña nai!», pero gardeime ben de facelo notar. Quería ver por onde saía.

»Así pois, eu tamén me informei pola miña conta. Souben que só levaban casados desde o pasado mes de xullo, e que a miña nai quedara viúva tres anos antes. Rexoubábase que xa eran amantes en vida do primeiro marido, pero probas non había ningunhas. Eu era a proba, a proba que primeiro agocharan e esperaran destruír logo.

»Agardei. Ela volveu aparecer unha tarde, sempre acompañada do meu pai. Aquel día semellaba moi emocionada,

descoñezo a razón. Despois, chegado o momento de marchar, díxome: «Téñolle grande estima porque parece un mozo honesto e traballador. Sen dúbida, pensará casar algún día. Gustaríame axudarlle para que elixa libremente a muller que lle conveña. Eu casei contra a miña vontade unha vez, e ben sei canto se sofre por tal causa. Agora son rica, sen fillos, libre, dona da miña fortuna. Aquí ten o seu dote.»

»E entregoume un gran sobre ás agochadas.

»Eu mireina en fite e díxenlle: «É vostede a miña nai?»

»Ela recuou tres pasos e tapou os ollos coa man para non mirar para min. El, o home, o meu pai, termou dela e berroume: «Está vostede tolo?»

»Eu respondín: «En absoluto. Sei con certeza que son os meus pais. Non me engano. Conféseno e gardareilles o segredo. Nada lles hei pedir. Quedarei como o que son, un carpinteiro.»

»El dirixiuse cara á saída, sempre termendo da muller, que comezaba a saloucar. Eu corrín pechar a porta, gardei a chave no peto e continúei: «Mírea e atrévase a negar que é a miña nai.»

»Entón el enfureceuse, tornou pálido, espantado polo pensamento de que o escándalo que se evitara até daquela podía esbourar de súpeto; de que a súa situación, a súa reputación, o seu honor quedarían desgraciados de golpe. Balbuciu: «É vostede un canalla que nos quere sacar os cartos. Axudade ao pobo, a estes pailarocos, axudádeos, acudídelles!».

»Miña nai, incómoda, repetía seguido: «Vamos, vamos.»

»E como a porta estaba pechada, el berrou: «Se non me abre de inmediato, farei que o metan na cadea por chantaxe e violencia!»

»Eu ficaba calmo; abrín a porta e vin como se perdían nas sombras.

»De socato pareceume que acababa de quedar orfo, de ser abandonado, guindado ao río. Invadíume unha espantosa tristura, mesturada coa carraxe, co odio, co noxo. Sentía como unha revolta en todo o meu ser, unha revolta de xustiza, de rectitude, de honor, de afecto rexeitado. Botei a correr para alcanzalos pola beira do Sena, que debían seguir para chegaren á estación de Chatou.

»Axiña os alcancei. Xa era noite pecha. Camiñaba con sixilo sobre a herba, de maneira que eles non me sentiron. A miña nai

choraba arreo. O meu pai dicíalle: «É culpa túa. Por que gurraches en ir onda el? Foi unha loucura na nosa posición. Puidemos axudalo na distancia, sen nos expoñer. Xa que non podemos recoñecelo, de que serviron estas perigosas visitas?»

»Daquela abalanceime sobre eles, suplicando. Balbucín: «Saben que son os meus pais. Xa me rexeitaron unha vez, volverán facelo?»

»Entón, señor presidente, el levantoume a man, xúrollo pola miña honra, pola lei, pola República. Bateu en min, e cando eu o apreixei polos colares, tirou un revólver do peto.

»Alporiceime, xa non sei, levaba no peto o meu compás, e apanquei nel, apanquei nel todo o que puiden.

»Ela deu en berrar: «Socorro! Ao asasino!», ao tempo que me tiraba das barbas. Creo que tamén a matei. Seica podo saber o que fixen naquel momento?

»Logo, ao contemplar a ambos os dous no chan, guindeinos ao Sena, sen pensalo.

»E isto é todo. Agora, xúlgueme.

O acusado volveu sentar. Ante aquela revelación, a causa foi adiada até a seguinte sesión. Axiña chegará. Se fósemos membros do xurado, que faríamos con este parricida?

O pequecho

Lemonnier quedara viúvo cun neno. Amara con loucura a súa muller, cun amor intenso e tenro e sen un só esmorecemento ao longo de toda a súa vida en común. Era un bo home, unha persoa simple, moi simple, sincero, nada desconfiado e sen malicia.

Namorouse dunha súa veciña moi pobre, pediulle matrimonio e casou con ela. Rexentaba unha tenda de panos bastante próspera, gañaba cartos abondos e non dubidou nin por un segundo que sería aceptado por aquela moza.

E fíxoo moi feliz. Para el non existía outra muller no mundo que non fose ela, só pensaba nela e miraba para ela seguido con ollos de rendido admirador. Durante as comidas, cometía un cento de torpezas por non apartar a mirada daquel amado rostro: vertía o viño no prato e a auga no saleiro e despois atacaba a rir coma un cativo, repetindo:

—Ves como te amo demasiado? Por iso fago un monte de parvadas.

Ela sorría, cun aire calmo e resignado, e deseguida entornaba os ollos, como violenta por mor da adoración do seu home, e trataba de que falase e de charlar con el sobre calquera cousa, pero el buscaba a súa man na mesa e apertáballa, ao tempo que lle murmuraba:

—Miña pequena Jeanne, querida e pequena Jeanne!

Ela remataba impacientándose e dicía:

—Veña, veña, sé razoable. Come e déixame comer.

El ceibaba un suspiro e cortaba un anaco de pan, que mastigaba logo con lentitude.

Durante cinco anos non tiveron fillos. Mais, de súpeto, ela quedou grávida. Foi unha felicidade delirante. Durante o embarazo, el non se separou dela en ningún momento, por máis que a súa criada, unha vella que o criara e que tiña autoridade na casa, ás veces o botase fóra e pechase a porta para obrigalo a que marchase tomar o aire.

Mantiña unha amizade íntima cun mozo que coñecía a súa dona desde a infancia e que era subxefe de negociado na Prefectura. O señor Duretour ceaba na casa de Lemonnier tres

veces á semana, leváballe flores á señora e por veces entradas de palco para o teatro, e, decote, na sobremesa, o bo de Lemonnier, conmovido, exclamaba, dirixíndose á muller:

—Cunha compañia coma a túa e un amigo coma el, a miña felicidade neste mundo é completa.

Ela morreu no parto. E el a piques estivo de morrer tamén. Mais a presenza do naipelo, aquel pequeno ser crispado que choromicaba deulle azos.

Amouno cun amor apaixonado e doloroso, cun amor doente onde remanecía a lembranza da morte, mais no que sobrevivía algo da súa adoración pola defunta. Era carne de súa muller, a prolongación do seu ser, coma a quintaesencia dela. Aquel neno era a súa vida pero depositada noutro corpo; ela desaparecera para que el existise. E o pai bicábao con furia. Aínda que tamén mataría aquel cativo, pois collera, ripara aquela existencia adorada, alimentárase dela, bebera a súa parte de vida. E Lemonnier acochaba o seu fillo no berce e sentaba a son del para o contemplar. Ficaba alí horas e horas, abesullándoo, soñando con mil cousas tristes ou gratas. Logo, como o pequecho durmía, encovaba o rostro e choraba para os seus adentros.

O rapaz medrou. O pai non podía pasar un momento sen a súa presenza: andaba decontino detrás del, paseábao, vestíao el mesmo, bañábao, dáballo a comida... O seu amigo, o señor Duretour, tamén parecía querer o cativo e bicábao con entusiasmo, con eses frenesís de tenrura que teñen os pais. Guindábao polos aires, xogaba con el ás cabaliñas durante horas, e decote collíao no colo, levantaba o seu curto faldrón e beixaba as súas gordas nádegas de criatura e as súas redondas perniñas. Lemonnier, moi contento, murmuraba:

—Que lindo é, que lindo é!

E o señor Duretour estreitaba o neno entre os seus brazos, facéndolle cóxegas no pescozo co bigote.

Só Céleste, a vella criada, non parecía sentir tenrura ningunha polo pequecho. Anoxábase coas súas trasnadas e alporizábase cos mecós dos dous homes.

—Non se pode educar así un rapaz! Van convertelo nun bonito mono —exclamaba.

Pasou o tempo e Jean fixo nove anos. Apenas sabía ler, de tanto que o consentiran, e só facía o que lle petaba. Tiña unha chea de caprichos, un carácter obstinado e iradas perrenchas. O pai sempre cedía e concedíalle todo. O señor Duretour mercáballe e leváballe seguido os xoguetes que arelaba e ateigábao de pasteis e de caramelos.

Daquela Céleste alporizábase e berraba:

—Isto é unha vergonza, señor, unha vergonza. Van desgraciar o rapaz, desgraciarlo, seica non o entenden? Cómpre que isto remate; ai, si, si, isto vai acabar, dígollo eu, xúrollo, e non ha tardar.

Lemonnier respondía sorrindo:

—Que lle queres, muller? Quérolle demasiado e non sei resistir. Terás que tomar ti unha decisión.

Jean estaba feble, algo enfermo. O médico diagnosticoulle anemia e receitoulle ferro, carne encarnada e sopas con graxa.

Mais ao pequecho só lle gustaban os pasteis e rexeitaba calquera outra comida, e o pai, desesperado, enchíao de tortas con nata e de pasteis de chocolate.

Unha noite na que compartían mesa, Céleste pousou a sopeira cunha seguridade e un aire de autoridade que non adoitaba ter. Destapouna con brusquidade, mergullou o cullerón no medio, e anunciou:

—Velaquí un caldo como nunca lles fixen. Sería bo que desta vez o comese o pequecho.

Lemonnier, horrorizado, abaixou a cabeza. Decatouse de que aquilo non pintaba ben.

Céleste colleu o seu prato, encheullo e púxollo diante.

El probou axiña a sopa e falou:

—En efecto, é excelente.

Entón a criada apoderouse do prato do pequecho e verteu nel unha cullerada chea de sopa. A seguir, recuou dous pasos e agardou.

Jean olfacteouna, empurrou o prato e soltou un «buah» de desgusto. Céleste tornou pálida, achegouse bruscamente e, collendo a culler, meteuna pola forza, ben chea, na boca entreaberta do rapaz.

Este atragoouse, tusiu, esbirrou, cuspiu, e, berrando, agarrou con toda a man o seu vaso e arreboloullo á criada, que recibiu o golpe en pleno bandullo. Daquela, furiosa, apreixou a cabeza do pícaro debaixo do brazo e comezou a embucharlle sen parar as culleradas de sopa polo garneato. Pero el trousábaas deseguida, espernexaba, retorcíase, afogaba, sacudía as mans no aire, encarnado coma se fose morrer asfixiado.

Ao primeiro, o pai quedou tan sorprendido que non fixo nin un só movemento. Mais axiña se lanzou cunha rabia de tolo furioso contra a serventa, colleuna pola gorxa e acurralouna na parede.

—Fóra! Fóra! Fóra! Bruta! —balbucía.

Pero ela, dunha sacudida, empuxouno e, despeiteada, coa touca nas costas e os ollos escintilantes, berrou:

—E agora que lle pasa? Quere bater en min porque obrigo a comer a sopa a este rapaz que vai matar coas súas galdrumadas?

El repetía, tremendo da cabeza aos pés:

—Fóra! Vaite de aquí, bruta!

Entolecida, ela achegouse a el e, mirándoo en fite, tatexou:

—Ah...! Cre... cre que a min me pode tratar así, a min, a min...? Ah, non...! Por quen, por quen... por este mocoso que nin sequera é seu... Non... non é seu...! Non... non é seu...! Non é seu...! Non o é...! Todo o mundo o sabe, madeus! Agás vostede... Pregúntelle ao tendeiro, ao carnicero, ao panadeiro, a todos, a todos...

Farfallaba, sufocada pola carraxe; logo calou e fitouno.

El non se movía, lívido, cos brazos colgando. Ao cabo dalgúns segundos, balbuciu cunha voz apagada, trememente, na que con todo latexaba unha grande emoción:

—Dis...? Dis...? Que é o que dis?

Ela calou, espantada pola súa face. El deu un paso e repetiu:

—Dis...? Que é o que dis?

Entón ela respondeu, xa máis tranquila:

—Digo o que sei, xaora! O que todo o mundo sabe.

El ergueu as dúas mans e, lanzándose sobre ela cunha arroutada animal, tentou derrubala. Mais ela era forte, malia ser unha vella, e tamén áxil. Zafouse dos seus brazos e correndo ao redor da mesa, de novo moi furiosa, vociferou:

—Mire para el, mire, que é vostede unha besta. Se é escribiño ao señor Duretour. Mírelle o nariz e os ollos, tenos vostede así, os ollos? E o nariz? E o pelo? Tíñaos así ela? Dígolle o que todo o mundo sabe, todo o mundo menos vostede! Se é o choqueiro da vila! Mire, mire...

E aproveitando que pasaba por diante da porta, abriuna e desapareceu.

Jean, asustado, ficou inmóbil, co prato de sopa diante.

Ao cabo dunha hora, a criada tornou con sixilo para esculcar. O pequecho, logo de devorar os pasteis, o frasco de nata e o das peras en almibre, andaba a comer agora na marmelada coa culler da sopa.

O pai saíra.

Céleste colleu o neno, bicouno e, con pés de la, levouno ao seu cuarto e deitouno. Volveu ao comedor, quitou a mesa e arrombouno todo, moi inqueda.

Non se oía ruído ningún na casa. Foi apegar a orella na porta do seu amo. El non facía movemento ningún. Mirou polo ollo da pechadura. Estaba escribindo e semellaba calmo.

Entón volveu sentar na cociña para estar lista para calquera cousa, pois presentía algo.

Adormeceu nunha cadeira e espertou co día.

Fixo a limpeza como tiña por costume cada mañá; varreu, quitou o po, e, contra ás oito, preparou o café do señor Lemonnier.

Porén, non se atrevía a levarllo ao amo, xa que non sabía como ía ser recibida, e agardou a que chamase por ela. Non chamou. Deron as nove e despois as dez.

Céleste, abraiada, preparou a bandexa e púxose en camiño, co corazón baténdolle ao galope. Parou diante da porta e escoitou. Nada se movía. Petou. Non houbo resposta. Entón, armándose de valor, abriu, entrou e axiña soltou un terrible berro e deixou caer o almorzo que levaba nas mans.

O señor Lemonnier estaba colgado no medio do seu cuarto, enganchado polo pescozo á argola do teito e coa lingua espantosamente fóra. A chinela dereita estaba caída no chan. A esquerda quedáralle no pé. Unha cadeira envorcada rodara até a cama.

Céleste, espavorecida, fuxiu berrando. Acudiron todos os veciños. O médico constatou que a morte se producira a medianoite.

Atopouse unha carta dirixida ao señor Duretour na mesa do suicida. Unicamente contiña esta frase:

«Marcho e confíolle o pequecho.»

A rocha dos araos

Chegou a estación dos araos.

Desde abril a finais de maio, antes de que cheguen os bañistas parisienses, vense aparecer de súpeto, na pequena praia de Étretat, algúns vellos señores con botas, embutidos en chaquetas de caza. Pasan catro ou cinco días no hotel Hauville, desaparecen, retornan tres semanas máis tarde; logo, tras dunha nova estadía, marchan definitivamente.

E preséntanse de novo na primavera seguinte.

Os que quedan de outrora son os últimos cazadores de araos; se hai trinta ou corenta anos eran unha vintena de fanáticos, hoxe non pasan duns poucos tiradores empedernidos.

O arao é un paxaro viaxeiro bastante escaso e de estraños costumes. Vive case todo o ano en lugares como Terra Nova, as illas de San Pedro e Miquelon, pero, chegada a época do apareamento, unha bandada de emigrantes atravesa o Océano, e, ano tras ano, vén poñer e chocar no mesmo sitio, na rocha chamada dos araos, preto de Étretat. Só se atopan alí, nada máis que alí. Sempre acoden, sempre os cazan e seguen e seguirán aparecendo sempre. Marchan tan pronto como crían os pequenos e desaparecen durante un ano.

Por que nunca van a outra parte? Por que non escollen outro punto calquera deste longo cantil branco e sempre igual que percorre desde Pas-de-Calais ao Havre? Que forza, que instinto invencible, que hábito secular empuxa estes paxaros a tornar a este lugar? Que primeira migración, que tempestade puido tirar xacando os seus devanceiros cara a esta rocha? E por que sempre tornan aquí os seus fillos, as súas pequenas crías, descendentes dos primeiros?

Non son moi numerosos: apenas un cento deles, coma se unha soa familia mantivese esta tradición ou cumprise con esta peregrinación anual.

E cada primavera, non ben a reducida tribo viaxeira se instala na rocha, os mesmos cazadores tamén reaparecen na vila. Noutro tempo eran novos; hoxe son vellos, mais fieis á cita regular que teñen desde hai trinta ou corenta anos.

Non a perderían por nada do mundo.

Aconteceu unha tarde de abril dun destes últimos anos. Tres dos vellos tiradores de araos acababan de chegar. Faltaba un deles: o señor d'Arnelles.

Non lle escribira a ninguén nin dera noticia ningunha! Porén, non morrera, coma tantos outros; saberíano. Por fin, cansos de agardar, os que chegaran primeiro sentaron á mesa. A cea xa estaba a piques de rematar cando sentiron o ruído dun coche no patio do hostel e axiña entrou o tardeiro.

Sentou, feliz, fregando as mans, e comeu con grande apetito. Cando un dos seus camaradas manifestou a súa sorpresa de que vestise levita, el respondeu tranquilamente:

—Si, non me deu tempo a mudar a roupa.

Deitáronse despois de deixar a mesa, porque, para sorprender os paxaros, cómpre saír antes do raiar do día.

Nada hai tan bonito coma esta caza, coma este paseo matinal.

Ás tres da mañá, os mariñeiros espertan os cazadores guindándolles area nos vidros. Nuns minutos están listos e baixan a Le Pedret. O alborexar aínda non se mostra, as estrelas palidecen; o mar fai renxer os coios; a brisa é tan fresca que bracuñan un chisco, malia as grosas vestimentas.

Deseguido, as dúas barcas empuxadas polos homes descenden rodando bruscamente pola pendente de seixos, cun ruído coma o dunha tea ao esgazar; logo abanean sobre as primeiras ondas. A vela escura sobe ao mastro, ínchase un pouco, latexa, vacila e, de novo arqueada, redonda coma un ventre, leva corrente abaixo os cascos calafateados cara á gran porta que se distingue vagamente na sombra.

O ceo clarexa; as tebras semellan esvaecerse; a costa aparece aínda velada, a gran costa branca, recta coma unha muralla.

Franquean Manneporte, enorme bóveda por onde pasaría un buque; dobran a Punta de Courtine; alí está o val de Antifer e o

cabo do mesmo nome, e de socato enxérgase unha praia na que pousan centos de gaivotas. E velaí a rocha dos araos.

É sinxelamente unha pequena protuberancia do cantil; sobre as estreitas cornixas do penedo asoman as cabezas dos paxaros, que contemplan as barcas.

Están aí, inmóbiles, agardando, sen se arriscar aínda a partir. Algúns, instalados sobre os bordos salientes, semellan sentados sobre os traseiros, ergueitos en forma de botella, porque teñen as patas tan cortas que cando camiñan parecen escorregar coma animais con rodas, e para botar a voar, ao non poder coller impulso, cómprelles deixarse caer coma pedras, até case rozaren cos homes que os axexan.

Coñecen a súa imperfección e o perigo que corren, pero non se deciden a escapar lixeiros.

Os mariñeiros dan en berrar, baten nas súas bordas cos toletes de madeira, e os paxaros, cheos de medo, lánzanse un a un ao baleiro, precipitándose a rentes das ondas. Logo, batendo as ás con rápidas sacudidas, voan, voan mar a fóra, e nese intre unha sarabia de perdigóns abáteos na auga. Ao longo dunha hora son furados a tiros deste xeito, e forzados a saír correndo un tras outro; ás veces, as femias, ocupadas en chocar no niño, non se moven e reciben incesantemente as descargas que fan agromar na rocha branca pingas de sangue rosada, mentres o animal expira sen abandonar os seus ovos.

O primeiro día, o señor d'Arnelles cazou co seu brío habitual; pero cando volveron, por volta das dez, baixo o alto sol radiante que lanzaba grandes triángulos de luz nas enseadas brancas da costa, aparentou algo preocupado, mesmo abstraído, contra o seu costume.

Cando xa estaban na vila, unha especie de criado vestido de negro achegouse e bisboulle algo. El pareceu matinar, vacilou e despois respondeulle:

—Non, mañá.

E ao día seguinte a caza volveu comezar. Esta vez, o señor d'Arnelles fallou decote nas pezas, a pesar de que os animais se

deixaban caer case até a punta do canón do seu fusil. Os seus amigos rían, preguntábanlle se andaba namorado, se algunha secreta turbación o roía no corazón ou no pensamento.

Por fin, el admitiu:

—Si, certamente. Teño que marchar decontado e iso enfastíame.

—Como? Marcha? E logo?

—Oh! Reclámame un asunto e non podo quedar máis tempo.

A seguir, falouse doutra cousa.

Cando acabaron de comer, o servente de negro reapareceu. O señor d'Arnelles ordenou enganchar e o home xa ía saír cando os outros tres cazadores interviñeron e insistiron, rogando e tentando reter o seu amigo. Finalmente, un deles preguntou:

—Mais, vexamos, non será tan grave ese asunto xa que o deixou esperar dous días!

O cazador, moi perplexo, cavilou, loitando visiblemente, atraído polo pracer e a obriga, desgustado e confuso.

Tras unha longa meditación, murmurou, vacilante:

—É que... é que... non estou só aquí. Trouxen o meu xenro.

Houbo gritos e exclamacións:

—O seu xenro...? Pero, onde está?

Daquela, de repente, aparentou avergoñado, e arrubiou.

—Como! Seica non o saben? Pero... pero... Está na cocheira.

Morto.

Estendeuse un silencio de estupefacción.

O señor d'Arnelles continuou, cada vez máis atordado:

—Tiven a desgraza de perdelo, e como eu conducía o corpo á miña casa, en Briseville, dei un pequeno rodeo para non faltar á nosa cita. Pero, como comprenderán, xa non podo demorarme máis tempo.

Entón, un dos cazadores, máis audaz, dixo:

—Con todo... xa que está morto... coido... que ben pode esperar un día máis.

Os outros dous asegundaron:

—Non ten faladoiro —dixeron.

O señor d'Arnelles pareceu liberado dun gran peso. Mais, aínda algo inquieto, preguntou:

—De verdade... francamente... pensan que...?

Os outros tres, coma un só home, responderon:

—Diantre, amigo, e que máis ten dous días máis ou menos no seu estado!

Daquela, xa tranquilo, o sogro virouse cara ao enterrador:

—Pois logo, amigo, deixámolo para pasadomañá!

Tombouctou

O bulevar, ese río de vida, buligaba envolvido polo po de ouro do luscofusco. O ceo estaba encarnado, cegador, e detrás da Madeleine unha inmensa nube coruscante guindaba por toda a longa avenida unha oblicua bátega de lume, vibrante coma o vapor dunha cacharela.

A leda e palpitante multitude camiñaba baixo aquela brétema acendida e semellaba nunha apoteose. As faces estaban douradas; os chapeus negros e as roupaxes lucían reflexos de púrpura; o charón dos zapatos desprendía lapas no asfalto das beirarrúas.

Diante dos cafés, un mar de homes degustaba bebidas brillantes e coloreadas que poderían parecer pedras preciosas fundidas co cristal.

No medio dos seareiros, con traxes liviáns máis escuros, dous oficiais en uniforme de gala provocaban que se abaixasen todas as olladas por mor do brillo dos seus dourados. Parolaban, felices sen motivo concreto, naquela gloria de vida, naquel resplandor radiante da tardiña, e contemplaban a multitude, os homes lentos e as mulleres apresuradas que deixaban tras de si un recendo saboroso e turbador.

De súpeto, un negro enorme, vestido de escuro, barrigán, con rechamangueiras alfaias sobre un colete de liño e a face tan brillante coma se a levase encerada, pasou por diante deles con aire triunfal. Sorríalles aos transeúntes, sorríalles aos vendedores de xornais, sorríalle ao ceo resplandecente, sorríalle a todo París. Era tan alto que avantaxaba ao resto das cabezas e, tras el, todos os osmóns se volvían para contemplar as súas costas.

Mais de socato reparou naqueles dous oficiais e, derrubando os bebedores, abalanzouse sobre eles. Ao que estivo diante da súa mesa, cravou neles os seus ollos brillantes e encantados e as comisuras da boca ascendéronlle até as orellas, descubriendo os seus dentes brancos, claros coma unha media lúa nun ceo negro. Os dous homes, estupefactos, contemplaban este xigante de ébano sen entender nada do seu relouco, até que berrou, cunha voz que fixo que todas as mesas risen:

—Día bo, meu tenente.

Un dos oficiais era xefe de batallón, o outro coronel. O primeiro dixo:

—Non o coñezo, señor. Ignoro o que desexa.

O negro replicou:

—Eu estimo moito a ti, tenente Védie, asedio Bézi, moitas uvas, buscaba eu.

O oficial, con gran desconcerto, mirou en fite o home, buscando no fondo das súas lembranzas, até que acordou preguntar:

—Tombouctou?

O negro, radiante, bateu na súa coxa lanzando unha risa de inverosímil violencia e bramou:

—Si, si, xa meu tenente reconece Tombouctou, xa, día bo.

O comandante tendeu a man, rindo tamén el con toda a gana. Entón Tombouctou tornou serio. Agarrou a man do oficial e, tan lixeiro que o outro non o puido impedir, bicoulla, segundo o costume negro e árabe. Confuso, o militar díxolle con voz severa:

—Veña, Tombouctou, que non estamos en África. Senta canda nós e dime como é que te atopo aquí.

Tombouctou inflou a barriga e farfallou, pois falaba rápido:

—Gañei moitos cartos, moitos, gran restaurante, boa comida, pusianos, eu roubar ben, moito, cociña francesa, Tombouctou, cociña Emperador, douscentos mil francos para min. Ha! Ha! Ha! Ha!

E esmendrellábase de risa, ouveando cunha alegre ledicia na mirada.

Despois de que o oficial, que comprendía a súa estraña fala, o interrogase durante un tempo, díxolle:

—Pois ben, deica pronto, Tombouctou, deica pronto.

O negro ergueuse decontado, desta vez estreitou a man que lle tendía e, sempre rindo, exclamou:

—Día bo, día bo, meu tenente!

E marchou tan contento que mesmo acenaba mentres camiñaba e a pouco o toman por tolo.

O coronel preguntou:

—Quen era ese bárbaro?

O comandante respondeu:

—Un mozo valente e un bravo soldado. Contareille o que sei del, pois é bastante divertido.

»Xa sabe que ao comezo da guerra de 1870 fun cercado en Bézières, o que este negro chamaba Bézi. Non estabamos en absoluto asediados, senón bloqueados. As liñas prusianas arrodeábanos por todas partes. Malia estar fóra do alcance dos canóns, que non disparaban sobre nós, matábanos de fame pouco e pouco.

»Daquela eu era tenente. A nosa gornición estaba composta por tropas de todo tipo: restos de rexementos mutilados, fuxitivos, escrutadores de fóra do exército... En fin, que tiñamos de todo, mesmo once turcos que chegaran unha tarde sen que soubésemos como nin por onde. Presentáranse nas portas da vila, esgotados, esfarrapados, mortos de fame e bébedos. Puxéronos ao meu cargo.

»Pronto me decatei de que eran rebeldes a calquera disciplina, sempre fóra e sempre chispos. Tenteino co calabozo e até coa cadea, pero de nada serviu. Os meus homes desaparecían días enteiros, coma se os tragase a terra, e despois volvían aparecer borrachos coma cans. Pero non tiñan diñeiro, así que, onde bebían? E como? E con que?

»O asunto empezaba a intrigarme vivamente, tanto máis porque estes salvaxes espertaban o meu interese co seu sorriso eterno e o seu carácter de rillotes medrados.

»Entón reparei en que obedecían cegamente o máis grande de todos eles, o que acaba de ver. Gobernaba neles a doután e dispoñía as súas misteriosas empresas como xefe todopoderoso e indiscutido. Ordenei que viñese onda min e interrogueino. A nosa conversa durou ben unhas tres horas por mor das enormes dificultades que eu tiña para comprender o seu sorprendente galimatías. O coitado facía inauditos esforzos para ser entendido: inventaba palabras, xesticulaba, suaba co esforzo, enxugaba a fronte, bufaba, paraba e volvía comezar bruscamente cando coidaba atopar unha nova maneira de explicarse...

»Adiviñei por fin que era fillo dun gran xefe, dunha sorte de rei negro da contorna de Tombouctou. Pregunteille o seu nome.

Respondeu algo como *Chavaharibouhalikhranafotapolara*. Pareceume máis sinxelo chamarlle co nome do seu país: «Tombouctou». E oito días máis tarde ninguén na gornición o chamaba doutro modo.

»Mais deveciamos por saber onde atopaba de beber este ex-príncipe africano. Descubrino dunha maneira ben singular.

»Unha mañá estaba eu nas murallas, esculcando o horizonte, cando dexerguei nunha videira algo que se movía. Achegábase o tempo da vendima e os acios estaban maduros, pero eu non pensei niso para nada. Coidando que se aproximaba un espía á vila, organicei unha expedición completa para atrapar o moinante. Eu mesmo tomei o mando, logo de obter a autorización do xeneral.

»Fixera saír por tres portas diferentes tres pequenas tropas que debían reunirse a rentes da videira sospeitosa e cercala. Para coutarlle a retirada ao espía, un destes destacamentos debía facer unha marcha dunha hora cando menos. Un home que quedara de observador na muralla indicoume con acenos que o ser divisado non abandonara o campo. Avantabamos en absoluto silencio, a rentes do chan, case ocultos nas rodeiras. Finalmente, alcanzamos o punto designado; despreguei axiña os meus soldados, que se lanzaron á videira e atoparon... a Tombouctou camiñando a catro patas no medio das cepas e comendo uvas ou, mellor dito, atrapando as uvas a bocados, coma un can comendo o seu rancho, a papos cheos, coa planta mesmo, arrincando os acios a trabadas.

»Ordenei que se levantase, pero non había maneira, e daquela comprendín por que se arrastraba daquel xeito sobre mans e xeonllos. Tan pronto como o deron plantado nas súas pernas, abaneou uns segundos, tendeu os brazos e caeu de bruzos. Estaba máis bébedo que calquera home que un vise endexamais.

»Trasladárono sobre dúas estacas. Non parou de rir en todo o camiño, xesticulando con brazos e pernas.

»Aquel era todo o misterio. Os meus mozos gallardos bebían dos mesmos acios. Logo, cando estaban tan bébedos que non se podían nin mover, durmían alí mesmo.

»No que atinxe a Tombouctou, o seu amor pola videira superaba calquera crenza e medida. Vivía alí dentro coma os tordos, que por outra parte odiaba cunha aversión de rival celoso. Repetía arreo: «Tordos comen uvas todas, picaróns!».

»Unha tarde viñeron buscarme. Dexergábase pola chaira algo que se achegaba a nós. Non collera os meus anteollos e distinguía moi mal. Semellaba unha gran serpe estendida ou un convoi, que sei eu?

»Enviei algúns homes ao encontro daquela estraña caravana, que pronto fixo a súa entrada triunfal. Tombouctou e nove dos seus compañeiros portaban sobre unha especie de altar, feito con cadeiras de campaña, oito cabezas cortadas, sanguentas e ominosas. O décimo turco turraba dun cabalo polo rabo e doutro atado a este, e outras seis bestas aínda viñan detrás, presas do mesmo xeito.

»Velaquí o que souben. Ao saíren para as videiras, os meus africanos divisaran de súpeto un destacamento prusiano achegándose a unha vila. No canto de fuxiren, agocháronse; logo, cando os oficiais descabalgaron diante dunha pousada para se refrescaren, os once gallardos abalanzáronse sobre eles, escorrentaron os ulanos que se consideraron atacados e mataron as dúas sentinelas e mais o coronel e os cinco oficiais da súa escolta.

»Aquel día abracei a Tombouctou. Mais ben me decatei de que ranqueaba. Crin que estaba ferido; el botouse a rir e díxome: «Eu, provisións para país».

»É que Tombouctou non guerreaba polo honor, senón pola ganancia. Todo o que atopaba, todo o que coidaba que tiña un valor calquera, especialmente todo o que brillaba, empetábao. E que peto tiña! Unha sima que comezaba no van e remataba nos nocellos! Lembrando un termo militar, chamáballe o seu *profundo*, e certamente era o o seu *profundo*! Así pois, separaba o ouro dos uniformes prusianos, o cobre dos cascos, os botóns etc., e metíao todo no seu *profundo*, que estaba cheo a rebordar. Decotío, introducía alí dentro calquera obxecto reluciente co que batían os seus ollos, anacos de estaño ou pezas de prata, o que lle daba ás veces un porte infinitamente divertido.

»Contaba levar todo iso ao país das avestruces, das que ben parecía irmán aquel fillo de rei, torturado pola necesidade de

devorar cousas brillantes. Se non chega a ter o seu *profundo*, que faría? Enguliparíaas, sen dúbida.

»Cada mañá o seu peto estaba baleiro. Xa que logo, debía de ter un almacén xeral onde amoreaba as súas riquezas. Pero, onde? Non fun quen de descubri-lo.

»O xeneral, advertido da fazaña de Tombouctou, axiña fixo enterrar os corpos que quedaran na vila veciña para que non se descubri-se que foran decapitados. Os prusianos tornaron ao día seguinte. O alcalde e sete notables habitantes do lugar foron fusilados no acto a modo de represalia, coma se denunciase-n a presenza dos alemáns.

»Chegou o inverno. Estabamos esgotados e desesperados. Agora loitábase todos os días. Os esfameados homes xa non se tiñan en pé. Só os oito turcos (tres deles morreran) estaban gordos e lucidos, rexos e sempre dispostos a loitar. Tombouctou mesmo engordara. Un día díxome:

»—Ti moita fame, eu boa carne.

»E efectivamente tróuxome un filete excelente. Mais, de que? Nós xa non tiñamos nin bois, nin años, nin cabras, nin asnos, nin porcos. Era imposible conseguir cabalo. Barrenei nisto despois de devorar a carne. Daquela entroume un horrible pensamento. Aqueles negros naceran ben preto das terras onde comen homes! E caían acotío unha chea soldados ao redor da vila! Interroguéi a Tombouctou. Non quixo responder. Non insistín, mais en diante rexeitei os seus agasallos.

»El adorábame. Unha noite, a neve sorprendeunos na vangarda. Estabamos sentados no chan. Eu miraba con mágoa os pobres negros bracuñando baixo aquel po branco e xeadado. Como tiña moito frío, dei en tusir. Deseguido sentín que algo caía sobre min, como unha manta e cálida e grande. Era o capote que Tombouctou me colocaba no lombo.

»Erguinme e devolvínlo.

»—Garda iso, rapaz. Ti precísalo máis ca min.

»El respondeu:

»—Non, meu tenente, para ti, eu non necesito. Eu calor, calor.

»E fitábame con ollos suplicantes.

»Eu porfiei:

»—Veña, obedece, quero que collas o teu capote.

»Entón o negro ergueuse, desenvaiñou o seu sabre, que adoitaba levar cortante coma unha gadaña, e termando da outra manga o longo capote que eu rexeitaba, dixo:

»—Se ti non colles abrigo, eu corto e ninguén abrigo.

»E faríao, así que cedín.

»Oito días máis tarde, capituláramos. Algúns dos nosos deron escapado. Outros ían saír da vila para se entregaren aos vencedores.

»Eu dirixíame cara á praza onde debiamos xuntarnos, cando fiquei atónito diante dun negro xigante vestido de liño branco e toucado cun chapeu de palla. Era Tombouctou. Semellaba radiante e paseaba coas mans nos petos por diante dunha pequena tenda na que se vían de mostra dous pratos e dous vasos.

»—Que fas? —díxenlle.

»—Eu non marchei, eu bo cociñeiro, eu fago comida, coronel, Alxeria; eu comido pusianos, moito roubar, moito —respondeu.

»Estabamos a dez graos. Eu bracuñaba diante daquel negro vestido de liño. Entón, agarroume polo brazo e obrigoume a entrar. Vin un letreiro enorme que ía colgar diante da porta tan pronto como marchásemos, pois dáballe certo pudor.

»E, trazado pola man dalgún cómplice, lin este anuncio:

Cociña militar do señor Tombouctou

Antigo cociñeiro do Emperador

Artista de París. Prezos módicos.

»Malia o desazo que atormentaba o meu corazón, non puiden evitar rir, e alí deixei o meu negro no seu novo negocio.

»Non era mellor iso a que o levasen prisioneiro?

»E xa viu que o mozo gallardo triunfou.

»Bézières hoxe pertence a Alemaña. O restaurante Tombouctou é un comezo de desquite.

Unha historia verdadeira

O vento zafreaba, un vento de outono, zoante e impetuoso, un deses ventos que arrigan as últimas follas e as levan até as nubes.

Os cazadores remataban a súa cea, aínda coas botas postas, colorados, animados, acendidos. Eran deses fidalgos normandos, medio señores, medio campesiños, ricos e varudos, afeitos a partir os cornos dos bois cando os paran nas feiras.

Cazaran todo o día nas terras do señor Blondel, o alcalde de Éparville, e agora comían ao redor dunha enorme mesa, na especie de granxa-castelo que posuía o anfitrión.

Vociferaban, rían como roxen as feras e cargaban o carro, coas pernas escarranchadas, os cúbados sobre o mantel e os ollos faiscantes baixo o lume das lámpadas, abeirados ao quente dun formidable lar que proxectaba no teito resplandores sanguentos. Parolaban de caza e de cans, pero, á hora na que aos homes lles chegan outros pensamentos, xa estaban bébedos, e ningún deles lle quitaba ollo a unha rapaza forte de fazulas gordechadas que levaba nas súas encarnadas mans as grandes pratas ateigadas de alimentos.

De súpeto, o señor Séjour, un can vello que se metera a veterinario despois de estudar para crego e que coidaba de todos os animais da contorna, exclamou:

—Benia, Blondel, tedes unha criada que vale un conto calado!

E estalou unha estrepitosa gargallada. Entón, o señor de Varnetot, un vello nobre vido a menos, borracho coma o viño, alzou a voz:

—Nos meus tempos mozos tiven eu unha divertida historia cunha rapariga coma esa! Agarden, cómpre que llela conte. Lémbrome sempre de Mirza, a miña cadela, a que lle vendín ao conde de Haussonnel, que volvía todos os días para a miña casa, tan pronto como a ceibaban, porque non podía deixarme. Até que me encabuxei e lle roguei ao conde que a atase coa cadea. E saben o que fixo entón o animal? Pois morrer de pena.

»Volvendo ao caso da miña criada, velaquí a historia:

»Daquela eu tiña vinte e cinco anos e vivía solteiro no meu castelo de Villebon. Ben saben que cando un é novo e ten rendas, e

cando se aburre todas as noites despois de cear, é quen de facerlle unhas boas sopas a calquera.

Axiña descubrín unha moza que servía cas Déboultot, de Cauville. Xa coñecen a Déboultot, non si Blondel? En resumo, a raposeira engargueloume de tal xeito que un día fun onda o seu amo e propúxenlle un apaño. El cederíame a súa serventa e eu venderíalle a miña egua negra, Cocote, da que tiña gana desde había dous anos. Tendeume a man e dixo: «Choque aí, señor de Varnetot». E asunto amañado: a pícara viría ao castelo e eu levaríalle a egua en persoa a Cauville, deixándolla por trescentos escudos.

»Nos primeiros tempos todo foi coma unha seda. Ninguén receaba de nada, o único é que Rose me amaba demasiado para o meu gusto. Verán, aquela rapariga non era calquera cousa. Debía correrlle algo pouco corrente polas veas. Aquilo debíase seguramente a que aquela rapaza trebellara co amo.

»En poucas palabras, adorábame. Había solermas, aloumiños, nomes de cans, unha chea de xentilezas que me facían maliciar. E barrenaba: «A cousa non pode durar ou esta mandúcame a boroa!». Pero a min non me pillan de mans á boca, non ho! Non son un deses aos que se seduce cun par de bicos. En fin, que xa andaba eu coa pedra na zoca cando ela me anunciou que estaba preñe.

»Pum! Pum! Foi coma se me disparasen dous tiros cun fusil no peito. Ela bicábame e bicábame, ría, bailaba, reloucaba! Aquela mañá nada lle dixen, pero pola noite deille ao caletre. E razoei: «Agora xa foi, mais cómpre parar o golpe e cortar o fío, xa é moita hora». Comprenderán que tiña o meu pai e a miña nai en Barneville, e a miña irmá casada co marqués de Yspare, en Rollebec, a dúas leguas de Villebon. Non era cousa de broma.

»Pero como librame de semellante cerellada? Se ela marchaba da casa, sospeitaríase algo e rexoubarían; se quedaba alí, axiña se había descubrir a argallada, e ademais, non podía abandonala daquela maneira.

»Falei do asunto con meu tío, o barón de Creteil, un can vello que soubo de máis dunha coma esta, e pedinlle opinión. El contestoume tranquilamente:

»—Cómpre casala, rapaz.

»Eu dei un brinco.

»—Casala, tío, pero con quen?

»El encolleu os ombreiros:

»—Con quen queiras, é asunto teu, non meu. Se un non é parvo, sempre atopa alguén.

»Rumiei máis de oito días nestas palabras e acabei dicindo para min: «Meu tío leva razón».

»Daquela, comecei a romper a cabeza e a buscar, cando unha noite o xuíz de paz, co que acababa de cear, me dixo:

»—O fillo da señora Paumelle acaba de facer unha babecada; ese rapaz vai acabar mal. Élle ben certo que ou na cabeza ou nos pés, has de imitar a quen es.

»A tal señora Paumelle era unha vella arteira cuxa mocidade deixara bastante que desexar. Por un escudo, de certo que vendería a súa alma e o pillabán do fillo por moito menos.

»Funa visitar e, con moita delicadeza, expliqueille o asunto. Como me atrapallaba coas miñas explicacións, preguntoume de socato:

»—E que lle dariades á pícara?

»A vella era lagarteira, pero eu, que parvo non era, preparara o negocio.

»Precisamente posuía tres leiras perdidas preto de Sasseville que dependían das miñas tres granxas de Villebon. Os rendeiros sempre se queixaban de que estaban lonxe. Secasí, collera estes tres campos, seis acres en total, e como os meus campesiños reclamaban, devolvéralles até o último peso do arrendamento, todos os seus canons en aves de curral. Deste xeito, morreu o conto. Entón, tras mercarlle un anaco de terreo estremeiro ao meu veciño, o señor de Aumonté, mandei construír nel unha choupana, todo por cincocentos francos. De maneira que acababa de constituír unha pequena propiedade que non me custara gran cousa, e dáballo como dote á rapaza.

»A vella rosmou: non era dabondo. Mais eu mantívenme firme e separámonos sen acordar nada.

»Ao día seguinte, ao amencer, o rapaz veu onda min. Eu non me lembraba del. Cando o vin, acouguei; non daba mal campesiño, pero tiña aspecto de agreste galopín.

»Tomou a cousa con calma, coa escusa de que viña mercar unha vaca. Cando nos puxemos de acordo, quixo ver a propiedade e alá marchamos a través dos campos. O pillabán obrigoume a quedar tres horas nas terras: percorreunas, mediunas, colleu terróns de terra que esmagaba nas mans, coma se tivese medo de ser enganado coa mercadoría. A choupana aínda non estaba tellada e esixiu lousa no canto de palla porque require menos conservación. Logo díxome:

»—E os mobles, vainos poñer vostede, non si?

»Eu protestei:

»—Non tal. Xa é dabondo con que vos dea unha granxa.

»El riu burleiro:

»—Ai si, unha granxa e mais un cativo.

»Eu ruboriceime mal que me pesase. Seguiu:

»—Cando menos terá que darnos a cama, unha mesa, o armario, tres cadeiras e mais a vaixela, ou non haberá trato.

»Consentín.

»Xa estabamos no camiño para regresar. Non dixera nin palabra da rapaza. Pero, de súpeto, preguntou en ton retranqueiro e violento:

»—E se ela morre, a quen pasará a propiedade?

»Eu respondín:

»—Pois a vostede, xaora.

»Era todo o que quería saber desde a mañá. Deseguido, tendeu-me a man con satisfacción. Estabamos de acordo.

»Ah! E non faltaba máis, custoume traballo que Rose se decidise. Arrastrouse aos meus pés, saloucaba e repetía: «É vostede o que me propón isto! Vostede! Vostede!». Resistiu-se máis dunha semana, malia os meus razoamentos e as miñas pregarias. As mulleres son parvas; cando teñen o amor na cabeza, non entenden nada. Non hai cordura que resista, o amor ante todo, todo polo amor!

»Por fin, enfadeime e ameaceina con botala. Ela cedeu paseniño, coa condición de que lle permitise vir onda min de cando en vez.

»Leveina eu mesmo ao altar, paguei a cerimonia e ofrecín o banquete de vodas. Ben, fixen as cousas ao grande. E a seguir: «Deica, rapaces!». Ía pasar seis meses cas meu irmán en Touraine.

»Cando tornei, souben que ela viñera preguntar por min ao castelo cada semana. E non ía nin unha hora des que chegara cando a vin entrar cun cativo no colo. Non sei se me crerán, pero afectoume ver o rapaz. Creo que mesmo lle dei un bico.

»En canto á nai, estaba feita unha ruína, un saco de ósos, unha sombra. Un baldreo envellecido. Dodemo que non lle sentara ben o matrimonio! Nunha arroutada preguntueille:

»—Es feliz?

»Entón botouse a chorar coma unha fonte e, entre impos e sotelos, berrou:

»—Non podo, non podo vivir sen vostede! Prefiro morrer! Non podo!

»Armou un escándalo tremendo. Consoleina como ben puiden e acompañeina á porta.

»En efecto, logo souben que seu home mallaba nela e que a súa sogra, a vella curuxa, lle avinagraba a vida.

»Regresou dous días despois, e abrazándome e arrastrándose, berraba:

»—Máteme, pero non quero volver alí.

»Exactamente o mesmo que diría Mirza se falase!

»Aborrecíame aquela historia, así que marchei seis meses máis. Cando tornei... Cando tornei, souben que Rose morrera tres semanas atrás, tras vir ao castelo todos os domingos... igual que Mirza. O cativo tamén morrera, oito días despois.

»En canto ao home, o ladino tunante herdou. Disque cambiou e agora é conselleiro municipal.

O señor de Varnetot engadiu, rindo:

—Tanto ten, pero, en realidade, débeme a min a súa fortuna!

E o señor Séjour, o veterinario, concluíu moi serio, levando á boca un vaso de augardente:

—O que queira, pero mulleres coma esa, non fan falta ningunha!

Adeus!

Os dous amigos acababan de cear. Desde a fiestra do café contemplaban o concorrido bulevar. Sentían pasar esas mornas bafaradas que corren por París nas quedas noites do verán e fan que os viandantes ergan a cabeza e arelen saír, marchar lonxe, a calquera parte, baixo tupidas frondes, e que levan a fantasiar con ríos alumeados pola lúa, con vagalumes e con reiseñores.

Un deles, Henri Simon, rompeu a falar, suspirando profundamente:

—Ah, vou vello! Que triste! Antano, en noites coma esta, sentíame coma un fuxefuxe. Hoxe só sinto señaardades. Que axiña pasa a vida!

Era un home duns corenta e cinco anos, ventrudo e calvo de todo.

O outro, Pierre Carnier, algo máis vello, pero máis descarnado e vigoroso, replicoulle:

—Pois eu, querido amigo, avellentei sen me apercibir absolutamente de nada. Sempre estaba ledo, baril, louzán e demais. Está claro que ao nos mirar decotío no espello, non notamos que a idade vai facendo o seu traballo, porque este é lento, regular, e muda o rostro tan amodo que as transicións son inapreciables. É unicamente por isto polo que non morremos de pena tras dous ou tres anos de estragos: porque non os damos apreciado. Para decatármonos, cumpriría estar seis meses sen mirar a faciana, e oh!, daquela, vaia impresión!

»E as mulleres, benquerido amigo? Canto as compadezo, as pobriñas! Toda a súa felicidade, todo o seu poderío, toda a súa vida están na súa beleza, que lles dura por volta duns dez anos.

»Mais eu, avellei sen sospeitalo; aínda me tiña case por un adolescente cando roldaba os cincuenta anos. Non sufría alifafe ningún e vivía feliz e tranquilo.

»A revelación da miña decadencia chegoume dunha maneira ben sinxela e terrible e averdugoume durante case seis meses...; despois, tireille partido.

»Como todos os homes, namoreime moitas veces, pero unha vez máis ca nunca. Coñecina na beiramar, en Étretat, haberá uns doce anos, pouco despois da guerra.

»Non existe nada tan agradable coma aquela praia pola mañá, á hora do baño. É pequena e ten forma de ferradura. Arrodéana altos cantís brancos, furados por eses sobranceiros ollos que chaman as Portas: unha enorme, estricando sobre o mar a súa perna de xigante; a outra en fronte, acantoadada e redonda. Unha recovaxe de mulleres arrexúntase e amoréase na estreita lingua de pelouros, cubríndoa cun brillante xardín de traxes claros nun escenario de salagres rochas. A solleira cae a fío sobre as costas, sobre as antucas de todos os tons, sobre o mar gacio; e todo resulta alegre, adorable, sorrí aos ollos. Se un senta preto da auga, pode ver as bañistas. Baixan envolvidas en albornoces de flanela que quitan cun lindo movemento ao alcanzar a franxa de espuma das pequenas ondas, e entran no mar, con pasiños rápidos, deténdose ás veces por causa dun delicioso calafrío, dun breve acoramento.

»Ben poucas resisten esta proba do baño. É alí onde un pode vulgalas, desde o papo da perna deica a gorxa. A saída pon de manifesto os puntos fracos, aínda que a auga do mar sexa dunha poderosa axuda para as carnes amolentadas.

»A primeira vez que vin aquela moza, quedei ameigado e seducido. Mantíñase ben, firme. Hai rostros cuxo aquel entra en nós de súpeto, invadíndonos de repente. Semella que un atopou a muller nacida para que a ame. Eu tiven esa sensación e mais esa sacudida.

»Presenteime e axiña me sentín cativado coma nunca antes. Partíume o corazón. É algo arrepiante e ao tempo delicioso sufrir así a dominación dunha muller. É case un suplicio e asemade unha felicidade increíble. A súa mirada, o seu sorriso, os cabelos da súa caluga cando a airexa os enguedellaba, cada pequena liña da súa face, os menores movementos dos seus trazos, arroubábanme, trastornábanme, enlouquecíanme. Enseñorábase de todo o meu ser cos seus acenos, coas súas actitudes, mesmo cos adobíos que levaba e que resultaban feiticeiros. Entenrecíame ver o veo do seu sombreiro sobre un moble, as súas luvas tiradas nunha butaca. Os

seus traxes parecíanme inimitables. Ninguén lucía chapeus coma os seus.

»Estaba casada. O home chegaba os sábados e marchaba os luns. Con todo e iso, a min tanto me tiña. Non era nada celoso, e non sei por que endexamais un ser me resultou tan indiferente nin atraeu menos a miña atención que aquel home.

»Amábaa tanto! E que belida, graciosa e nova era! Era a mocidade, a elegancia e a louzanía reencarnadas! Nunca experimentara daquela maneira o fermosas, finas, distinguidas, delicadas, encantadoras e graciosas que poden ser as mulleres. Nunca até entón comprendera a sedutora beleza da curva dunha fazula, do movemento dun beizo, das redondas pregaduras dunha pequena orella, do feitío dese estúpido órgano que chamamos nariz.

»Aquilo durou tres meses; despois eu marchei a América, co corazón esmagado polo desespero. Mais o recordo quedou comigo, persistente e triunfante. Posuíame desde lonxe como me posuíra de preto. Decorron os anos. Non a esquecín. A súa encantadora imaxe ficaba nos meus ollos e no meu corazón. E o meu cariño foille fiel, un agarimo calmo agora, como a recordación amada do que considerara o máis belo e sedutor da vida.

»Doce anos son tan pouca cousa na vida dun home! Un non se decata nin sequera de que pasan! Os anos van pasando un tras outro, devagar e rápido, lentos e apresurados; cada un deles parece longo, pero remata tan axiña! Súmanse tan prontamente, deixan tan pouca pegada tras eles, esvaécense tan de súpeto que ao mirar cara a atrás para valorar o tempo pasado un non se decata de nada, e non comprende como foi que tornou vello.

»A dicir verdade, tiña a impresión de que só me separaban uns poucos meses daquela encantadora estación sobre o areal de Étretat.

»Un día da pasada primavera dirixíame a cear a Maisons-Laffitte, cas duns amigos. Cando o tren xa ía partir, subiu ao vagón unha señora gorda escoltada por catro cativas. Apenas lle botei

unha ollada a aquela pita choca, repoluda e redonda, cunha cara de pan de millo encadrada por un chapeu encintado.

»Acoraba, sufocada por camiñar ás carreiras. E as nenas deron en parrafear. Eu abrín o meu xornal e empecei a ler. Acababamos de pasar Asnières, cando a miña veciña me espetou de pronto:

»—Desculpe, non é vostede o señor Carnier?

»—Son, si, señora.

»Daquela atacou a rir, cunha risa alegre de muller valente e non obstante un pouco tristeira.

»—Non me recoñece?

»Eu dubidei. En efecto, tiña a sensación de que vira antes aquela cara en algures, pero, onde? E cando? Respondín:

»—Si... e non... Coido recoñecela, pero non lembro o seu nome.

»Ela ruborizouse.

»—Señora Julie Lefèvre.

»Endexamais recibín unha impresión semellante. Nun segundo pareceume que todo rematara para min! Sentía coma se un veo esgazase diante dos meus ollos e descubriuse infortunios horribles e deplorables.

»Era ela! Aquela muller gorda e vulgar, era ela! Parira aquelas catro fillas des que non a vía. E as criaturas admiráronme tanto coma a súa nai. Eran xaradas a ela. Xa eran grandes, colleran o seu sitio no mundo, mentres que ela xa non contaba, ela!, a marabilla de graza coqueta e fina. Tiña a sensación de que a vira onte e atopábaa así! Como era posible? Unha violenta dor constrinxime o corazón, así como unha indignación contra a mesma natureza, unha rebeldía fóra de toda lóxica contra aquela obra brutal e infame de destrución.

»Mirei para ela espantado. Logo collina da man e engradáronme os ollos. Choraba a súa mocidade, choraba a súa morte, porque xa non coñecía aquela señora gorda.

»Ela, tamén emocionada, balbuciu:

»—Cambiei moito, non cre? Que quere? Todo pasa! Como ve, convertinme en nai, nada máis que nunha nai, nunha boa nai. Adeus ao demais, rematou. Oh! Estaba segura de que non me ía recoñecer no caso de que nos encontrásemos. Ademais, vostede

tamén está distinto. Precisei un tempo para ter a certeza de que non me enganaba. Xa vai vostede pedrés. Teña en conta que xa van aló doce anos! Doce anos! A miña filla máis vella xa fixo os dez.

»Ollei a nena e atopei nela algo do vello engado da súa nai, algo aínda impreciso, pouco formado, vindeiro. E a vida apareceu lixeira, como un tren que pasa.

»Chegamos a Maisons-Laffitte. Biquei a man da miña vella amiga. Non atopara nada que dicirlle agás espantosas banalidades. Estaba demasiado perturbado para falar.

»Pola noite, só na miña casa, mireime un longo pedazo no espello, un longo pedazo. E acabei lembrando o que fora, ao volver ver na miña memoria o meu mostacho escuro e os meus cabelos negros e a fisionomía remocicada da miña face.

Agora xa era vello.

Adeus!

Acordanza

Cantas acordanzas de xuventude me veñen coa doce caricia do primeiro sol! É unha idade na que todo é bo, ledado, gaioleiro, excitante. Que deliciosas son as acordanzas das antigas primaveras!

Lembrades, vellos amigos, irmáns, aqueles anos de gozo cando a vida non era máis que un triunfo e unha risada? Lembrades os días vadiando polos arrabaldes de París, a nosa radiante pobreza, os nosos paseos polos bosques reverdecentes, as nosas bebedeiras de aire azul nos cabarés na ribeira do Sena e as nosas aventuras amorosas tan banais coma encantadoras?

Gustaríame contarvos unha daquelas aventuras. Aconteceu hai doce anos e paréceme xa tan vella, tan vella, que agora semella estar no outro cabo da miña vida, antes do momento crucial, ese cambio ruín a partir do cal me apercibín de súpeto da fin da viaxe.

Daquela eu tiña vinte e cinco anos e acababa de chegar a París. Traballaba como empregado nun ministerio, e os domingos parecíanme festas extraordinarias, ateigadas dunha exuberante ventura aínda que nunca pasase nada asombroso.

Hoxe todos os días son domingo. Mais estraño o tempo no que só había un cada semana. Era marabilloso! Tiña seis francos para gastar!

Aquela mañá espertei cedo, con esa sensación de liberdade que coñecen tan ben os empregados, esa sensación de liberación, de descanso, de tranquilidade, de independencia.

Abrín a fiestra. Ía un tempo estupendo. Un ceo completamente azul, solleiro e cheo de andoriñas, espaxíase sobre a cidade.

Vestinme rápido e saín. Quería botar o día nos bosques, respirando as follas, pois son de orixe vilega e fun criado na herba e entre as árbores.

París espertaba, xovial, coa calor e a luz. As fachadas das casas brillaban; os canarios dos conserxes esgorxábanse nas súas gaiolas, e a ledicia reinaba na rúa, alumeaba as faces, colocaba

sorrisos en todos os recantos, como un contentamento misterioso dos seres e das cousas baixo o claro sol nacente.

Cheguei ao Sena para coller o barco que me levaría até Saint-Cloud.

Canto me gustaba aquela espera do barco na pontella. Tiña a impresión de que ía partir para a fin do mundo, a países novos e maravillosos. Non ben vía aparecer o barco alá abaixo, moi abaixo, polo arco da segunda ponte, pequeneiro, co seu penacho de vapor, cada vez máis grande, máis grande, sempre medrando, adquiriría velocidades de paquebote na miña alma.

O barco aportaba e eu subía.

A bordo xa había xentes endomingadas, con traxes rechamangueiros, fitas relucentes e de grosas figuras escarlatas. Colocábame diante, de pé, para contemplar como se afastaban os peiraos, as árbores, as casas, as pontes. E de socato albiscaba o gran viaduto do Point-du-Jour que cruza o río. Era o final de París, o comezo da campía, e axiña o Sena, tras a dobre liña dos arcos, ancheaba coma se lle devolvesen o espazo e a liberdade, convertíase de súpeto no fermoso río sereno que flúe a través das chairas, ao pé das cuíñas poboadas de árbores, no medio dos campos, ao bordo das fragas.

Tras pasar entre dúas illas, o barco seguiu un outeiro sinuoso cuxo verdor estaba zarrapicado de casas brancas. Unha voz anunciou: «Bas-Meudon»; despois, máis lonxe: «Sèvres»; e, aínda máis lonxe: «Saint-Cloud».

Baixei e percorrín con pasos apresurados o camiño que conduce ao bosque polo medio da pequena vila. Levaba canda min un mapa dos arredores de París para non me perder polas vereas que atravesan en todas as direccións aquelas pequenas fragas polas que pasean os parisienses.

En canto estiven á sombra, estudei o meu itinerario que, por outra parte, me pareceu dunha perfecta simplicidade. Tiña que virar á dereita, logo á esquerda, de novo á esquerda, e chegaría a Versailles pola noite para cear.

E botei a camiñar devagar baixo as follas novas, aspirando aquel saboroso aire que perfuman os rebentos e os zumes. Avantaba a pequenos pasos, esquecedizo do papelerío, da oficina, do xefe, dos colegas, dos informes, e soñando coas cousas felices

que non habían tardar en chegarme, con todo o descoñecido e oculto porvir. Pola miña cabeza pasaban mil recordos da infancia que aqueles recendos da campía espertaban en min, e camiñaba, impregnado do engado oloroso, do engado vivente, do engado palpitante dos bosques amornados polo intenso sol de xuño.

Por veces, sentaba para contemplar, ao longo dun noiro, toda sorte de floriñas das que coñecía os nomes desde vello. Identificábaas todas coma se fosen precisamente as mesmas que vira outrora no país. Eran amarelas, vermellas, violetas, finas, diminutas, subidas en longos talos ou apegadas á terra. Insectos de todas as cores e de todas as formas, repoludos, alongados, extraordinarios na súa construción, monstros horrorosos e microscópicos, realizaban apraciblemente ascensións polas gromos da herba que cambaban baixo o seu peso.

Despois durmín unhas horas nunha gabia e volvíñ emprender a marcha descansado, fortalecido por esta soneca.

Diante de min abríase unha encantadora alameda, cuxa follaxe un pouco derramada polo pedrazo deixaba caer por todos os currunchos pingas de sol sobre o chan, que alumeaban as margaridas brancas. Prolongábase interminablemente, baleira e calma. Só un gordo abellón senlleiro e zoante roldaba por alí, parando de cando en vez para beber nunha flor que se inclinaba debaixo del, e marchando axiña para volver pousarse algo máis lonxe. O seu enorme corpo semellaba de veludo mouro listado de amarelo, sostido por ás transparentes e anormalmente pequenas.

Pero de socato albisquei dúas persoas ao final da alameda, un home e mais unha muller, que camiñaban cara a min. Contrariado porque me molestasen no meu tranquilo paseo, xa me ía internar entre as matogueiras cando me pareceu que me chamaban. En efecto, a muller axitaba a súa antuca e o home, en mangas de camisa e coa levita nun brazo, erguía o outro en sinal de perigo.

Camiñei cara a eles. Avantaban a gran velocidade, ambos os dous moi encarnados, ela con pasiños rápidos, el alancando. No seu rostro advertíase o mal humor e a fatiga.

A muller preguntoume deseguido:

—Señor, podería dicirme onde estamos? O imbécil do meu home perdeuse, malia porfiar en que coñecía perfectamente esta bisbarra.

Eu respondín con seguridade:

—Señora, van cara a Saint-Cloud e deixan atrás Versailles.

Ela retrucou, cunha ollada de compaixón irada dirixida ao seu home:

—Como! Deixamos atrás Versailles! Precisamente onde queríamos cear.

—Eu tamén vou cara a alí, señora.

Ela dixo varias veces, encollendo os ombreiros:

—Meu Deus, meu Deus, meu Deus! —con ese ton de soberano desprezo que teñen as mulleres para expresaren a súa exasperación.

Era moi nova, fermosa e morena, cunha sombra de bigote sobre os beizos.

En canto a el, suaba e enxugaba a fronte. Tratábase seguramente dun matrimonio de pequenos burgueses parisienses. O home parecía aterrado, derreado e desolado. Murmurou:

—Pero, querida, fuches ti...

Ela non o deixou acabar:

—Fun eu...! Ah, agora resulta que fun eu! Fun eu a que quixo saír sen indicacións, porfiando en que sempre acharía o camiño? Fun eu a que quixo coller á dereita no alto da costa, afirmando que coñecía o camiño? E fun eu a que me encarguei de Cachou...

Aínda non rematara de falar cando o seu home, coma se tolease, lanzou un berro agudo, un longo berro de salvaxe que non podería describirse en lingua ningunha, pero que soaba algo así como «tiiiititit».

A moza non amosou sorpresa nin emoción e continuou:

—Non, éche ben certo que hai xente estúpida de todo que sempre pretende saber o que esquece o vello. Fun eu a que o ano pasado colleu o tren de Dieppe no canto de coller o do Havre? Di, fun eu? Fun eu a que apostou que M. Letourneur vivía na rúa dos Martyrs...? Fun eu a que non quixo crer que Céleste era unha ladroa...?

E proseguiu con furia, cunha velocidade na lingua sorprendente, acumulando as acusacións máis diversas, máis

inesperadas e máis esmagadoras, adobiadas con todas as situacións íntimas da súa vida en común, reprochándolle ao home cada un dos seus actos, as súas ideas, as súas pintas, as súas tentativas, os seus esforzos, a súa vida des que casaran até o presente.

El tentaba coutala e apazugala e tateaba:

—Pero, queridiña... é inútil... diante do señor... Estamos a dar un espectáculo... Isto non lle interesa a este señor...

E dirixía os ollos queixosos cara ás matogueiras, coma se quixese sondar a profundidade misteriosa e apracible para lanzarse alí dentro, fuxir, agocharse de todas as olladas. Cadora e cando lanzaba outro berro, un «tiiiitit» prolongado, agudísimo. Interpretei este vezo como algún tipo de doenza nerviosa.

De pronto, a moza, virándose cara a min e cambiando de ton cunha rapidez singular, dixo:

—Se o señor nolo permite, camiñaremos canda el para non desnortarnos de novo e expoñernos a durmir no bosque.

Eu inclineime. Ela agarrou o meu brazo e deu en falar de mil cousas: dela, da súa vida, da súa familia, do seu comercio. Tiñan unha tenda de luvas na rúa Saint-Lazare.

O seu home camiñaba ao seu carón, sempre lanzando miradas de louco á espesura das árbores e berrando «tiiiitit» de cando en vez.

Por fin, preguntelle:

—Por que berra así?

El contestou cun aire consternado, desesperado:

—Perdín o meu pobre cadelo.

—Como? Que perdeu o cadelo?

—Perdín. Aínda non ten un ano. Nunca saíra da tenda. Quixen collelo para pasealo polo bosque. Nunca vira herbas nin follas e púxose coma un tolo. Botou a correr ladrando e desapareceu na fraga. Cómpre aclarar ademais que tivo moito medo no tren; se cadra por iso perdeu o tino. Por máis que o chamei, non volveu. Morrerá de fame aí dentro.

A moza, sen mirar para o seu home, engadiu:

—Se lle deixases a correa, isto non pasaría. Cando un é tan animal coma ti, non pode ter un can.

El musitou timidamente:

—Pero, querida, fuches ti...

Ela parou en seco e, fitándoo coma se lle fose arrincar os ollos, comezou a cuspirlle na cara infinitos reproches.

Caía a noite. O veo de brétema que cobre a campía co crepúsculo despregábase paseniño e unha poesía flotaba, feita desa sensación de frescura particular e encantadora que se espalla polos bosques cando se achega a noite.

De socato, o home detívose e poupou o corpo febrilmente:

—Oh! Creo que...

Ela mirou para el:

—Que pasou agora?

—Non reparei en que levaba a levita no brazo.

—E que?

—Perdín a carteira... cos cartos dentro.

Ele tremeu de cólera e acorou de indignación.

—Era o que nos faltaba! Es estúpido! Un completo estúpido! Como puiden casar con semellante idiota? Pois vaina buscar e procura atopala. Eu seguirei até Versailles co señor. Non teño gana de durmir no bosque.

El respondeu amablemente:

—Si, querida. Onde vos atoparei?

A min recomendáranme un restaurante que lle indiquei.

O marido deu a volta e, dobrado cara ao chan, que percorría con ollada ansiosa, e berrando seguido «tiiitiit», afastouse.

Tardou moito tempo en desaparecer. A sombra, máis mesta, borrábao ao lonxe da alameda. Axiña xa non se distinguía a silueta do seu corpo, pero seguíanse a oír os seus queixosos «tiiittiiit, tiiittiiit», máis agudos consonte a noite tornaba escura.

Eu camiñaba a paso lixeiro, un paso feliz no benestar do solpor, con aquela muller descoñecida que se apoiaba no meu brazo. Procuraba palabras galantes sen atopalas. Permanecín mudo, turbado, contento. Mais un gran camiño pronto cortou o noso avance. Á dereita dexerguei, nunha valgada, unha vila.

E logo que lugar era aquel?

Pasou un home. Pregunteille e respondeu:

—Bougival.

Fiquei desconcertado:

—Bougival? Está seguro?

—Xaora que o estou!

A muller riu coma unha tola.

Propúxenlle coller un coche para chegarmos a Versailles. Ela contestou:

—Ai, non. É divertido e teño moita fame. No fondo estou tranquila; o meu home dará atopado o camiño. Resúltame agradable liberarme durante unhas horas.

Así que entramos nun restaurante, na ribeira da auga, e atrevínme a coller un cuarto privado.

Ela embebedouse, abofé que si, e moito; cantou, bebeu champaña, fixo toda clase de loucuras... mesmo a meirande de todas.

Foi o meu primeiro adulterio!

A confesión

Marguerite de Thérèlles estaba ás portas da morte. Aínda que non tiña máis que cincuenta e seis anos, aparentaba cando menos setenta e cinco. Abarquiñaba, máis pálida que as súas sabas, sacudida por uns chuchos terribles, coa cara crispada e o ollar extraviado, coma se se lle aparecese unha horrible estantiga.

A súa irmá máis vella, Suzanne, que lle levaba seis anos, sotelaba axeonllada ao pé do leito. Nunha pequena mesa arrimada á cama da agonizante había dúas candeas acendidas encol dun pano, xa que esperaban a chegada do crego que debía administrarlle a unción dos enfermos e a última comunión.

A peza posuía ese aspecto sinistro que adoitan ter os cuartos dos moribundos, ese aire de desesperado adeus: redomas espaxadas por riba dos mobles e roupa ciscada polos currunchos, arrexuntada a patadas ou coas varredallas. As cadeiras en desorde tamén semellaban atemorizadas, coma se botasen a correr en todas as direccións. A temible morte estaba alí, agochada, expectante.

A historia das dúas irmás era entenrecedora. Era coñecida na contorna e fixera verter moitas bágoas.

Suzanne, a maior, fora amada xacando con gran paixón por un mozo a quen ela correspondía. Prometéranse e só agardaban o día fixado para o contrato cando Henry de Sampierre morreu de súpeto. Daquela, o desespero da rapaza foi horrible e xurou que non casaría endexamais. E cumpriu a súa palabra. Vestiu roupas de viúva e xa non as quitou.

Aconteceu entón que a súa irmá, a súa irmanciña Marguerite, que non tiña máis que doce anos, se lanzou unha mañá aos brazos da maior e lle dixo: «Irmá maior, non quero que sexas desgraciada. Non quero que chores toda a vida. Eu nunca te deixarei, nunca, nunca! Eu tampouco non casarei. Quedarei canda ti sempre, sempre, sempre».

Suzanne abrazouna, conmovida diante daquela abnegación infantil, mais non a creu. Pero a pequena respectou a súa promesa, e malia os rogos dos pais e as súplicas da irmá maior endexamais

casou. Era bonita, moi bonita, e rexeitou unha chea de mozos que lle facían as beiras. Nunca abandonou a irmá.

Viviron xuntas todos os días da súa existencia, sen se separar nin unha soa vez. Ficaron unha canda outra, inseparablemente unidas. Secasí, Marguerite decote semellaba triste, abatida, máis taciturna que a maior, coma se talvez o seu sublime sacrificio a desgraciase. Avellentou máis rápido, tornou cana aos trinta anos e, decontino indisposta, semellaba doente dun mal descoñecido que roía nela.

Arestora dispoñíase a morrer a primeira.

Non falaba desde había vinte e catro horas. Cos primeiros escintileos da aurora tan só dixera:

—Mandade chamar o señor cura; chegou a hora.

E permaneceu logo deitada barriga arriba, sacudida por espasmos, cos beizos axitados, coma se lle chegasen terribles palabras desde o corazón que non lle desen saído, coa ollada enlouquecida de pavor, unha escena arrepicante de ver.

A irmá, atormentada pola dor, lepeaba coma unha tola e coa fronte no bordo do leito repetía:

—Margot, coitadiña Margot, miña pequena!

Sempre lle chamara «miña pequena», igual que a máis nova lle chamaba a ela «irmá maior».

Sentíronse pisadas na escaleira. A porta abriuse. Apareceu un acólito, seguido dun vello crego en roquete. Non ben o viu, a moribunda sentou de inmediato, abriu os beizos, balbuciu dúas ou tres palabras e deu en furgar coas unllas coma se quixese escavar un foxo no lenzo.

O abade Simon achegouse, colleulle a man, bicouna na fronte e cunha suave voz dixo:

—Que Deus perdoe os teus pecados, filla. Ten valor, chegou a hora, fala.

Daquela, Marguerite, tremente da cabeza aos pés, sacudindo a cama co seus movementos nerviosos, farfallou:

—Senta, irmá maior, escoita.

O crego inclinouse cara a Suzanne, que continuaba abatida ao pé do leito, ergueuna, sentouna nunha poltrona e, agarrando nas súas mans unha man de cada irmá, dixo:

—Deus, noso Señor, dálles forza, verte sobre elas a túa misericordia.

E Marguerite deu en falar. As palabras saíanlle da gorxa unha a unha, roucas, medidas, coma afogadas.

—Perdón, perdón, irmá maior, perdóame! Oh, se soubeses como temín este momento toda a miña vida...!

Suzanne balbuciu, entre bágoas:

—Que teño que perdoarte, pequena? Déchesmo todo, sacrificaches todo; es un anxo...

Mais Marguerite interrompeuna:

—Cala, cala! Déixame falar..., non me cortes... É espantoso... Deixa que cho conte todo..., até o final... Non te movas... Escoita... Lembras... lembras a... Henry...?

Suzanne estremeceuse e fitou a irmá. A pequena continuou:

—Cómpre que o escoites todo para entender. Eu tiña doce anos, só doce anos, recordas, non si? Era unha mequeira, facía o que me petaba...! Lembras como me malcriaban...? Escoita... A primeira vez que el veu, levaba unhas botas acharoadas; apeouse do cabalo diante da escalinata e escusouse polo seu traxe, porque viña darlle unha nova a papá. Recordas, verdade...? Non digas ren... escoita. Cando eu o vin, fiquei marabillada porque me pareceu moi guapo, e quedei de pé nun recanto do salón mentres el falaba. Os nenos son estraños... e terribles... Oh, si...! Pensaba seguido nel!

»Retornou... varias veces... Eu comíao cos ollos, con toda a miña alma... Eu estaba medrada para o tempo que tiña... e era bastante máis loubana do que criades. El viña a miúdo... E eu só pensaba nel. E suspiraba para min: «Henry... Henry de Sampierre!».

»Despois dixeron que ía casar contigo. Foi un desgusto... Oh, irmá maior..., que desgusto..., que desgusto! Non durmín en tres noites, veña a chorar. El viña onda ti acotío, pola tarde, logo de

comer... Recordas, non si? Non digas nada..., escoita. Ti facíaslle uns pasteis que moito lle avegaban... con fariña, manteiga e leite... Oh! Eu sabía ben como os facías... Mesmo podería facelos agora, se cumprise. El engulipábaos dun bocado e a seguir bebía un vaso de viño... e logo dicía: «Están deliciosos». Lembras como dicía iso?

»Eu estaba celosa, moi celosa...! O momento da túa voda achegábase. Só faltaban quince días. Eu toleaba. Pensaba: «Non casará con Suzanne, non, non quero...! Son eu quen casarei con el cando medre. Nunca atoparei outro ao que ame tanto...». Pero unha noite, dez días antes das capitulacións, fuches pasear con el diante do castelo, unha noite de luar..., e alí..., debaixo do abeto, debaixo do grande abeto..., bicoute..., bicoute..., entre os seus brazos..., moito tempo... Lembras, non si? Se cadra era a primeira vez... si... Estabas tan pálida cando volviches ao salón!

»Eu axexaba; estaba alí, no macizo. Levábame a rabia! Se puidese, mataríavos alí mesmo!

»Pensei: «Nunca casará con Suzanne, endexamais! Non casará con ninguén. Eu sería unha desgraciada...». E de socato comecei a odialo terriblemente.

»E entón, sabes o que fixen...? Escoita. Vira como o xardineiro preparaba unhas albóndegas para matar os cans vadíos. Escachizaba unha botella cunha pedra e metía o vidro machucado nunha bóla de carne.

»Collín no cuarto da mamá un frasco deses das menciñas, esmagueino cun martelo e agochei o vidro no peto. Era un po brillante... Ao día seguinte, cando acabaches de facer os pasteliños, rompínos cun coitelo e puxen os cristais dentro... El comeu tres... Eu tamén comín un... Tirei os seis restantes no estanque... Os dous cisnes morreron tres días despois... Lembras...? Oh! Non digas ren..., escoita, escoita... Eu fun a única que non morreu..., mais sempre estiven enferma... Escoita... El está morto... Ben o sabes... Escoita... Isto xa non significa nada... Pero despois, máis tarde..., sempre..., o máis terrible... Escoita...

»A miña vida, toda a miña vida... Que tortura! Cavilaba: «Nunca abandonarei a miña irmá. E confesareino todo cando chegue a hora de morrer...». Arestora. E despois, sempre pensei

neste instante, neste instante no que cho contaría todo... E chegou... É terrible... Oh, irmá maior...!

»Decontino pensaba, mañá e tarde, día e noite: «Teño que dicirillo dunha vez...». Esperaba... Que suplicio!... Xa está feito... Non digas ren... Arestora, teño medo..., teño medo..., oh! Teño medo! Se o vou ver de novo, deseguida, cando estea morta... Volver velo... Imaxinas...? A primeira...! Non me atrevería... Cómpre... Vou morrer... Quero que me perdoes. Precísoo... Non podo ir onda el sen o perdón. Oh! Dígalle que me perdoe, señor cura, dígallo... Prégollo. Non quero morrer así...

Calou e ficou inando, sen parar de rascar a saba coas súas unllas crispadas...

Suzanne agochara a face entre as mans e non se movía. Pensaba nel, naquel que puido amar tanto tempo! Que boa vida terían! Volvía velo, naquel pasado murcho, naquel vello pasado que nunca se lograra. Queridos mortos! Como esgazan o corazón! Oh! Aquel bico, o seu único bico! Conservárao na alma. E logo nada, máis nada en toda a súa existencia...!

De súpeto, o crego ergueuse e cunha voz forte, vibrante, berrou:

—Señorita Suzanne, a súa irmá vai morrer!

Entón Suzanne, abrindo as mans, amosou o seu rostro alagado polas bágoas e, precipitándose sobre a súa irmá, bicouna con todas as súas forzas, balbucindo:

—Estás perdoada, estás perdoada, pequena...